36001; PONTEVEDRA; 93-002134; 11-12/92; 51408Pts.

36/080476858; BARCALA DIAZ JOSE MANUEL; RUA DOS CANTOS, 6 MOLDES; 36161 ; MOURENTE; 93-002135; 11-12/92; 51408Pts.

36/080485952; BENGAQUI --- MOHAMED; CASA MARINA - PAREDES; 36141; VILABOA; 93-002145; 12/92; 25704Pts.

36/080507574; SIMES ACUÑA LUIS; BDA PESCADORES 32; 36900; MARIN; 93-002149; 3,7-11/92; 154224Pts.

36/080562643; ALONSO COSTAS JOSE MANUEL; S VICENT TRANSM., 69; 36800; REDONDELA; 93-002151; 10-12/92; 77112Pts.

O Director Provincial, Xosé Ramón Núñez Ramos. 9023

AYUNTAMIENTOS

VIGO

EDITO

O Pleno da Corporación, na sesión do 26/5/94 aprobou definitivamente as "Ordenanzas Xerais de Protección do Medio Ambiente" que é do seguinte teor literal:

I.—DISPOSICIONS COMUNS AS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE PROTECCION DO MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE VIGO

Artigo 1:

As Ordenanzas de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo regulan, no ámbito das competencias municipais, a intervención administrativa sobre as actividades e situacións susceptibles de influír nas condicións ambientais deste municipio, co fin de protexer e preservar de efectos negativos a saúde humana, o medio natural e os espacios comunitarios.

Artigo 2:

Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigatoria observancia dentro do termo municipal de Vigo, todas as instalacións, aparellos, construccións, obras, vehículos, medios de transporte e, en xeral, todos os elementos, actividades e comportamentos que poidan ocasionar molestias ou perigosidade ó vecindario ou que modifiquen ou poidan modificar negativamente o estado natural do ambiente circundante.

Artigo 3:

Cando existan regulacións específicas de superior rango, as prescricións destas ordenanzas aplicaranse con suxeición ó principio de xerarquía normativa e como complemento daquelas.

Artigo 4:

A totalidade do ordenamento obrigará tanto ás actividades e instalacións de nova implantación como ás que se atopen en funcionamento, exercicio ou uso, sexan públicas ou privadas, de acordo co establecido, no seu caso, nas disposicións transitorias, e ás ampliacións, reformas, modificacións e traspasos das mesmas.

Artigo 5:

As esixencias que se establecen para a protección das condicións ambientais serán controladas a través da oportuna licencia ou autorización municipal axustada á normativa xeral, esixible de acordo coa devandita norma e ás presentes ordenanzas.

Artigo 6:

Corresponderá ó Concello de Vigo exercer o control do cumprimento das presentes ordenanzas e das prescricións que se establezan nas respectivas licencias e autorizacións, esixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado.

Concretamente e con independencia da intervención doutros organismos no ámbito das súas competencias, corresponde á alcaldía a concesión das licencias ou autorizacións previstas nestas ordenanzas, a vixilancia para o mellor cumprimento da normativa vixente e o exercicio da facultade sancionadora, a non ser nos casos en que estas estean atribuídas a outros órganos.

Artigo 7:

A concesión da licencia ou autorización municipal, esixible de acordo coa lexislación xeral e sectorial e/ou as presentes ordenanzas, requerirá informe técnico previo emitido polo servicio municipal correspondente no que se concretarán as condicións técnicas e medidas correctoras necesarias para o cumprimento das previsións destas ordenanzas e, no seu caso, a comprobación mediante as oportunas probas e medicións, anterior á entrada en funcionamento da respectiva actividade.

Artigo 8:

En todo caso, o incumprimento ou inobservancia das normas contidas nas ordenanzas ou das condicións sinaladas nas licencias ou en actos ou acordos baseados nas mesmas, quedará suxeito ó réxime sancionador previsto en cada unha delas.

Artigo 9:

Obtida a oportuna licencia ou autorización municipal, os servicios técnicos municipais farán unha visita de comprobación que versará sobre o cumprimento ou non das condicións das mesmas, as limitacións impostas e, no seu caso, a existencia de medidas correctoras e a súa eficacia, todo isto denantes da entrada en funcionamento ou uso.

Artigo 10:

O persoal técnico municipal e os axentes da Policía Municipal que teñan asignada esta tarefa, poderán realizar en calquera momento visitas de inspección para constancia do cumprimento das presentes ordenanzas, debendo cursar obrigatoriamente as denuncias que resulten procedentes.

Artigo 11:

A vixilancia, comprobación e inspección de que as actividades, instalacións e obras cumpren co establecido na normativa municipal e xeral aplicable, realizarase por persoal técnico do servicio correspondente, mediante visita ós lugares onde aquelas se achen, estando obrigada a persoa propietaria, titular ou usuaria das mesmas a permitir o acceso e facilitar o labor do persoal técnico na realización das operacións precisas para o cumprimento daquela finalidade.

Artigo 12:

Se o técnico-inspector apreciase o incumprimento da normativa aplicable ou a existencia de deficiencias, levantará acta, da que entregará copia á persoa propietaria titular, usuaria ou encargada, e/ou emitirá o oportuno informe, actuación que dará lugar á incoación do expediente no que, con audiencia da ou do interesado, esixirase a adopción de medidas ou a subsanación de deficiencias no prazo de un mes, salvo motivos de especial gravidade ou molestia e sen prexuízo de aplicar as sancións que procedesen.

Artigo 13:

Toda persoa natural e xurídica poderá denunciar diante do Concello a existencia de instalacións, aparellos, construccións, obras, vehículos e, en xeral, todos os elementos, actividades e comportamentos que contraveñan as prescricións destas ordenanzas.

O escrito de denuncia deberá conter, ademais dos requisitos esixidos pola normativa xeral para as instancias á Administración, os datos precisos para facilitaren ós servicios municipais a correspondente comprobación.

Nos casos de recoñecida urxencia poderá recorrerse de forma directa ós servicios municipais que teñan encomendada a atención do suposto que, previa comprobación inmediata, proporán á alcaldía a adopción das medidas necesarias.

O/a denunciante estará suxeito/a á responsabilidade en que puidese incorrer cando actúe con temeridade ou mala fe, sendo do seu cargo os gastos que orixine ó Concello.

As denuncias formuladas polos particulares darán lugar á incoación do oportuno expediente, no que, á vista das comprobacións e informes e previa audiencia ó denunciado, adoptarase a resolución que proceda, que será notificada ás persoas interesadas.

O disposto nos apartados anteriores enténdese sen prexuízo das denuncias que directamente sexan formuladas pola Policía Municipal no exercicio das funcións de policía que ten encomendadas.

Artigo 14:

Constitúen en todo caso infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan as normas contidas nestas ordenanzas, así como a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano. O prazo de prescripción comezará a computarse desde o día no que se tivese cometido a infracción ou, no seu caso, desde que a Administración competente tivese coñecemento da mesma.

Artigo 15:

Sen prexuízo da esixencia nos casos que proceda das correspondentes responsabilidades civís e penais, as infraccións a estas ordenanzas serán sancionadas pola alcaldía, agás nos casos en que esta facultade estea atribuída a outros órganos, dentro dos límites que a lexislación aplicable autorice, previa instrucción do oportuno expediente no que, en todo caso, se dará audiencia á persoa interesada e se observarán os principios do procedemento sancionador establecidos na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 16:

Con carácter xeral, para a graduación das respectivas sancións valoraranse conxunta e razoadamente as seguintes circunstancias:

A). Natureza da infracción.

B) Grao de perigo para persoas ou bens.

C) Grao de intencionalidade.

D) Reincidencia.

E) Capacidade económica da persoa infractora.

F). Gravidade do dano causado.

G) Carácter clandestino da actividade, instalación ou obra.

H) Demais circunstancias concorrentes que se estime oportuno considerar.

Agás que outra cousa se dispoña especificamente nas distintas ordenanzas, será considerado reincidente a/o titular ou particular que fose sancionada/o nos doce meses precedentes polo mesmo concepto unha ou máis veces.

Cando a lei non permita á alcaldía a imposición de sanción axeitada á infracción cometida, elevarase a oportuna e fundamentada proposta de sanción á autoridade competente.

En todo caso, con independencia das sancións que puidesen proceder, deberán ser obxecto de axeitado resarcimento dos danos que se causasen nos bens de dominio público, correspondendo a súa avaliación ós servicios correspondentes.

Con carácter xeral poderase propoñer motivadamente o precintado cautelar das actividades e instalacións nos casos de incumprimento e de acordo coas condicións específicas de cada unha das ordenanzas.

Artigo 17:

As actuacións derivadas das precripcións contidas nestas ordenanzas axustaranse ás disposicións sobre procedemento, impugnación e, en xeral, sobre réxime xurídico establecidos pola lexislación de Réxime Local.

DISPOSICIONS ADICIONAIS:

Primeira: As empresas prestadoras do servicio de limpeza viaria e de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos están obrigadas ó cumprimento das normas contidas na Ordenanza Municipal de Limpeza Pública e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, de aplicación preferente sobre calquera outra disposición e prescricións técnicas de prestación dos respectivos servicios, contidas nos pregos de condicións e correspondentes contratos actualmente concertados.

Segunda: O Concello, dentro dos obxectivos das presentes ordenanzas e sen prexuízo das súas competencias en materia de protección do medio ambiente, potenciará a iniciativa social e mellora do medio ambiente por parte de persoas e grupos de voluntarios, posibilitando e apoiando as súas actividades. Neste sentido, o Concello poderá recoñecer, tras o procedemento oportuno, o estatuto de entidades colaboradoras e persoas voluntarias a aquelas persoas físicas ou xurídicas que o soliciten.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS:

Primeira: As presentes ordenanzas serán de aplicación a toda instalación, construcción, obra, actividade e, en xeral, a todo elemento ou uso a establecer que resulte afectado polas súas precripcións, cando a solicitude de licencia ou autorización municipal sexa posterior á súa entrada en vigor.

Segunda: Quen á entrada en vigor das presentes ordenanzas se atope en posesión das oportunas licencias municipais, deberá adaptarse ás súas prescricións no prazo máximo de UN ANO.

Terceira: Sen prexuízo das infraccións en que puidesen incorrer, as instalacións dos xeradores de calor -reguladas na Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico- deberán axeitarse ás normas do Regulamento de Instalacións de Calefacción, Climatización e Auga Quente Sanitaria co fin de racionalizar o seu consumo enerxético, aprobado por Real Decreto 1618/1980 de 4 de Xullo, e instruccións complementarias, nos prazos fixados na IT.IC.-26, que serán firmes a efectos desta Ordenanza. Transcorridos os mesmos proporase o precintado das instalacións non adecuadas consonte ó disposto no artigo 77.f) desta Ordenanza. Tamén poderase propoñer motivadamente o precintado das actividades ou instalacións noutros casos de incumprimento do disposto nestas ordenanzas.

DISPOSICION DERROGATORIA:

Coa entrada en vigor das presentes ordenanzas, quedan derrogadas cantas normas municipais de igual rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co regulado nas mesmas.

En particular, derróganse o "Texto Refundido da Ordenanza Municipal sobre Ruídos e Vibracións", aprobado definitivamente o 27 de xuño de 1985 (B.O.P. 01/08/1985), o "Texto Refundido da Ordenanza Reguladora da Instalación de Contedores na Vía Pública", aprobada definitivamente 23 de Novembro de 1990 (B.O.P. 14/01/1991) e a "Ordenanza Municipal de Residuos Sólidos Urbanos", aprobada definitivamente en data 27 de xaneiro de 1993 (B.O.P. 04/03/1993).

DISPOSICIONS FINAIS:

Primeira: A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó destas ordenanzas que afecten ás materias reguladas nas mesmas, determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, das ordenanzas.

Segunda: Cando distintas normativas fixen valores diferentes sobre un mesmo concepto, aplicarase sempre o máis restrictivo.

Terceira: O Concello, á vista dos datos e resultados que subministre a experiencia na aplicación das ordenanzas promoverá, con carácter anual, as modificacións e/ou adaptacións que conveña introducir.

Cuarta: Estas ordenanzas entrarán en vigor, de conformidade co disposto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no prazo de 15 días hábiles a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación por acordo deste Concello.

II.—ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCION DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFÉRICO.

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1:

Enténdese por contaminación atmosférica, de acordo coas determinacións da lexislación vixente, tanto comunitaria como estatal, a introducción na atmósfera de substancias químicas ou biolóxicas, partículas ou formas de enerxía que produzan efectos nocivos que poidan poñer en perigo a saúde humana,

degradar os recursos biolóxicos e os ecosistemas, deteriorar os bens materiais ou prexudicar ou menoscabar os lugares de lecer ou outros usos lexítimos do medio ambiente.

Artigo 2:

Para a determinación de actividades potencialmente contaminantes do medio ambiente atmosférico estarase ó disposto no artigo 41 e seguintes do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 38/1972 de Protección do Ambiente Atmosférico, aprobado por Decreto 833/1975, así como nos seus correspondentes anexos.

Artigo 3:

As normas contidas nesta Ordenanza serán de aplicación a todos os elementos que constitúan ou poidan constituír un foco de contaminación atmosférica, consonte ás prescricións da lexislación á que se alude no artigo 2 -ou da vixente en cada momento- e das contidas na presente Ordenanza.

XERADORES DE CALOR

CONDICIONS DE INSTALACION E MANTEMENTO

Artigo 4:

Todas as instalacións de combustión, tanto as empregadas para calefacción e auga quente como as caldeiras de vapor, fogares, fornos e, en xeral, todas as instalacións de potencia calorífica superior a 25.000 Kcal/h, deberán cumprir as condicións desta Ordenanza. As instalacións de potencia calorífica inferior a 25.000 Kcal/h, pero que pola súa situación, características propias ou das súas chemineas de emisión supoñan, segundo informe dos servicios técnicos municipais, un risco potencial ou real de contaminación do aire ou especiais molestias para a vecindade, estarán obrigadas a adoptar as necesarias medidas correctoras que se establezan.

Artigo 5:

A instalación de xeradores de calor de uso industrial ou doméstico, tanto individual como colectivo, de potencia superior a 25.000 Kcal/h, requerirá licencia municipal e comprobación previa do seu funcionamento.

Sen embargo, quedarán excluídos os procesos de combustión que incidan directamente nas producción industriais, que se rexerán polo disposto no Decreto 833/1975, de 6 de Febreiro -ou disposición que o substitúa- e demais disposicións vixentes nesta materia.

Artigo 6:

Queda expresamente prohibida toda combustión que non se realice en lugares axeitados e provistos das pertinentes conducción de evacuación e equipos de depuración dos productos de combustión.

Artigo 7:

Os aparellos instalados corresponderán ós especificados na documentación presentada ó solicitar a licencia municipal e deberán en todo caso corresponder a tipos previamente homologados.

Artigo 8:

Toda substitución ou transformación das instalacións xa establecidas, colocación de caldeiras, cambios de combustible e, en xeral, cantas modificacións afecten de maneira importante ás instalacións, deberá adaptarse ó establecido para as novas instalacións.

Artigo 9:

Os xeradores de calor de uso doméstico cumprirán cos límites de emisións especificados nesta Ordenanza.

O índice máximo de opacidade de fumes autorizado será de 1 na escala Ringelman ou 2 na escala Bacharach.

Por excepción, estes límites poderán ser superados no dobre en caso de instalacións de combustibles sólidos durante o encendido dos mesmos e por un tempo máximo de media hora.

Artigo 10:

No caso dos xeradores que utilicen combustibles líquidos, o tanto por cento de CO_2 dos fumes deberá estar en todo momento comprendido entre o 10% e o 13%, medido á saída da caldeira.

Artigo 11:

As instalacións que teñan unha potencia superior ás 25.000 Kcal./h., deberán obrigatoriamente ser conservadas e revisadas por empresas ou entidades que teñan o carné ou autorización do Ministerio de Industria e Comercio, e deberán estas notificar por escrito este extremo ó Concello de Vigo no prazo máximo de UN MES a contar desde a sinatura do contrato de conservación correspondente. Estas firmas serán responsables do correcto funcionamento das instalacións verbo do cumprimento de todas as normas fixadas nesta ordenanza, estando obrigadas, como mínimo, a realizar unha revisión e control de funcionamento mensualmente.

Artigo 12:

Nas instalacións de potencia total superior a 250.000 Kcal/h, a persoa titular estará obrigada a dispoñer do libro de mantemento establecido na IT. IC. 22, no que o instalador ou conservador autorizado fará constar as revisións efectuadas na instalación e os resultados obtidos nas mesmas, así como calquera outro incidente ou avaría relacionado co funcionamento da instalación.

En especial, no devandito libro rexistraranse as revisións dos xeradores indicados no artigo anterior que, cando se teñan realizado correctamente serán considerados como circunstancia atenuante nas inspeccións que dean lugar á imposición, no seu caso, das correspondentes sancións.

Artigo 13:

Os xeradores de calor terán como mínimo os rendementos que determine a normativa vixente en cada momento. Na actualidade rexerán os especificados na táboa que figura no **Anexo I-1** desta ordenanza, en tanto por cento, funcionando á súa potencia útil e referidos ó poder calorífico inferior PCI do combustible.

Artigo 14:

Cando o rendemento de combustión de calquera xerador de calor sexa inferior ó 75%, a persoa titular ou titulares da actividade estarán obrigadas a substituír os elementos defectuosos, a trocar a instalación ou, en todo caso, a adoptar as pertinentes medidas correctoras ata que o rendemento supere a porcentaxe indicada.

Artigo 15:

O funcionamento e as instalacións dos xeradores de calor axustaranse ás normas do Regulamento de Instalacións de Calefacción, Climatización e Auga Quente Sanitaria, co fin de racionalizar o seu consumo enerxético e instruccións técnicas complementarias, IT.IC.

DISPOSITIVOS DE CONTROL E EVACUACION

Artigo 16:

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza, as novas instalacións deberán ter dispositivos axeitados nos tubos e conduccións de fumes, caldeira, etc., que permitan efectuar a medición da depresión na cheminea e caldeira, temperatura de gas e a toma de mostras e análise dos gases de combustión, e cantos controles sexan necesarios para comprobar as condicións do seu funcionamento.

A cheminea deberá estar provista dun burato de diámetro non inferior a 5 cm., situado no lugar apropiado para poder realizar as medidas tal e como se indica nos artigos seguintes.

Artigo 17:

As medicións e tomas de mostras en chemineas realizaranse nun punto tal que a distancia a calquera perturbación do fluxo gaseoso sexa como mínimo de 8 diámetros no caso de que a perturbación estea antes do punto de medida segundo a dirección do fluxo, ou de 2 diámetros se se atopa en dirección contraria (en particular, da boca de emisión).

Se a cheminea ten sección rectangular determinará o seu diámetro equivalente de acordo coa seguinte fórmula:

$$D = 2 \times \frac{(a \times b)}{a + b}$$

sendo a e b os lados da boca da cheminea.

No caso de encontrarse con dificultades extraordinarias para manter as distancias antes requeridas, estas poderán diminuírse procurando conservar unha relación de un a catro, co obxecto de que a desviación das condicións idóneas sexa mínima. Debe terse en conta que a diminución das distancias por baixo dos valores de oito e dous diámetros, respectivamente, obriga a un maior número de puntos de medición e mostreo na sección da cheminea, co obxecto de manter a exactitude nos resultados finais.

En calquera caso, nunca se admitirán valores inferiores a 2 e 0,5 diámetros para as distancias entre o punto de toma de mostra e calquera perturbación anterior ou posterior, respectivamente.

Todas as dimensións que se refiren ás seccións da cheminea deberán entenderse como dimensións interiores.

Artigo 18:

Os buratos circulares que se practiquen nas chemineas para facilitaren a introducción dos elementos necesarios para novas medicións e toma de mostras estarán dotados dun "casco roscado" de 100 mm. de lonxitude ou maior, que permita acoplar a tapa correspondente. Este casco irá soldado a tope (para o caso de cheminea metálica) ou "ancorado" (cheminea de obra).

Nas conexións disporanse as tapas metálicas, macho e femia, correspondentes.

No caso de chemineas rectangulares, este número será de tres, dispostos sobre o lateral de maiores dimensións e nos puntos medios dos segmentos que resultan de dividir en tres partes iguais.

Nas chemineas de diámetro interior, real ou equivalente, inferior a 70 cm só se disporá unha conexión para medición e mostraxe.

Artigo 19:

O rexistro para a toma de mostras deberá ser accesible, para a fácil comprobación e instalación dos aparellos de medida, de maneira que o persoal de inspección poida operar normalmente e sen risco de accidentes.

Se fose necesario deberá instalarse unha plataforma que dispoña da correspondente "varanda" e rodapé de seguridade.

Artigo 20:

Cando se ache instalado no conducto un sistema depurador de fumes, a cheminea ou conducto de evacuación deberá posuír necesariamente un burato anterior e, cando fose posible, outro posterior, ás distancias mínimas sinaladas respecto ó devandito sistema depurador.

Así mesmo, deberá dispoñer dos medios de regulación e optimización da combustión axeitados ou dispositivos no circuíto de combustión, a fin de reducir ó mínimo a saída ó exterior de fumes e po, tanto durante o encendido como no réxime normal de marcha. Na documentación que se achegue á petición de licencia deberá incluírse a descrición destas características.

Artigo 21:

A evacuación de po, gases, vapores e fumes, producto de combustión ou de actividades, realizarase sempre a través dunha cheminea axeitada. A súa desembocadura sobrepasará en un metro a altura do edificio máis alto, propio ou lindante, nun radio de 15 metros.

Cando se trate de xeradores de calor de potencia superior a 50.000 Kcal/h a desembocadura estará a nivel non inferior ó do bordo superior do oco máis alto, visible desde a mesma, dos edificios situados entre 15 e 50 metros.

Artigo 22:

Os cuartos de caldeiras disporán dunha ventilación mínima de 0,5 m2 por cada 10.000 Kcal.

Artigo 23:

Os sistemas de depuración cumprirán a normativa vixente no relativo a eliminación de resíduos que os mesmos xeren e, especialmente, no caso de depuradores por vía húmida, non poderá verterse á rede de sumidoiros a auga residual dos mesmos cando o se pH estea fóra do intervalo entre 6 e 9,5 ou o resto das concentracións máximas instantáneas non excedan das permitidas.

COMBUSTIBLES

Artigo 24:

Os xeradores de calor autorizados utilizarán como combustibles os fixados no Decreto 2204/1975, e especificamente no caso de combustibles líquidos utilizarase o gasóleo C con carácter xeral e no de combustibles sólidos estarase conforme o previsto no Anexo IX da mesma disposición.

Os elementos xeradores de calor, caldeiras e queimadores, utilizarán o combustible para o que foron deseñados. Non poderán mesturarse con outras materias non autorizadas. Só se poderán utilizar outros combustibles cando se manteñan os rendementos indicados no artigo 14 desta ordenanza, e sempre que o novo

combustible teña un menor poder contaminante.

Nas instalacións de xeradores de calor que utilicen carbón como combustible estará permanentemente a disposición da inspección municipal o certificado de calidade a que fai referencia o artigo 7 do Decreto 2204/1975.

Artigo 25:

Soamente se permitirá o uso de fuel-oil número 1 cando se dean simultaneamente as seguintes condicións:

A) Que se trate de instalacións de tipo industrial, isto é, que non poidan utilizarse para uso de calefacción ou auga quente sanitaria.

B) Que as industrias estean situadas fóra das zonas que poidan, no seu caso, ser declaradas de atmósfera contaminada.

C) Que se acredite debidamente que o emprego deste combustible representa un aforro económico considerable na súa producción mediante certificado do organismo competente en materia de Industria.

D) Que non se superen no seu contorno os niveis de inmisión aplicando os criterios de calidade do aire nas condicións que o Decreto 833/1975 fixa para a declaración de atmósfera contaminada, segundo as medicións que efectúe o servicio municipal competente.

Cando se produza unha situación de emerxencia conforme ó establecido no Título IV do Decreto 833/1975, de 6 de febreiro, estarase de acordo co previsto no mesmo e no Decreto 2204/1975, de 23 de agosto, polo que se tipifican as características, calidades e condicións de emprego de combustibles carburantes.

ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS

Artigo 26:

A evacuación do aire quente ou enrarecido, producto do acondicionamento de locais realizarase de xeito que cando o volume do aire evacuado sexa inferior a 0,2 m3/s o punto de saída do aire distará, como mínimo, 2 m de calquera oco de ventá situada no plano vertical.

Se este volume está comprendido entre 0,2 e 1 m3/s, distará como mínimo 3 m de calquera fiestra situada no plano vertical e 2 m no plano horizontal situada no seu mesmo parámetro. Así mesmo, a distancia mínima entre a saída e o punto máis próximo de calquera fiestra situada en distinto parámetro

será de 3,5 m Se ademais se sitúan en fachadas, a altura mínima sobre a beirarrúa será de 2 m e estará provista dunha reixa de 45º de inclinación que oriente o aire cara a arriba.

Para volumes de aire superiores a 1 m3/s, a evacuación terá que ser a través de cheminea de altura superior a 1 m respecto do edificio máis alto, próximo ou lindante, nun radio de 15 m e en todo caso con altura mínima de 2 m.

Artigo 27:

Todo aparello ou sistema de acondicionamento que produza condensación terá necesariamente unha recollida e conducción de auga eficaz que impida que se produza goteo ó exterior.

Artigo 28:

A evacuación de gases no punto de saída ó exterior terá unha concentración de CO inferior a 30 p.p.m. En ningún caso poderá sobresaír dos parámetros de fachada á vía pública ou espacios libres exteriores, nin constituír un elemento discordante na composición.

Cando por condicións de inmisión admisibles nunha actividade específica, as concentracións en evacuación superen as 30 p.p.m. de CO deberá presentarse, para a súa aprobación, proxecto de sistema de evacuación no que se garanta que non se encontrarán concentracións maiores a 30 p.p.m. en ningún punto de acceso ó público.

Artigo 29:

Cando as diferentes saídas ó exterior estean en fachadas distintas ou a máis de 5 m de distancia, consideraranse independentes.

Nos demais casos aplicaranse efectos aditivos, para o que se considerará:

1º.- Como concentración a media ponderada das obtidas en cada unha das saídas ás que se apliquen os citados efectos e,

2º.- Como caudal a suma dos caudais de cada unha delas.

Artigo 30:

Verbo da evacuación de gases e po estarase o establecido no artigo 39 da presente ordenanza.

FOCOS DE ORIXE INDUSTRIAL

Artigo 31:

Na elaboración de plans que desenvolvan o P.X.O.U. e afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preceptivo un estudio sobre a previsible contaminación atmosférica da zona e condicións para a súa eliminación en todo ou en parte.

Artigo 32:

Os titulares de industrias consideradas como potencialmente contaminadoras, conforme ó disposto no Decreto 833/1975, estarán obrigados, no caso de novas instalacións, a presentar entre a documentación necesaria para solicitar licencia, a relativa a materias primas, maquinaria, proceso de fabricación e sistema de depuración de efluentes gaseosos que poidan afectar á emisión de contaminantes á atmósfera, e información técnica detallada das medidas correctoras e dos sistemas de depuración.

Para o outorgamento da correspondente licencia será imprescindible informe técnico previo emitido por persoal técnico competente, no que se concretarán as condicións técnicas e medidas correctoras así como a súa comprobación mediante as oportunas probas e medicións, anterior sempre á entrada en funcionamento da respectiva actividade e conforme ó procedemento establecido para actividades clasificadas.

As actividades deste xeito autorizadas estarán suxeitas a vixilancia permanente por parte deste Concello.

Artigo 33:

Cando a concentración de actividades nunha zona determinada, ou cando as características propias das existentes ocasionen unha saturación dos niveis de inmisión establecidos para a contaminación atmosférica, o Concello Pleno poderá declarar a zona como "ambientalmente protexida".

Nas zonas declaradas ambientalmente protexidas, o Concello poderá establecer, para novas actividades ou ampliación das existentes, limitacións máis restrictivas que as indicadas nesta ordenanza, e mesmo denegar a licencia solicitada a non ser que

se formulen conxuntamente as licencias de actividade e instalación e de obras e se aporte un Estudio de Impacto Ambiental no que a persoa solicitante demostre claramente que as condicións de instalación e funcionamento da actividade non orixinarán modificación ningunha nos niveis de inmisión existentes.

O incumprimento das especificacións indicadas no Estudio de Impacto Ambiental presentado será causa de clausura inmediata da actividade.

Artigo 34:

Tanto as novas instalación como as actualmente en funcionamento deberán ter rexistros para a toma de mostras similares ós referidos nos artigos 16 e seguintes.

Artigo 35:

Naquelas industrias nas que sexa necesario realizar medidas en lugares pouco accesibles, os titulares da actividade estarán obrigados a instalar unha pla-

taforma ou andamiaxe provisional de doado acceso. Estes elementos situaranse no lugar que determine a inspección e irán provistos dunha toma de corrente de 220-380 V, de iluminación suficiente e condicións mínimas de seguridade.

Artigo 36:

Os límites de emisión, entendida como a concentración máxima admisible de cada tipo de contaminantes, segundo cada caso, serán os especificados no Anexo IV do Decreto 833/1975 ou na normativa especial aplicable vixente.

Artigo 37:

Mentres non sexan publicados os sistemas oficiais de medida e rexistro para cada contaminante, os servicios municipais competentes do Concello determinarán, provisoriamente, o máis idóneo, tendo en conta as características particulares de cada caso e as técnicas de medida internacionalmente aceptadas e, en particular, tomando como base as normas da "Environmental Protection Agency (EPA)".

Artigo 38:

Cando existan xeradores de calor situados en recintos industriais para usos de calefacción e auga quente sanitaria, aplicarase o establecido nos artigos 4 e seguintes desta ordenanza.

Artigo 39:

A evacuación de efluentes gaseosos (gases, po, partículas, etc.) á atmósfera realizarase a través de chemineas que cumprirán co especificado no Anexo II da Orde do Ministerio de Industria e Comercio, de 18 de outubro de 1976, sobre prevención e corrección da contaminación industrial da atmósfera. En todo caso cumprirase co establecido no artigo 21 desta ordenanza.

Artigo 40:

Sen prexuízo de que conforme ó artigo 27 do Decreto 833/1975, cando o Ministerio competente o estime conveniente se instalarán equipos fixos de medición de emisións de contaminantes con rexistrador incorporado, se o servicio municipal competente en materia de contaminación atmosférica o considera necesario poderá solicitar a instalación deste tipo de medidas.

Artigo 41:

As persoas titulares das industrias estarán obrigadas a ter no seu poder e a disposición do persoal técnico inspector municipal o libro de rexistro a que se refire o artigo 33 da Orde do Ministerio de Industria e Comercio de 18 de outubro de 1976, no que se anoten as revisións periódicas e resultados obtidos das emisións que efectúen, de acordo coa normativa legal.

ACTIVIDADES VARIAS
GARAXES, APARCAMENTOS E TALLERES
VENTILACION:

Artigo 42:

Todos os garaxes, aparcamentos e talleres de reparación de automóbiles, tanto públicos como privados, deberán dispoñer de ventilación suficiente para garantir que en ningún punto dos mesmos poida producirse acumulación de contaminantes debido ó funcionamento dos vehículos.

As medidas adoptadas para a distribución de aire interior deberán conquerir que en ningún punto dos locais poidan acadarse concentracións de monóxido de carbono superiores a 50 p.p.m.

Nos casos de ventilación natural deberán dispoñer de conductos ou ocos de aireación en proporción de un metro cadrado por cada 200 m2 de superficie do local.

Os servicios municipais comprobarán nestes supostos que esta ventilación é suficiente para manteren, nas condicións máis favorables, os límites de concentración por baixo do nivel marcado no punto anterior. En caso contrario, poderá esixir a instalación de ventilación forzada ou a ampliación da natural.

As instalación de ventilación forzada deberán garantir un mínimo de 6 renovacións hora.

Artigo 43:

Cando, malia cumpriren coas disposicións desta ordenanza no que a ventilación se refire, se superasen os límites de inmisión admisibles en lugares habitados próximos á actividade, os servicios municipais esixirán as medidas correctoras necesarias para evitaren estas situacións.

Artigo 44:

Nos talleres onde se realicen operacións de pintura deberá de dispoñerse de cabinas axeitadas coa correspondente extracción de aire, que se realizará a través de chemineas regulamentarias. En calquera caso, non poderán acadarse na saída da cheminea concentracións superiores ás fixadas na normativa vixente para os contaminantes que emitan, debendo dispoñer, cando sexa necesario, dos sistemas de depuración axeitados para evitar superar estes niveis de emisión.

DISPOSITIVOS DE CONTROL E EVACUACION

Artigo 45:

Será preceptivo dispoñer dun sistema de detección e medida de monóxido de carbono debidamente homologado, directamente conectado ó sistema de

ventilación forzada e regulados para que en ningún caso as concentracións superen o límite antes citado.

O número de detectores estará en función da superficie, debendo existir candomenos un por planta, situados entre 1,50 e 2 m de altura respecto do chan e en lugares representativos.

Cada local deberá dispoñer dunha toma de mostras por cada 300 m2 de superficie ou fracción.

O número de tomas acoplables a cada detector estará en función da lonxitude das conexións e do tempo de barrido, de acordo cos seguintes criterios:

A) Deberá procederse á analise da calidade do aire en cada toma cada dez minutos como máximo.

B) A duración da mostraxe será tal que permita, previo limpado da conducción, a análise do aire circundante á toma de mostras nese momento.

Artigo 46:

A extracción forzada do aire en garaxes, aparcamentos e talleres de reparación de vehículos deberá realizarse por chemineas axeitadas que cumpran coas condicións fixadas no artigo 26 desta ordenanza.

OUTRAS ACTIVIDADES

Artigo 47:

Queda prohibida tanto en fincas privadas como en establecementos públicos en xeral, a instalación de xeradores ou fornos incineradores de residuos urbanos ou de outra índole, e a incineración non controlada de residuos en todo o termo municipal.

Non obstante, cando razóns de carácter sanitario ou problemas para a saúde pública o aconsellen, poderanse autorizar instalacións de incineración en establecementos como hospitais, clínicas, sanatorios, etc., que cumpran estrictamente e en todo momento cos límites de emisión establecidos e, así mesmo, teñan chemineas independentes doutros xeradores e a súa altura e situación respeten ó preceptuado nesta ordenanza.

Este tipo de instalacións deberán contar coa previa e preceptiva autorización municipal expresa, que en calquera momento poderá ser revocada se o seu funcionamento ocasiona emisións anormais por incumprimento das condicións esixibles.

Artigo 48:

Nas industrias de fabricación de pan e productos de alimentación (obradoiros, torradores de café, churrerías, fábricas de patacas fritas, etc.) ademais de cumpriren os xeradores alí instalados co disposto nesta ordenanza, non se permitirán ventás, bufardas ou similares practicables que poidan poñer en comunicación directa o recinto industrial coa atmósfera. A ventilación e extracción de aire enrarecido realizarase mediante cheminea que cumpra as mesmas condicións que as de expulsión de fumes dos xeradores.

Artigo 49:

Nos establecementos de hostelería como bares, cafeterías, etc., independentemente dos equipos de acondicionamento do aire regulamentarios, cando nos mesmos se realicen operacións de preparación de alimentos que orixinen gases, fumes e olores, estarán dotados de ventilación mediante chemineas que cumpran co previsto no artigo 26 da presente ordenanza. Aquelas actividades situadas en edificios de vivendas disporán de chemineas independentes para a saída dos gases, fumes e olores.

Artigo 50:

Nas industrias de limpeza de roupa e tinturerías, esixiranse chemineas de ventilación dos locais ademais das propias dos xeradores de calor e aparellos de limpeza. En determinados casos e mediante autorización municipal expresa poderase prescindir de cheminea nos equipos de limpeza de roupa, sempre que estean dotados de depuradores axeitados, que deberán estar homologados e autorizados polo órgano non municipal competente. Considérase como máxima concentración permisible en ambiente as 50 p.p.m. de percloroetileno.

Artigo 51:

As instalacións de tipo provisorio ou temporal de plantas de aglomerados asfálticos para atender a determinadas obras públicas deberán dispoñer da correspondente autorización ou licencia municipal, debendo axustarse a súa tramitación ó previsto no Decreto 833/1975, de 6 de febreiro, e respetarse os niveis de emisión.

VEHICULOS DE MOTOR

NORMAS XERAIS

Artigo 52:

Os usuarios dos vehículos de motor que circulen dentro do termo municipal de Vigo deberán vixiar e comprobar o bo funcionamento dos motores destes , co fin de reducir a contaminación atmosférica que producen, cumprindo cos límites previstos pola normativa vixente á que se alude nos Anexos I-2 e I-3.

LIMITES DE EMISION

Artigo 53:

Os valores límite tolerados con carácter xeral para os vehículos Diesel son os que fixa a normativa

oficial vixente e que se recollen no Anexo I-2 desta ordenanza.

Artigo 54:

Todos os vehículos automóbiles con motor de encendido de chispa deberán cumprir cos límites de emisión de monóxido de carbono fixados no Decreto 3025/1974 e recollidos no Anexo I-3 desta ordenanza.

Artigo 55:

Nas inspeccións técnicas que se realicen para comprobar os niveis de emisión dos vehículos utilizaranse os procedementos que figuran nos Anexos I-2 e I-3 desta ordenanza.

CONTROL

Artigo 56:

Todos os vehículos automóbiles con motor Diesel serán sometidos con carácter anual a inspección técnica para coñecer o seu estado de funcionamento no que se refire á emisión de fumes á atmósfera, e adoptar cando cumprise as medidas correctoras oportunas. Para esta revisión teranse en conta as instruccións do Anexo I-4.

Cando voluntariamente os vehículos con motor de encendido por chispa se sometan a revisión nun dos Centros Oficiais de Control e os resultados obtidos fosen favorables, estes serán cualificados igualmente como "vehículos controlados".

As inspeccións, ás que se refiren ós números anteriores, efectuaranse nos Centros Oficiais que define o Decreto 3025/1974 no seu artigo 7.

A cualificación de vehículos controlados terá un ano de vixencia durante a que os que a obtivesen non serán sancionados en primeira instancia e disporán dun prazo para a súa corrección cando fosen requeridos para isto.

O certificado de control considerarase válido ata un mes depois da súa caducidade, sempre que se tivese presentado petición de revisión previa á mesma e a data concertada para aquela estea dentro do mes de prórroga.

Artigo 57:

Os vehículos de motor de encendido por chispa poderán ser detidos en todo lugar e ocasión por axentes da Policía Municipal co obxecto de proceder á medición das emisións de escape por inspectores do servicio municipal competente, que entregarán ó/á conductor/a do vehículo a correspondente acta co resultado do ensaio, que en caso de superar os límites admisibles dará lugar ó correspondente expediente sancionador.

Artigo 58:

Os axentes da Policía Municipal deberán formular denuncia contra aqueles vehículos con motor Diesel cando as súas emisións de fumes superen ó seu xuízo, os límites fixados no Anexo I-2 desta ordenanza. A estes efectos, non se tomarán en consideración as emisións de fumes momentáneas que se produzan como consecuencia da posta en marcha, aceleracións e cambios de velocidade.

Artigo 59:

Se no momento da denuncia se acreditase ós axentes da Policía Municipal a cualificación do vehículo como controlado, estarase ó disposto no parágrafo cuarto do artigo 56.

Artigo 60:

Cando a xuízo dos axentes exista presunción manifesta de emisións de fumes que excedan os límites autorizados, esixirase ó/á titular do vehículo a presentación do mesmo nun dos Centros Oficiais de Control, no prazo máximo de quince días, entregándolle ó efecto o correspondente volante.

Artigo 61:

Se a xuízo destes mesmos axentes esas emisións resultasen abusivas, obrigarase a ou ó conductor do vehículo a dirixir este a un Centro de Control Oficial nese mesmo momento, acompañada/o polo/a axente, a fin de verificar as súas emisións sen facer posible a manipulación do seu motor.

Artigo 62:

Toda empresa que dispoña dun parque de 5 ou máis vehículos Diesel que circulen decote polo termo municipal de Vigo deberán presentar no servicio municipal competente un programa detallado de mantemento dos seus vehículos, que deberá ser aprobado e controlado por ese mesmo servicio.

Artigo 63:

No cumprimento dos seus labores de vixilancia, os axentes da Policía Municipal poderán situarse á saída dos parques de automóbiles de empresas de calquera tipo, con número de vehículos Diesel superior a 5, para recomendaren a non saída á vía pública daqueles que ó seu parecer presenten emisións excesivas. En caso de non ser atendida esta recomendación, os axentes actuarán de acordo cos artigos anteriores.

Artigo 64:

Os ensaios para a medida da opacidade de fumes nos Centros Oficiais de Control, deberá presentarse o vehículo co carburante habitual do mercado, sen ningún tipo de aditivo.

No caso de sospeitar o persoal técnico inspector a presencia destes no carburante empregado, poderá extraerse unha mostra en cantidade inferior a un litro para a súa posterior análise, non sendo válida a inspección realizada ata que os resultados da mesma confirmen as características do carburante.

SITUACIONS ESPECIAIS DE EMISION

Artigo 65:

Cando se considere probable acadar niveis de inmisión superiores ós tipificados no Anexo I-5, declararase pola Alcaldía a situación de ALERTA ATMOSFÉRICA, previa proposta do servicio competente.

Artigo 66:

No caso de declararse a situación de ALERTA ATMOSFÉRICA, adoptaranse as medidas que se describen no Anexo I-6 ou aqueloutras que se consideren convenientes de acordo coas características da situación.

Artigo 67:

A declaración de situación de ALERTA ATMOSFÉRICA daráselle a máxima divulgación de xeito inmediato, coa especificación das medidas que deban adoptarse segundo a gravidade e persistencia da devandita situación.

Coa mesma urxencia e amplitude divulgarase o cesamento da situación de ALERTA ATMOSFÉRICA, que tamén será declarado pola Alcaldía.

RÉXIME DISCIPLINARIO

NORMAS XERAIS

Artigo 68:

A vixilancia do cumprimento do establecido na presente ordenanza realizarase polo persoal competente do Concello de Vigo mediante visitas de inspección ós focos fixos de emisión, estando obrigados os titulares dos mesmos a permitir o emprego de dispositivos medidores e a realización de cantas operacións sexan precisas para o cumprimento daquela finalidade.

Se o persoal técnico-inspector apreciase o incumprimento da normativa aplicable, levantará acta (da que entregará copia á persoa interesada), dando lugar á incoación de expediente no que, con audiencia da persoa interesada e sen prexuízo de aplicar o correspondente réxime disciplinario, determinaranse as medidas correctoras necesarias.

Artigo 69:

Calquera persoa natural ou xurídica poderá denunciar diante do Concello a existencia de focos contaminadores que contraveñan as prescricións desta ordenanza.

O escrito de denuncia deberá conter xunto cos requisitos esixidos pola normativa xeral para as instancias á Administración, os datos precisos para facilitaren ós servicios municipais a correspondente comprobación.

Nos casos de recoñecida urxencia poderá recorrerse directamente ós servicios municipais que teñan encomendada a atención destes supostos, os que, previa comprobación inmediata, adoptarán as medidas de emerxencia necesarias.

A persoa denunciante incorrerá en responsabilidade cando actúe con temeridade ou mala fe, sendo nestes supostos da súa conta os gastos que se poidan orixinar.

Toda denuncia formulada polos particulares, logo da oportuna comprobación administrativa, dará lugar á incoación do oportuno expediente, debéndose notificar ás persoas interesadas as resolucións a se adoptaren.

INFRACCIONS

Artigo 70:

Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nesta ordenanza, así como a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que a mesma regula.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves conforme ás determinacións que para cada foco contaminador establecen os artigos seguintes.

XERADORES DE CALOR, INDUSTRIAS E ACTIVIDADES

Artigo 71:

En relación con estes focos de contaminación considéranse infraccións leves:

a).- Carecer do regulamentario rexistro para a toma de mostras ou que o mesmo non cumpra coas prescricións da presente ordenanza.

b).- Cando o índice opacimétrico sinalado para a emisión de fumes, medido na escala de Bacharach estea comprendido entre 2 e 4 inclusive.

c).- Non cumprir co tanto por cento de CO2 especificado no artigo 10 da ordenanza relativo a combustibles líquidos.

d).- Superar os límites de emisión fixados pola lexislación vixente en materia de contaminantes atmosféricos, sen rebordar o dobre daqueles.

Terán a consideración de infraccións graves:

a).- A reincidencia en infraccións leves.

b).- Cando o índice opacimétrico de fumes emitidos, medido na escala de Bacharach, estea comprendido entre 4 e 7 inclusive.

c).- Non adoptar as medidas correctoras no prazo ordenado.

d).- Superar en máis do dobre e menos do triple os límites de emisión fixados pola lexislación vixente.

e).- O funcionamento de xeradores de calor cun rendemento mínimo inferior ata nun 5% do valor absoluto dos límites fixados.

f).- Non dispoñer do certificado de calidade previsto no artigo 24 desta ordenanza.

Considéranse infraccións moi graves:

a).- A reincidencia en infraccións graves.

b).- Cando o índice opacimétrico de emisión de fumes medido na escala Bacharach sexa superior a 7.

c).- Superar en máis do triple, por dúas ou máis veces, os límites de emisión fixados na lexislación vixente para os contaminantes atmosféricos.

d).- O funcionamento de xeradores de calor cun rendemento mínimo de máis dun 5% do valor absoluto dos límites fixados.

e).- O consumo de combustible distinto ó autorizado para o seu uso consonte ó establecido no Decreto 2204/1975, de 23 de agosto, ou non permitir a toma de mostras.

VEHICULOS DE MOTOR

Artigo 72:

En relación cos vehículos de motor, tanto de encendido por chispa como Diesel controlados, consideraranse infraccións leves:

A).- A emisión polos vehículos de motor de encendido por chispa do 5 ó 7,5% en volume de monóxido de carbono, e polos vehículos de motor Diesel ata 10 unidades Hartridge ou os seus equivalentes en unidades Bosch ou unidades absolutas, segundo a potencia do motor de que se trate, por enriba dos niveis establecidos nos Anexos I-3 e I-2.

B).- O simple retraso na presentación do vehículo á inspección oficial.

Se esta fose esixida en virtude da denuncia á que se refire o artigo 58 da presente ordenanza, entenderase que existe simple retraso cando o vehículo fose presentado dentro dos 15 días seguintes ó prazo mencionado no devandito artigo.

Terán a consideración de infraccións graves:

a).-A emisión polos vehículos de motor de encendido por chispa de máis do 7,5 % en volume de monóxido de carbono e polos vehículos de motor Diesel, de máis de 10 unidades Hartridge ou os seus equivalentes en unidades Bosch ou unidades absolutas, segundo a potencia do motor de que se trate, por enriba dos niveis establecidos nos Anexos I-3 e 1-2.

b).-Cando ó se daren os supostos dos apartados a) e b) do número anterior, se requerise de novo á persoa titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e esta non se realizase ou, realizada, os resultados da inspección superasen os límites dos Anexos I-3 e I-2. A estes efectos considerarase como non presentación o retraso superior a 15 días.

c).-A reincidencia en infraccións leves dentro dun prazo de 4 meses no suposto a) do número anterior e de 2 anos no suposto b).

d).-O levantamento, sen autorización previa, dos precintos na bomba de inxección de combustible.

e).-A presencia de aditivos no carburante empregado ó presentar o vehículo á inspección, sempre que esa presencia supoña unha clara e inequívoca intención de burlar os límites establecidos.

f).- A non presentación por parte das empresas que dispoñan dun parque de 5 ou máis vehículos Diesel, que circulen habitualmente polo termo municipal de Vigo, o programa detallado para o mantemento dos seus vehículos a que se refire o artigo 62 da presente ordenanza, sempre que tivesen sido requeridas por dúas ou máis veces a estes efectos polo servicio municipal competente.

Artigo 73:

En relación cos vehículos de motor Diesel non controlados, consideraranse infraccións leves:

a).-As emisións de fumes de ata 5 unidades Bosch ou unidades absolutas, segundo a potencia do motor de que se trate, por enriba dos niveis establecidos no Anexo I-2.

b).-O retraso non superior a 5 días na presentación do vehículo á inspección oficial, sempre que esta fose esixida en virtude da denuncia a que se refire o artigo 60 desta ordenanza.

Considéranse infraccións graves:

A).- As emisións de fumes comprendidas entre 5 e 10 unidades Hartridge ou os seus equivalentes en unidades absolutas, segundo a potencia do motor de que se trate, por enriba dos límites establecidos no Anexo I-2.

B).- O retraso na presentación á inspección superior a 5 días e inferior a 15, sempre que esta fose esixida en virtude da denuncia a que se refire o artigo 60 desta ordenanza.

C).- Cando, dándose os casos dos apartados a) e b) do número anterior, requerísese de novo ó ou á titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e non se presentase ou se, presentándose, os resultados obtidos nas medidas de emisións de fumes superen os límites do Anexo I-2.

D).- A reincidencia en infraccións leves dentro dun prazo de 4 meses no suposto a) do número anterior e de 2 anos no suposto b).

E).- O retraso superior a 1 mes e inferior a 6 na presentación de vehículo á inspección oficial ou á revisión por taller autorizado.

F).- A non presentación por parte das empresas que dispoñan dun parque de 5 ou máis vehículos Diesel que circulen decote polo termo municipal de Vigo, do programa detallado para o mantemento dos seus vehículos á que se refire esta ordenanza, sempre que tivesen sido requeridas a estes efectos polo servicio municipal competente.

G).- O levantamento, sen autorización previa, dos precintos das bombas de inxección do combustible.

Terán a consideración de infraccións moi graves:

a).- A reincidencia nas faltas previstas no apartado d) do número anterior.

b).- A reincidencia no levantamento, sen autorización previa, dos precintos da bomba de inxección a que fai referencia o apartado g) do número anterior.

c).- A presencia de aditivos no carburante empregado ó presentar o vehículo á inspección, sempre que esa presencia supoña unha clara e inequívoca intención de burlar os límites establecidos.

d).- A non presentación do vehículo a inspección oficial, cando, dándose os supostos dos apartados b) e c) do número anterior, requerísese novamente á persoa titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e non o fixese.

e).- Cando, dándose o suposto do apartado e) do número a anterior, requerísese de novo á persoa titular do vehículo para a súa presentación no prazo de quince días e esta non se realizase ou, presentado, os resultados da inspección superasen os límites establecidos no Anexo I-2.

f).- O retraso superior a 6 meses na presentación á inspección oficial ou á revisión por taller autorizado.

g).- As emisións de fumes superiores a 10 unidades Hardtridge ou os seus equivalente en unidades Bosch ou unidades absolutas, segundo a potencia do motor de que se trate, por enriba dos límites establecidos no Anexo I-2.

h).- A non presentación por parte das empresas que dispoñan dun parque de 5 ou máis vehículos Diesel, que circulen habitualmente polo termo municipal de Vigo, do programa detallado de mantemento dos seus vehículos, sempre que tivesen sido requeridos por dúas ou máis veces a estes efectos polo servicio municipal competente.

SANCIONS

Artigo 74:

Sen prexuízo das reponsabilidades de orde civil e penal que no seu caso procedan, as infraccións ós preceptos da presente ordenanza, sancionaranse do seguinte xeito:

1.- Cando os focos emisores sexan xeradores de calor:

a).- As infraccións leves con multas de ata 5.000 pesetas.

b).- As infraccións graves con multas de 5.001 a 10.000 pesetas e precintado do xerador de calor.

c).- As infraccións moi graves con multas de 10.001 a 15.000 pesetas e precintado do xerador de calor.

2.- Cando se trate de vehículos de motor:

a).- As infraccións leves con multas de ata 5.000 pesetas.

b).- As infraccións graves con multas de 5.001 a 10.000 pesetas.

c).- As infraccións moi graves con multas de 10.001 a 15.000 pesetas, poidendo propoñerse ademais o precintado do vehículo.

3.- Cando se trate dos restantes focos emisores:

a).- As infraccións leves con multa de ata 15.000 pesetas.

b).- As infraccións graves con multa de 15.001 a 50.000 pesetas.

c).- As infraccións moi graves con multas de 50.001 a 100.000 pesetas, con proposta de precintado ou peche da actividade, no seu caso.

Artigo 75:

Para graduar a contía das respectivas infraccións valoraranse conxuntamente, e de acordo co artigo 16 das "Disposicións Comúns ás ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente", as seguintes circunstancias:

a).- A natureza da infracción.

b).- A capacidade económica da empresa.

c).- A gravidade do dano producido nos aspectos sanitarios, social ou material.

d).- O grao de intencionalidade.

e).- A reincidencia.

Será considerado reincidente a ou o titular do vehículo ou actividade que fose sancionado anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses precedentes.

Artigo 76:

Nas zonas declaradas de atmósfera contaminada ou en situacións de emerxencia, as multas previstas no artigo 74 poderán impoñerse ata o duplo ou o triple da súa contía, respectivamente.

Cando de acordo co especificado no artigo 65 se tivese considerado a situación como de alerta atmosférica, o réxime sancionador aplicable será o máximo que permite a lei para as zonas declaradas de atmósfera contaminada.

Artigo 77:

Sen prexuízo das sancións que sexan pertinentes, será causa de precintado inmediato da instalación os seguintes motivos:

a).- Emisión de inqueimados superior a 7 na escala Bacharach.

b).- Tanto por cento de CO2 superior ó 16% .

c).- Rendemento da instalación inferior ó 50%.

d).- Consumo de combustible distinto ó autorizado para o seu uso conforme ó establecido no Decreto 2204/1975, de 23 de Agosto, ou non permitir a toma de mostras.

e).- Superar en máis do triple, por dúas ou máis veces, os límites de emisión fixados na lexislación vixente para os contaminantes atmosféricos.

f).- Incumprir a normativa sinalada no artigo 15 desta ordenanza co fin de mellorar o rendemento e diminuír o consumo unha vez transcorrido o prazo sinalado na Disposición Transitoria terceira para a adecuación das instalacións.

O devandito precintado poderá ser levantado para efectuar as operacións de reparación e posta a punto. Sen embargo, a instalación non poderá pórse en marcha ata que o persoal inspector competente autorice o funcionamento da mesma, feitas as probas previas pertinentes.

ANEXO I-1.- RENDEMENTO MINIMO DE CALDEIRAS

	Combustible mineral sólido		*Combustible líquido ou gaseoso*
Potencia útil de xerador en Kw.	*Con grella de carga manual*	*Con funcionamiento automático ou semi-automático*	
Ata 60	73	74	75
De 60 a 150.....	75	78	80
De 150 a 800.....	77	80	83
De 800 a 2.000.....	77	82	85
Máis de 2.000	77	86	87

Datos referidos en tanto por cento, funcionando á súa potencia útil e referidos ó poder calorífico inferior do combustible.

ANEXO I-2. MEDIDA DA OPACIDADE DOS FUMES POLO ESCAPE DOS VEHICULOS AUTOMOBILES CON MOTOR DIESEL.

1.- Campo de aplicación.

O método que a continuación se describe aplicase para a medición da opacidade dos fumes emitidos polo tubo de escape dos vehículos en circulación no Municipio de Vigo provistos de motor Diesel.

2.- Condicións de medida.

Nos ensaios nos Centros de Control oficiais utilizarase o carburante que leve o vehículo se está exento de aditivos; no caso contrario, deberá utilizarse o habitual do mercado que pode incorporar aditivos e axentes autorizados.

A opacidade dos fumes de escape medirase estando quente o motor, considerándose que se cumpre esta condición cando a temperatura do aceite do cárter sexa de 60ºC, como mínimo.

A toma de mostras efectuarase de acordo coas instruccións especificas do aparello empregado.

O dispositivo de escape non deberá ter ningún burato susceptible de provocar unha dilución dos gases emitidos polo motor.

3.- Métodos de ensaio.

A medición da opacidade dos fumes de escape dos vehículos provistos de motor Diesel realizarase en carga e a réxime estabilizado, segundo os métodos dos parágrafos seguintes.

4.- Ensaio nos Centros de Diagnose.

Efectuarase situando o vehículo sobre freos de rodos e medindo a opacidade dos fumes no réxime

estabilizado a plena inxección e a un número de revolucións do motor superior ó 75 por 100 do que corresponda a máxima potencia, segundo especificacións do fabricante do vehículo.

No caso de vehículos con motor sobrealimentado, debe manterse acelerado o motor durante sete segundos, como mínimo, antes de facerse a medición.

5.- Aparellos de medida.

Utilizarase o aparello prescrito no Regulamento número 24, anexo ó Acordo de Xenebra do 20 de marzo de 1958, admitíndose, non obstante, o emprego de aparellos do tipo Hartridge, de acordo coas instrucións do fabricante do aparello. Estes aparellos haberán de estar contrastados polos laboratorios oficiais correspondentes, designados polo Ministerio de Industria e Comercio.

6.- Resultado dos ensaios.

Como as medicións se efectuarán sobre banco dinamométrico, o resultado a considerar será o valor estabilizado obtido no opacímetro.

7.- Valores límites.

Os valores máximos admisibles con carácter xeral para os vehículos con motor Diesel que circulen polo Municipio de Vigo son os que establecen no seguinte cadro:

Potencia do vehículo en DIN	Valores límites	
	Absolutos	Hartridge
Ata 100 CV DIN	2,8	70
Máis de 100 e ata 200 CV DIN	2,4	65
Máis de 200 CV DIN	2,1	60

ANEXO I-3.- VALORACION DO MONOXIDO DE CARBONO CONTIDO NOS GASES DE ESCAPE DOS VEHICULOS CON MOTOR DE ENCENDIDO POR CHISPA EN RÉXIME DE "RALENTI".

1.- Campo de aplicación.

O método que a continuación se describe aplícase ás emisións de monóxido de carbono procedentes dos gases de escape dos vehículos automóbiles en circulación no Municipio de Vigo, provistos do motor a catro tempos, con encendido de chispa. Exclúense os vehículos de dúas ou tres rodas con peso máximo inferior a 400 Kg. e/ou a súa velocidade máxima por construcción non acade os 50 Km/h.

2.- Condicións de medida.

Nos ensaios que se realicen utilizarase o carburante que leve o propio vehículo.

O contido de monóxido de carbono ó réxime de "ralenti" medirase estando quente o motor, considerándose que se cumpre esta condición cando a temperatura do aceite do cárter sexa de 60ºC.

Para os vehículos con caixa de velocidades de mando manual ou semiautomático, o ensaio efectuarase coa panca en punto morto e o motor embragado.

Para os vehículos con transmisión automática, o ensaio efectuarase co selector na posición "cero" ou na de estacionamento.

A sonda de toma de mostras de gases introducirase todo o posible no tubo de escape e como mínimo nunha lonxitude de 30 cm., xa sexa no propio tubo o nun tubo colector acoplado ó primeiro.

Se o vehículo está provisto de escape con saídas múltiples, o resultado da medida será a media aritmética dos contidos obtidos en cada unha delas.

O dispositivo de escape non deberá ter ningún burato susceptible de provocar unha dilución dos gases emitidos polo motor.

3.- Aparellos de medida.

Os analizadores serán do tipo non dispersivo, de absorción no infravermello. Estes aparellos haberán de estar contrastados

polos laboratorios oficiais correspondentes designados polo Ministerio de Industria e Comercio.

A precisión da instalación de control debe ser tal que o erro absoluto de medición non sobrepase o 0,5 por 100 de CO.

4.- Valores límites.

O contido de monóxido de carbono nos gases de escape ó réxime de "ralenti" (a 15-20ºC e 750 mm.Hg) non deberá ser superior ó 5 por 100 en volume. Este límite aplicarase unicamente ós vehículos automóbiles matriculados a partir do 1 de xaneiro de 1967, inclusive.

Poderán admitirse valores maiores ós previstos no apartado anterior nos casos excepcionais nos que se demostre que o vehículo non pode circular de xeito seguro respetando aqueles límites. En tales casos precisarase un permiso especial para que o vehículo poida circular dentro de núcleos úrbanos.

5.- Resultados obtidos.

Para referir os resultados ás condicións de temperatura e presión indicadas no artigo anterior multiplicaráse o valor obtido nos ensaios polo factor de corrección que corresponda, segundo a táboa seguinte:

P (mm.Hg)	***t (° C)***				
	° C 0-9	*° C 10-14*	*° C 15-19*	*° C 20-24*	*° C 25ou máis*
691-700	0,92	0,87	0,82	0,77	0,72
701-710	0,95	0,90	0,85	0,82	0,75
711-720	0,98	0,93	0,88	0,83	0,78
721-730	1,01	0,96	0,91	0,86	0,81
731-740	1,04	0,99	0,94	0,89	0,84
741-750	1,07	1,02	0,97	0,92	0,87
751-760	1,10	1,05	1,00	0,95	0,90
761-770	1,13	1,08	1,03	0,98	0,93

6.- Normas prácticas para a execución dos ensaios.

Debe consultarse a norma UNE 10.082, sobre "Medidas das emisións de CO nos vehículos automóbiles ó réxime de "ralentí".

7.- Contrastación dos aparellos de medida.

Para a contrastación dos medidores de monóxido de carbono debe consultarse a proposta da norma UNE 10.080.

ANEXO I-4. CUALIFICACIONS DE VEHICULOS CONTROLADOS E RECOMENDACIONS PARA A REVISION PERIODICA.

1.- Cualificación de vehículos controlados.

1.1.- Para determinar os establecementos autorizados a efectuar as revisións periódicas dos vehículos Diesel, de acordo co previsto no artigo 56 desta ordenanza, será necesario establecer un acordo entre a Agrupación representante dos talleres autorizados e o Concello de Vigo, no que se fixen as obrigas desa Agrupación e as condicións técnicas de realización da revisión.

1.2.- O Concello de Vigo considerará a todos os vehículos que dispoñan do correspondente certificado de revisión, realizado conforme as recomendacións mentadas no número seguinte como vehículos controlados.

1.3.- Esta cualificación terá a vixencia e efectos sinalados no parágrafo cuarto do artigo 56 da mesma ordenanza.

2.- Recomendacións para a revisión de vehículos equipados con motor Diésel.

CLASES DE VEHICULOS:

Nivel A.—Turismos (agás taxis)

1º.—O segundo e terceiro ano:

— Verificación de fumes.

— Revisión de filtros de aire combustible e gases do cárter.

— Mantemento normal segundo instruccións do fabricante (1).

— Perecorrido de proba e control final.

2º.—O cuarto ano:

— Repetir operacións primeiro nivel.

— Revisar inxectores e volver a verificar fumes.

3º.—O quinto ano:

— Repetir operacións segundo nivel.

— Revisar relación de comprensión motor.

— Calado do equipo de inxección.

— Nos anos seguintes revisar alternando niveis segundo e terceiro.

Nivel B.—Vehículos industriais

1º.—O segundo ano:

— Igual que vehículos de clase A.

2º.—O terceiro ano:

— Igual que vehículos de clase A.

3º.—O cuarto ano:

— Igual que vehículos de clase A.

— Nos anos seguintes revisar alternando niveis segundo e terceiro.

Nivel C.—Taxis

2º.—O segundo ano:

— Igual que vehículos clase A.

3º.—O terceiro ano:

—Igual que vehículos clase A.

— Nos anos seguintes revisar alternando niveis segundo e terceiro.

Se con estas operacións non se consegue eliminar a emisión de fumes, deberá continuarse con algunha das operacións indicadas polo fabricante do vehículo ata acadala.

As revisións deberán realizarse nos talleres autorizados polos fabricantes.

ANEXO I-5. NIVEIS DE INMISIIN, PREVIA DECLARACIIN DE SITUACION DE ALERTA ATMOSFÉRICA.

A proposta de declaración de situación de alerta atmósferica realizarase cando, á vista dos datos de que se dispoña, prevéxase que se poida acadar algunha das seguintes situacións:

1.- Que a concentración de SO2 media diaria de toda a Rede Automática de Control sobrepase o límite de 250 µg/m3 N (1).

2.- Que a concentración de SO2 media diaria dunha estación sobrepase o límite de 500 µg/m3 N (1).

3.- Que a concentración de partículas en suspensión media diaria de toda a Rede Automática de Control sobrepase o límite de 150 µg/m3 N (1).

4.- Que a concentración de partículas en suspensión media diaria dunha estación sobrepase o límite de 300 µg/m3 N (1) ou de dúas estacións sobrepase o límite de 200 µg/m3 N (1), determinados polo método do fume normalizado. A recollida da mostra e a súa análise faranse no día cando pola información dispoñible no Concello de Vigo exista un risco inminente de acadar unha situación de alerta atmosférica.

5.- 360 µg/m3 de ozono no aire como valor medio nunha hora.

(1) Microgramos por metro cúbico en condicións normais "293 K e 101,3 kPa".

ANEXO I-6. MEDIDAS PARA SITUACIONS DE ALERTA ATMOSFÉRICA.

1.- Establécense para as situacións de alerta atmosférica tres bloques de medidas que se adoptarán segundo a gravidade e persistencia das nomeadas situacións:

1.1.- PRIMEIRO BLOQUE

- Intensificar ó máximo a vixilancia dos aparcamentos prohibidos que provocan obstruccións de tráfico.

- Inmobilización dos vehículos con emisións abusivas de fumes, tomando as medidas necesarias para impedir a súa circulación ata a reparación dos mesmos.

- Limitación da carga e descarga, prohibindo o seu inicio antes das nove horas da mañá.

- Establecemento dunha rede de vías prioritarias nas que se prohibe totalmente o aparcamento, excepto carga e descarga que será regulada por Bandos específicos e en lugares autorizados que se achen a máis de vintecinco metros das interseccióńs.

- Limitación do prendido de calefaccións o período comprendido entre 11 e 19 horas.

- Obriga de utilizar o fuel-oil BIA para aquelas empresas autorizadas ó seu consumo.

1.2.- SEGUNDO BLOQUE

Ademais das indicadas no primeiro bloque.

- Prohibir o estacionamento de non residentes na zona actualmente regulada.

- Ampliar a limitación da carga e descarga fixando o seu funcionamento entre as 11 e 18 horas.

- Limitar o funcionamento de calefaccións e augas quentes centrais ó horario comprendido entre as 12 e 17 horas.

- Limitación do funcionamento de certas industrias, ben por horario ou por limitación da producción.

1.3.- TERCEIRO BLOQUE

Ademais das medidas anteriormente expostas, as seguintes:

- Restricción ó máximo da circulación de vehículos privados.

- Prohibición do prendido de calefaccións e auga quente central.

- Peche temporal das industrias cando os seus problemas de contaminación así o aconsellen.

2.- Estas medidas tómanse con carácter xeral e terán as seguintes excepcións:

2.1.- EXCEPCIONS NOS XERADORES DE CALOR.

Quedan exceptuados os xeradores de calor eléctricos, de gas ou enerxía solar, así como os correspondentes a hospitais, garderías, asilos de anciáns e escolas primarias.

2.2.- EXCEPCIONS NAS LIMITACIONS DE CIRCULACION E APARCAMENTO DE VEHICULOS.

Quedan exceptuadas as ambulancias, vehículos sanitarios, de minusválidos, de médicos e ATS en actos de servicio, así como os do PMM, Exército, Policía, Bombeiros, servicios de urxencia e mantemento de servicios públicos.

3.- CONTROL DO ENCENDIDO DE CALEFACCIONS E AUGA QUENTE:

O control de funcionamento de xeradores de calor realizarase por persoal funcionario dos servicios municipais competentes en materia de contaminación atmosférica e da Policía Municipal. Seguiranse os seguintes criterios:

- Hora de encendido: Non poderá iniciarse o encendido antes da hora permitida, considerándose infracción a esta norma o indicio razoable dun encendido previo (temperatura da auga da caldeira, temperatura de radiadores...).

- Hora de apagado: Os xeradores que utilicen combustibles líquidos deberán apagar os correspondentes queimadores, como tope, á hora sinalizada pola norma.

En todo caso e en ambos tipos de xeradores considerarase infracción cando, unha hora despois da marcada como de cerre, a temperatura da auga da caldeira supere os 40ºC.

O non permitir a entrada ó persoal inspector será considerado como falta moi grave, aplicándose as correspondentes sancións no seu grao máximo.

4.- CENTRAL DE INFORMACION.

A resolución das dúbidas e aclaracións que poidan suscitarse na aplicación da presente ordenanza será da competencia do Laboratorio Municipal en coordenación co Departamento competente en materia de protección do medio ambiente.

III.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS.

TITULO I.- DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1.-

A presente ordenanza regula os vertidos non domésticos de augas residuais á rede municipal de sumidoiros procedentes das actividades que se desenvolvan no termo municipal de Vigo.

Os efectos da presente ordenanza, considérase vertido non doméstico toda materia residual sólida, pastosa, líquida ou gaseosa, incluíndo as augas de refrixeración, de lavado ou de proceso, resultantes da actividade manufactureira ou industrial ou do desenvolvemento, recuperación ou procesamento de recursos naturais.

Artigo 2.-

As normas contidas na presente ordenanza serán aplicables, a todas as instalacións, establecementos, actividades, industrias ou almacéns, susceptibles de efectuar vertidos non domésticos de augas residuais, sexan públicos ou privados, calquera que sexa o seu titular, existentes ou que no futuro se establezan, cando estean enclavados no termo municipal, e que se denominarán xenericamente "actividades".

Artigo 3.-

Contéñense nesta ordenanza as condicións e limitacións dos vertidos non domésticos, tendo en conta a súa afección á rede de sumidoiros, estacións depuradoras, medios receptores e o posible aproveitamento dos subproductos, así como impedindo a xeración de riscos para o persoal encargado do mantemento das instalacións e para a saúde pública.

Artigo 4.-

Serán así mesmo aplicables ós dispositivos de evacuación de vertidos, ás acometidas á rede de sumidoiros, e en xeral ás

instalacións establecidas para esta finalidade, tanto as normas contidas nos instrumentos de planeamento urbanístico ou de urbanización, como as regulacións sectoriais que lles afecten. En especial, toda actividade que use a rede pública de sumidoiros para evacuar os verquidos líquidos deberá dispoñer da correspondente identificación industrial.

TITULO II.- CONDICIONS DOS VERTIDOS

CAPITULO I.- VERTIDOS PROHIBIDOS

Artigo 5.-

Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros augas residuais ou calquera outro tipo de refugallos sólidos, pastosos, líquidos ou gaseosos que, por razón da súa natureza, propiedades e cantidade causen ou poidan causar, por si sós ou por interacción con outros refugallos, algún ou varios dos seguintes efectos sobre a rede de sumidoiros.

a).- Formación de mesturas inflamables ou explosivas.

b).- Efectos corrosivos sobre os materiais constituíntes da rede municipal de sumidoiros, as súas instalacións, as instalacións e equipos das estacións depuradoras ou a alteración ou destrucción dos procesos de depuración.

c).- Creación de condicións ambientais molestas, nocivas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o acceso ou o labor do persoal encargado da limpeza, mantemento ou funcionamento das instalacións, ou poidan ocasionar calquera molestia ou perigo público, e en concreto a formación de gases tóxicos nos colectores que superen as concentracións máximas que se recollen no Anexo II do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

d).- Producción de sedimentos, incrustacións, ou outras obstruccións físicas que dificulten o libre fluxo da auga polos colectores, obstaculicen os traballos de limpeza, conservación e arranxo da rede de sumidoiros, como cinzas, carbonilla, area, barro, palla, labra, vidro, plásticos, trapos, plumas, alquitrán, madeira, lixo, esterco, pezas metálicas, desperdicios de animais, pelo, vísceras, pezas de vaixela, amianto, envases de calquera material e outras análogas, sexan enteiras ou trituradas por motivos de desperdicios.

Artigo 6.-

Queda prohibido verter á rede de sumidoiros calquera dos

seguintes productos:

a).- Gasolinas, naftas, petróleo, e productos intermedios de destilación, benceno, tolueno, xileno e calquera disolvente ou líquido orgánico inmiscible en auga e combustible ou inflamable.

b).- Todo tipo de aceites industriais con base mineral ou sintética, lubricantes que se volvesen inadecuados para o uso que se lles asignara inicialmente e, en particular, os aceites usados dos motores de combustión e dos sistemas de transmisión, así como os aceites minerais lubricantes, aceites para turbinas, sistemas hidráulicos e outras emulsións.

c).- Residuos que polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas requiran un tratamento específico ou control periódico dos seus efectos nocivos potenciais, e en especial os regulados na lexislación de Residuos Tóxicos e Perigosos, os residuos líquidos ou augas residuais que conteñan policlobifenilos (PCB) ou policloroterfenilos (PCT).

d).- Augas residuais cun valor de pH inferior ó 6 ou superior ó 10.

e).- Disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción e cantidade.

f).- Carburo cálcico e outras substancias sólidas potencialmente perigosas (hidruros, peroxidos, cloratos, percloratos, bromatos, nitruros, sulfuros, etc.).

g).- Refugallos, isótopos ou productos radiactivos que superen os límites establecidos no

Real Decreto 2519/82, de 12 de agosto, que aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes e na súa modificación aprobada por Real Decreto 1753/87.

h).- Residuos procedentes da limpeza de fosas sépticas.

i).- Todos os residuos ou mesturas que conteñan substancias que non poidan ser eliminadas cos procesos de tratamento das estacións depuradoras de augas residuais urbanas ou que non sexan vertidos tolerados ou atípicos, conforme os artigos seguintes.

CAPITULO II.- VERTIDOS TOLERADOS

Artigo 7.-

Todas as actividades que vertan ou poidan verter á rede de sumidoiros substancias contaminantes as que fai referencia a relación I do Anexo ó Título III do Regulamento do Dominio Público Hidráulico deberán declarar as concentracións de verquido das devanditas substancias ós efectos de autorizar o verquido á rede de sumidoiros. Permitirase o vertido á rede de sumidoiros municipal a aqueles efluentes que atendidas ás súas características non superen o establecido a continuación para os seguintes parámetros físico-químicos:

Parámetro	*Unidade*	*Máximo instantáneo*
Temperatura	ºC	40
Sólidos en suspensión	mg/l	600
Sólidos sedimentables	ml/l	5
pH		6 pH 10
DBO5	mg/l	600
DQO	mg/l	1000
Aceites e graxas	mg/l	100
Fenois	mg/l	5
Deterxentes aniónicos	mg/l	12
Aldehídos	mg/l	4
Pesticidas	mg/l	0,2
Cloruros (Cl-)	mg/l	2000
Sulfatos (SO42-)	mg/l	2000
Sulfitos (SO32-)	mg/l	10
Fluoruros (F-)	mg/l	10
Cianuros (CN-)	mg/l	1
Amoníaco (NH3)	mg/l	30
Nitratos (NO3-)	mg/l	20
Nitróxeno total Kjeldahl	mg/l	50
Fosfatos (PO43-)	mg/l	60
Aluminio (Al)	mg/l	10
Arsénico (As)	mg/l	1
Temperatura	ºC	40
Bario (Ba)	mg/l	20
Boro (B)	mg/l	5
Cadmio (Cd)	mg/l	0,2
Cobalto (Co)	mg/l	0,2
Cobre (Cu)	mg/l	0,5
Cromo total (Cr)	mg/l	4
Cromo hexav.(Cr6+)	mg/l	0,5
Ferro (Fe)	mg/l	10
Manganeso (Mn)	mg/l	2
Mercurio (Hg)	mg/l	0,05
Molibdeno (Mo)	mg/l	0,02
Niquel (Ni)	mg/l	2
Chumbo (Pb)	mg/l	0,7
Selenio (Se)	mg/l	0,5
Estaño (Sn)	mg/l	5
Zinc (Zn)	mg/l	5
Sulfuros	mg/l	5
Prata (Ag)	mg/l	2

Os límites para os metais entenderanse como metais totais e non como metais disoltos.

Artigo 8.-

Co fin de garantir un réxime de vertidos regular e continuo quedan prohibidos aqueles vertidos periódicos ou espontáneos cando a súa concentración ou caudal excedan durante un prazo de quince minutos en máis de cinco veces o promedio da concentración ou caudal vertido durante a xornada laboral.

Cando resulte necesario para o cumprimento do presente artigo deberán instalarse pretratamentos de homoxenización e neutralización, e en particular depósitos de regulación.

O disposto nos apartados anteriores non afectaría ó necesario respecto das demais esixencias contidas nesta ordenanza.

CAPITULO III.- VERTIDOS ATIPICOS

Artigo 9.-

Será obrigatoria a adopción de medidas axeitadas para evitar as descargas accidentais de vertidos que infrinxan o establecido na presente ordenanza.

Se se producise unha situación de emerxencia ou de risco inminente de producirse un vertido inusual a persoa titular da actividade comunicará automaticamente ó Concello de Vigo tal circunstancia a fin de adoptar as medidas oportunas de protección das instalacións públicas e dos medios receptores. Seguida-

mente remitirá ó Concello un informe detallado no que se conterán os seguintes datos:

— Características físico-químicas do vertido.
— Volume do vertido.
— Duración.
— Lugar da descarga.
— Causas que a orixinaron.
— Medidas adoptadas e correcións para evitar a súa reproducción no futuro.

O Concello investigará as causas que motivaron a situación de emerxencia ou de risco sen prexuízo das responsabilidades en que incorrese a persoa titular da actividade.

TITULO III.- AUTORIZACIONS DE VERQUIDO

CAPITULO I.-AUTORIZACIONS DE NOVAS INSTALACIONS

Artigo 10.-

Todas as solicitudes de licencia municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar verquidos de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros deberán acompañarse da correspondente Autorización de verquido e dunha copia da Declaración de verquidos feita á Concesionaria da xestión integral do servicio municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo. A Autorización de verquido será concedida pola Concesionaria conforme á Declaración de verquidos suscrita polo peticionario é o técnico redactor competente, tendo un carácter xeral para todos os verquidos líquidos producidos pola actividade.

A información descritiva a aportar na Declaración de verquidos de augas residuais á rede de sumidoiros incluirá os seguintes apartados:

A. Datos xerais: nome da empresa, dirección, actividade, número C.N.A.E. (3 díxitos), clase de actividade segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (R.D. 849/86), quendas de fabricación, días productivos/ano e N.I.F.

B. Subministro de auga: caudais total anual, medio diario e máximo horario para os casos de abastecemento municipal ou autoabastecemento de augas superficial ou subterránea.

C. Materias primas, productos e procesos: cantidades anuais de materias primas principais, productos principais e aditivos empregados, denominación e descrición dos procesos que empregan auga, usos da auga, caudais e tempo de uso.

D. Efluentes líquidos de verquido continuo: augas fecais, augas de refrixeración, augas de proceso e augas de lavado.

E. Efluentes líquidos de verquido discontinuo: descrición do verquido líquido residual, proceso que o xera, cantidade producida e horario das descargas.

F. Sistema de seguridade para o caso de descargas accidentais.

O Concello de Vigo deseñará os modelos de impreso para o desenvolvemento da Declaración de verquidos.

A concesión de Autorizacións de verquido á rede de sumidoiros estará condicionada á obtención da licencia municipal de instalación á actividade de que se trate e ó control preventivo do cumprimento da presente ordenanza.

A tal fin, nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo R.A.M.I.N.P. que orixinen ou poidan orixinar verquidos non domésticos de augas residuais á rede de sumidoiros, a Declaración de verquidos incluirá un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras previstas para que os verquidos de augas residuais cumpran o estipulado na presente ordenanza. Este estudio conterá como mínimo:

a).- Usos da auga.

Baixo este epígrafe terán que reflectirse, como mínimo, cada un dos distintos usos industriais da auga:

1. Caudais e características físico-químicas de cada un dos efluentes líquidos residuais sen tratar.

2. Localización dos efluentes líquidos residuais (punto de conexión co saneamento ou coa instalación correctora), sinalado no plano de planta.

b).- Medidas correctoras aplicadas.

Xustificaranse sempre que as características do total dos caudais empregados nas instalacións obxecto do proxecto de actividade, non cumpran os límites tolerados relacionados no artigo 7 da presente ordenanza.

Esta xustificación conterá, cando menos, os seguintes apartados:

1. Tipo de tecnoloxía a empregar.

2. Descrición das instalacións de depuración ou eliminación para os efluentes líquidos xerados.

3. Localizacións das instalacións de depuración e eliminación, da arqueta ou rexistro individual, e do verquido líquido final ó saneamento municipal, grafiados en plano de planta.

4. Características físico-químicas do vertido unha vez tratado.

c).- Información sobre os residuos perigosos xerados

1. Residuos fangosos.
2. Aceites usados.
3. Outros residuos tóxicos e perigosos.
4. Destino que se lles dan ós subproductos orixinados na depuración, se os houbese, en función das súas características, segundo o estipulado no R.D. 833/1988, de 20 de xullo.

Cando os datos consinados na Declaración de verquidos non estean debidamente acreditados ou existan indicios racionais de anomalías nos datos presentados, poderá requerirse ó interesado ou peticionario para que presente unha análise do verquido feito por un laboratorio homologado. O técnico redactor competente e o peticionario serán responsables dos datos consignados na Declaración de verquidos.

As actividades clasificadas que orixinen ou poidan orixinar verquidos directos de augas residuais a leitos ou augas subterráneas, ou dende terra ó mar, deberán solicitar a autorización de verquido de augas residuais ó órgano administrativo competente, con carácter previo á solicitude da licencia municipal de actividades e instalacións, debendo adxuntar o xustificante correspondente coa mesma.

Artigo 11.-

A autorización de vertido á rede de sumidoiros estará condicionada á comprobación do establecemento e eficacia das medidas correctoras contidas no proxecto de instalación ou fixadas na licencia de instalación para o que deberá disporse de licencia de apertura ou autorización de posta en marcha e de acordo no seu caso, co procedemento establecido para a concesión de licencias de actividades clasificadas. As solicitudes de Autorización de verquido formuladas polos interesados resolveranse nun prazo máximo de un mes e coa maior celeridade posible. Na Autorización de verquido poderán establecerse limitacións e condicións con respecto ós valores máximos e medios permitidos nas concentracións de contaminantes, características físico-químicas das augas residuais verquidas, límites de caudal de verquido, horario das descargas, instalacións de depuración, frecuencia de mostraxe e medicións, mantemento, informes técnicos, libro de rexistro e condicións complementarias que garanten o cumprimento da presente ordenanza.

A comprobación da declaración de verquidos líquidos é vinculante para a posta en marcha e funcionamento de cada actividade ou industria clasificada, tendo a devandita autorización de verquido carácter provisional ata a realización da dita comprobación polo Concello de Vigo. Dita comprobación realizarase por persoal competente (persoal municipal acreditado e/ou persoal técnico da Concesionaria do servicio), para o cal o peticionario da licencia de actividade ou industria clasificada dispón dun prazo de vinte días para solicitala logo da concesión da alta de abastecemento e saneamento pola Concesionaria.

Cando sexa desfavorable a comprobación de verquidos líquidos, a Concesionaria dará de contado de baixa do servicio a actividade mentres non se subsanen as deficiencias observadas. A Declaración de verquidos, a Autorización de Verquido e a Comprobación de verquidos líquidos son os documentos básicos para o control dos verquidos non domésticos de augas residuais. Coa comprobación de verquidos poderán anularse, modificarse ou ampliarse as condicións e limitacións impostas na autorización de verquido. Toda a información acadada será incluida no correspondente inventario ou rexistro de verquidos á rede de sumidoiros conxuntamente coa identificación industrial.

Artigo 12.-

Cando pola natureza do vertido se precisen ensaios posteriores ou comprobación do funcionamento das instalacións, e previa solicitude do titular, fixarase o prazo para efectuar os ensaios ou comprobacións e á súa finalización a persoa interesada solicitará a Autorización de verquido. Durante o indicado prazo poderanse conceder permisos provisorios de subministro de auga. No obstante, todas as autorizacións de vertido á rede de sumidoiros son revisables como máximo cada catro anos, podendo ser revocadas en caso de incumprimento das súas condicións, para o cal deberán ser semellantes os datos procedentes do control municipal e aqueles procedentes do autocontrol da empresa. Para poder realizar cambios no verquido con respecto ós datos declarados deberase solicitar novamente autorización. O Concello de Vigo poderá en calquera momento esixir os datos do autocontrol ás actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento de auga igual ou superior ós 3.000 m3 no último ano, estando obrigadas a levar un rexistro con candomenos os parámetros explicitados tanto na Autorización de Verquidos e como na Comprobación de verquidos líquidos durante os últimos catro anos, para verificar que os verquidos non superen as limitacións establecidas na presente ordenanza. Para isto, o titular da autorización de verquido tomará as mostras e realizará as análises correspondentes coa periodicidade fixada, remitíndoos anualmente ó Concello de Vigo durante os primeiros catro anos.

Artigo 13.-

A existencia de autorización de vertido será necesaria para formalizar os contratos de subministro de auga ás actividades e para a concesión da licencia municipal de actividades e instalacións.

CAPITULO II.- INSTALACIONS EXISTENTES

Artigo 14.-

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licencia municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza deberán axustarse ós límites e condicións de verquido da mesma no prazo de UN ANO, prorrogable por outro ano máis presentando previamente o proxecto de adaptación e se existen razóns que así o xustifiquen. Durante o indicado prazo deberán respetarse os límites fixados na normativa vixente con anterioridade.

Artigo 15.-

As actividades a que se refire o artigo anterior disporán dun prazo de seis meses para presentar no Concello e a través da Concesionaria, unha Declaración de verquidos na que se inclúa un estudio sobre o caudal e o seu réxime, concentración de substancias e características para as que se establecen limitacións na presente ordenanza, así como as medidas correctoras necesarias para adaptarse ás determinacións da presente ordenanza, conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11.

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licencia municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza, que pretendan verquer ó saneamento de nova construcción, deberán presentar con carácter previo a correspondente Declaración de verquidos, ós efectos da posible autorización do verquido non doméstico, conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11.

Tódalas actividades en funcionamento sen licencia municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar verquidos de augas residuais que pretendan verquer á rede de sumidoiros deberán solicita-la correspondente licencia municipal de actividades e instalacións, tramitándose conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11, e sen prexuízo do cumprimento da legalidade urbanística, especialmente no caso daquelas actividades sometidas ó regulamento sobre actividades clasificadas.

CAPITULO III.- MODIFICACIONS DE INSTALACIONS

Artigo 16.-

Non poderán autorizarse ampliacións ou modificacións a instalacións existentes de non se respectaren no conxunto das instalacións ampliadas ou modificadas as condicións esixidas para as novas instalacións.

Artigo 17.-

Calquera modificación que o/a titular dunha instalación desexe introducir nas materias primas, maquinaria, proceso productivo, sistema de depuración ou de saneamento que poida afectar ó réxime de vertidos á rede de sumidoiros deberá poñerse en coñecemento do Concello para autorizala ou impoñer no seu caso as correccións oportunas.

Artigo 18.-

En todo caso, o Concello poderá requerir ás actividades instaladas para que procedan a correxir as deficiencias que observasen a fin de cumprir as esixencias contidas na presente ordenanza e nas mesmas condicións que as novas instalacións.

TITULO IV.- CONTROL DE VERTIDOS

CAPITULO I.- INSPECCION DE VERTIDOS

Artigo 19.-

O Concello de Vigo, a través dos seus servicios de inspección e da Concesionaria do servicio municipal de abastecemento de auga e saneamento, exercerá de oficio ou a petición de interesado a inspección e vixilancia periódicas das actividades que vertan á rede de sumidoiros.

A inspección e vixilancia alcanzará ás instalacións das actividades que poidan afectar á calidade do vertido, e en especial as arquetas de rexistro, as conduccións de saneamento, os procesos productores de vertidos e as plantas de pretratamento ou depuración de augas.

Artigo 20.-

As visitas de inspección xiraránse por persoal inspector competente (persoal municipal debidamente acreditado ou persoal técnico da Concesionaria) sen que se requira a previa advertencia ó titular da actividade.

Os/as titulares das actividades deberán facilitar a práctica da inspección, e a tal fin, estarán obrigados ás seguintes actuacións:

a).- Facilitar o acceso do persoal inspector ás distintas instalacións relacionadas co vertido así como a montaxe do equipo e instrumental de control.

b).- Permitir a utilización de cantos instrumentos utilice a empresa coa finalidade de autocontrol, especialmente aqueles destinados para medida de caudais, toma de mostras e análises correspondentes.

c).- Poñer a disposición do persoal inspector os datos, partes de traballo, análises, libro de rexistro e canta información requiran en relación coa inspección.

Da inspección levantarase acta por triplicado que asinarán a ou o inspector e a persoa responsable da actividade no momento de realizarse a inspección e farase constar no libro de rexistro de visitas. O libro rexistro de visitas será facilitado polo Concello de Vigo e a persoa titular da actividade deberá gardalo e poñelo a disposición do persoal inspector competente cando así llo soliciten en cada visita. Poderase recoller unha mostra do verquido de augas residuais por triplicado que quedará precintada e etiquetada. Neste caso, conxuntamente entregarase ó interesado co exemplar da acta de inspección, unha das mostras tomadas, deixándose outra mostra en depósito para a posible análise dirimente. Se no momento da inspección non estivese presente a persoa titular ou responsable da actividade ou se negase a toma-la devandita mostra do verquido, esta quedará en depósito dispoñendo ó interesado de 24 h. a partir

da recollida oficial para retirala; transcorrido este prazo decae no dereito a facer a análise contradictoria por tratarse dun producto que pode modificar as súas características físicas, químicas e biolóxicas co paso do tempo. No caso de face-la análise contradictoria, deberá presentarse nas instalacións municipais co técnico analista designado nas 24 h. seguintes á recolleita oficial, portando a mostra que obra no seu poder. Transcorrido este prazo tamén decae no seu dereito a facer dita análise. Os parámetros analíticos serán os especificados na comprobación de verquidos líquidos ou, no seu defecto, na autorización de verquidos, pero en todo caso deberán ser candomenos os seguintes: pH,

Conductividade, Sólidos en suspensión, DBO5, DQO e Aceites e graxas.

Artigo 21.-

Os titulares das actividades deberán remitir ó Concello un informe periódico no que se sinale a definición da carga contaminante que verten e incluirán os caudais de vertido, a concentración de contaminantes, a duración, e demais elementos necesarios para a súa definición.

A periodicidade do informe será establecida en cada caso pola Alcaldía en atención ós resultados das inspeccións practicadas polo Concello e dos niveis de carga contaminante que se comproben, así como do caudal vertido.

CAPITULO II.- MOSTRAXE DE VERTIDOS

Artigo 22.-

Será obrigatoria a existencia de saneamento independente para cada actividade ata conectar coa rede municipal de sumidoiros; e a tal fin, nas operacións de división de pavillóns existentes mantendo a unidade parcelaria ou nas edificacións apegadas nunha mesma parcela deberán establecerse saneamentos independentes para cada unha das unidades edificatorias.

Artigo 23.-

Con independencia doutras arquetas comúns e antes destas, todas as actividades, instalacións industrais ou industrias" que vertan á rede municipal de sumidoiros, disporán dunha única arqueta ou rexistro individual para o verquido das augas residuais, que recolla todas aquelas que proveñan da actividade, e que deberá estar situada dentro da súa parcela, augas abaixo do derradeiro verquido, nun lugar accesible dende o exterior para os servicios de inspección, libre de todo obstáculo e atoparse en adecuado estado de limpeza para a súa función. As súas dimensións e características deberán ser tales que permitan ós Servicios Técnicos Municipais tanto a recollida de mostras como a determinación do caudal vertido para o cal o Concello de Vigo establecerá unha arqueta-tipo para o control individual de efluentes industriais, debendo axustarse á mesma.

Artigo 24.-

As actividades en funcionamento á entrada en vigor da presente ordenanza disporán dun prazo de SEIS MESES para a instalación da arqueta para toma de mostras nas condicións establecidas na presente ordenanza. Esta esixencia deberana cumprir estrictamente todas as actividades que pertenzan a algún dos grupos seguintes:

1.- Actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento igual ou superior a 3.000 m3 no derradeiro ano.

2.- Actividades que superen, ou poidan superar, nalgún momento algunha das limitacións contempladas no artigo 7 desta ordenanza.

Este prazo ampliarase a UN ANO para aquelas actividades que precisen realizar obras de independización de redes de saneamento común a varias actividades, ou que precisen realizar obras para unificar os vertidos dunha soa actividade nunha única arqueta.

Artigo 25.-

Cando o caudal e a carga contaminante do vertido o fagan aconsellable para un control continuo de determinadas actividades especialmente contaminantes, o Concello esixirá a instalación dos equipos de medición de aforo, toma de mostras e control precisos.

Estes equipos de alerta, que serán propiedade dos titulares das actividades e se instalarán no lugar que o Concello sinale, deberán atoparse en adecuado estado de conservación.

Artigo 26.-

A técnica na toma de mostras variará segundo a determinación a realizar.

Para vertidos prohibidos, a toma de mostras poderá ser instantánea, tomada en calquera punto da instalación de saneamento e en calquera momento.

Para vertidos tolerados, a toma de mostras realizarase na arqueta final de vertido, terá unha duración mínima de unha hora e proporcional ó tempo de vertido e farase de acordo co estándar internacional ISO 5667-10 ou norma equivalente.

CAPITULO III.- CONTROL ANALITICO DE VERTIDOS

Artigo 27.-

As mostras recollidas polos servicios municipais de inspección analizaranse inicialmente no laboratorio municipal. No obstante, o persoal inspector pode-

rá determinar in situ aqueles parámetros que poidan ser analizados deste xeito mediante técnicas normalizadas, o cal reflectirá na correspondente acta.

Artigo 28.-

As análises para comprobar as características dos vertidos efectuaranse de acordo cos métodos patrón adoptados polo laboratorio municipal, conforme ó disposto na lexislación sobre métodos oficiais para augas, ou no seu caso no Standard methods for the examination of water and waste water.

Artigo 29.-

No caso de disconformidade cos resultados da mostra inicial, a persoa interesada poderá realizar unha análise contradictoria coa mostra que obra no seu poder debidamente precintada.

A tal fin a/o interesada/o disporá dun prazo de oito días desde a recepción dos resultados obtidos no laboratorio municipal para notificar que un laboratorio homologado ou admitido previamente polo Concello aceptou a mostra, ou que o laboratorio elixido é o laboratorio municipal.

Cando o laboratorio fose un laboratorio homologado, a persoa interesada disporá dun prazo de un mes desde a notificación da análise inicial para presentar ó Concello os resultados analíticos. Se non se presentase a análise en dito prazo estarase ó resultado da análise inicial.

Se a análise contradictoria se fixese no laboratorio municipal, o interesado poderá designar técnico competente para estar presente nos ensaios pertinentes, e o resultado entregarase ó/á interesado no prazo de un mes dende a notificación da análise inicial.

Artigo 30.-

Caso de que os resultados da análise inicial e da contradictoria non sexan coincidentes en canto ó cumprimento ou non dos límites de vertido fixados nesta ordenanza, procederase á práctica dunha análise dirimente.

Esta análise practicarase no laboratorio homologado que designe o Concello ou naquel que sen estar homologado acorden o Concello e a persoa interesada.

A análise realizarase sobre a mostra dirimente precintada que obre en poder do Concello conforme ó procedemento a que se refiren os artigos 20 e 26.

Os resultados desta análise determinarán o cumprimento ou incumprimento dos límites marcados na presente ordenanza, sendo o seu custe aboado por quen presente unha análise que non coincida coa análise dirimente.

TITULO V.- SUSPENSION DE VERQUIDOS E DE ACTIVIDADES, INFRACCIONS E SANCIONS

Artigo 31.-

O alcalde poderá ordenar motivadamente a suspensión inmediata do verquido dunha actividade cando careza da Autorización de verquido, o verquido incumpra as condicións establecidas na Autorización de verquido ou na Comprobación de verquidos líquidos, ou motivadamente cando os verquidos supoñan unha situación de risco grave para as instalacións públicas de saneamento, a saúde pública ou o medio ambiente. Igualmente, poderá aplicarse cando as actividades realicen verquidos contaminantes ás augas superficiais ou subterráneas, ou dende terra ó mar, que supoñan un risco grave ou dañen os recursos naturais e o medio ambiente do termo municipal de Vigo.

Poderá precintar a actividade, dála provisionalmente de baixa do servicio de abastecemento de auga e saneamento e adoptar conxuntamente outras medidas que permitan asegurar a efectividade da suspensión cautelar. A actividade causante do verquido deberá axeitar o seu verquido á presente ordenanza e as condicións particulares da Autorización de verquido e da Comprobación de verquidos, así como a lexislación ambiental aplicable vixente.

Considerararanse faltas á presente ordenanza as seguintes infraccións:

a).-A carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade e posta en marcha e funcionamento das instalacións, así como o incumprimento das condicións esixibles nas devanditas autorizacións.

b).-A utilización da rede de sumidoiros sen a autorización de verquido, o incumprimento das condicións fixadas na autorización de verquido e na comprobación de verquidos líquidos ou o incumprimento da obriga de declarar as concentracións de calquera das substancias contaminantes as que fai referencia a relación I do Anexo ó Título III do Regulamento do Dominio Publico Hidraulico.

c).-A resistencia ou demora na instalación dos elementos correctores que fosen esixidos na aplicación da presente ordenanza.

d).- O incumprimento dos prazos de adaptación das actividades existentes ás esixencias que para unha axeitada inspección se establecen nos artigos 15 e 24.

e).-A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidos ou clausurados.

f).- A emisión de vertidos prohibidos ou que incumpran os límites para a súa tolerancia, así como a superación dos límites fixados para vertidos periódicos ou esporádicos no art. 8.

g).-A falta de advertencia ó Concello da existencia dunha situación de emerxencia ou de risco inminente para as instalacións da rede de sumidoiros ou de depuración, así como a falta de remisión do oportuno informe posterior á situación de emerxencia ou risco.

h).- A omisión das medidas procedentes para diminuír as descargas accidentais por enriba dos límites da presente ordenanza.

i).- A obstaculización do labor inspector en relación coa vixilancia do cumprimento da presente ordenanza.

l).- A falta de mantemento das instalacións de vertido que dificulten os labores de inspección.

Artigo 32.-

As faltas serán sancionadas con multa de ata 15.000.-Pts. e clausura temporal ou definitiva das instalacións. A sanción de clausura temporal ou definitiva soamente poderá ser imposta logo da imposición de tres multas, coa excepción de que a falta cometida fose a carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade, ou o incumprimento de calquera das condicións que sexan esixibles nas devanditas autorizacións; en tal caso, poderáse impoñer a clausura ata que se concedan as autorizacións ou sexan cumpridas as condicións que fosen esixibles.

Artigo 33.-

A sanción de clausura levará implícita a suspensión temporal ou definitiva no subministro de auga e do saneamento á actividade de que se trate ou polo tempo en que dita clausura sexa acordada.

Artigo 34.-

A imposición de sancións non exclúe en ningún caso a obriga da persoa titular da actividade de reparar o dano causado e de responder dos danos producidos ás instalacións municipais. Neste último caso, a reparación será desenvolta polo Concello de Vigo a costa do infractor. Se non se poidesen repoñer o seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados.

TITULO VI.- NORMAS ADICIONAIS DE PROTECCION. REXISTRO DE VERTIDOS. RÉXIME FISCAL.

Artigo 35:

Na elaboración de plans que desenvolvan o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo que afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preceptivo un estudio técnico sobre a previsible contaminación por vertidos residuais.

Artigo 36:

A non presentación da oportuna Declaración de verquidos non exime da obrigatoriedade de establecer as medidas correctoras que procedan, esixibles de acordo coa normativa xeral e as normas contidas nesta ordenanza.

Artigo 37:

O Concello de Vigo elaborará un inventario ou rexistro de verquidos conforme ás Declaracións de verquidos, Autorizacións de verquido e Comprobacións de verquidos co obxecto de identificar, clasificar e regular os verquidos non domésticos de augas residuais.

De acordo co anterior rexistro e o que resulte das comprobacións efectuadas, o Concello de Vigo cuantificará periodicamente as diversas clases de vertidos. A Concesionaria do servicio municipal de abastecemento de auga e saneamento desenvolverá as devanditas xestións e o control rutinario, en comunicación permanente cos servicios técnicos municipais competentes.

Artigo 38:

Mediante a correspondente ordenanza fiscal municipal, os titulares de vertidos de augas residuais satisfarán a taxa ou cánon de vertido que se fixe.

IV.- ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA PUBLICA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

CAPITULO I

DISPOSICIONS XERAIS.

ARTIGO 1:

A presente ordenanza ten por obxecto:

a).- A regulación das actividades e comportamentos dirixidos á limpeza e utilización das vías e espacios públicos, terreos e edificios públicos e privados co alcance que se determinen neste texto.

b).- A recollida de refugallos e residuos sólidos urbanos, e o seu transporte ó vertedeiro municipal, instalación de transferencia ou de tratamento e eliminación dos mesmos.

ARTIGO 2:

Terán a consideración de refugallos e residuos sólidos urbanos os producidos por actividades domiciliarias, de limpeza viaria urbana, obras en edificios, abandono de animais mortos, mobles, aveños, vehículos, os producidos pola realización de obras ou o exercicio de actividades industriais, comerciais e de

servicios asimilables a urbanos e, en xeral, todos aqueles en que a súa recollida, transporte, tratamento e eliminación sexan de competencia municipal.

ARTIGO 3:

No non regulado expresamente, será de aplicación especiamente o disposto na Lei 42/1975, de 19 de novembro, de recollida e tratamento dos refugallos e residuos sólidos urbanos, Real Decreto Lexislativo 1163/1986, de 13 de xuño, polo que se modifica a Lei anterior e demais disposicións de aplicación.

ARTIGO 4:

1.- A limpeza da rede viaria e espacios públicos e a recollida dos residuos realizaranse directamente polos servicios municipais ou, no seu caso, a través das empresas xestoras ou prestadoras do servicio co alcance e extensión que se determinen nesta ordenanza e nos respectivos contratos que se concerten coas empresas, de acordo co contido da obriga daqueles.

2.- Os residuos procedentes da limpeza a que se refire o apartado anterior depositaranse en recipientes normalizados prohibíndose o seu amontoamento ou depósito ó aire libre ou utilizando outros recipientes ou medios non autorizados. Os residuos sólidos asimilables a urbanos destinados ó aproveitamento (papel e cartón, vidro, envases metálicos, etc.) depositaranse nos recipientes normalizados propios da recollida selectiva de cada tipo de residuos, prohibíndose nestes casos tanto o seu amontoamento ou depósito ó aire libre, ou utilizando outros recipientes ou medios non autorizados, como o depósito doutros residuos ou materias distintas nos recipientes destinados a un tipo de residuos.

ARTIGO 5:

1.- A limpeza das rúas, espacios e terreos de dominio particular corresponderá ós propietarios individualmente ou a quen corresponda en réxime de copropiedade.

2.- As persoas propietarias ou os que habiten ou ocupen os inmobles deberán manter permanentemente limpos os patios de luces, de cuarteirón ou outras zonas comúns, conforme as súas normas estatutarias ou acordos adoptados nas Xuntas ou Asembleas.

ARTIGO 6:

1.- Prohíbese rigorosamente:

a).-Botar ás vías e espacios públicos calquera tipo de residuos, desperdicios, papeis e similares, debendo utilizar quen desexe desprenderse dos de pequena entidade as papeleiras instaladas a tal fin.

b).-Botar ás beirarrúas ou calzadas desperdicios e en xeral calquera reboutallo, productos líquidos, lixivias ou deterxentes, procedentes da limpeza dos locais ou vivendas.

c).-Manipular as papeleiras e todo tipo de colectores de residuos, arrastrándoos, arrincándoos, rompéndoos ou incendiándoos e en xeral calquera acto tendente ó seu deterioro ou inutilización para o uso ó que están destinados.

d).- Depositar nas papeleiras productos líquidos e outros resíduos sólidos que non sexan papeis e asimilables a estes ou pequenos obxectos inservibles dos que desexe desprenderse o posuidor na rúa.

e).-Depositar outros residuos ou materias distintas nos recipientes destinados ó depósito e recollida selectiva dun tipo de residuos.

2.- Sen prexuízo e con independencia das sancións que procedan impoñer conforme ó establecido nesta ordenanza, os danos que se causen nas papeleiras e colectores de lixo serán aboados polos que os ocasionasen.

ARTIGO 7:

Queda prohibido realizar calquera operación que poida lixa-las vías e espacios públicos e de forma especial:

a).-Lavar, limpar e reparar vehículos así como cambiar ós mesmos o aceite ou outros líquidos.

b).-Manipular ou seleccionar os reboutallos ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a recollida ou alterando os seus envases.

c).-Sacudir ou limpar esteras, alfombras ou calquera outra prenda na vía pública ou sobre a mesma desde fenestras, balcóns ou terrazas.

d).- Tender roupas nos ocos nas fachadas exteriores dos edificios que sexan visibles desde a vía pública.

e).-Regar as plantas que se teñan no exterior dos edificios producindo molestias ós transeúntes pola caída de auga.

f).-Ter macetas ou outros recipientes ou elementos con risco de caída á vía pública.

ARTIGO 8:

1.- Non se permite realizar actos de propaganda ou calquera outro tipo de actos que leve consigo repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas ou utilizando outros medios impresos, ensuciando os espacios públicos, sendo responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e no seu defecto e salvo proba en contrario, aqueles en favor dos cales se faga a mesma.

2.- Quedará dispensada a propaganda electoral durante os períodos legalmente habilitados e aqueloutros con especial significación política e xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos publicitarios de acordo coas leis e disposicións municipais que se adopten a tales efectos.

ARTIGO 9:

1.- Os establecementos de carácter permanente ou de temporada situados en vías e espacios públicos están obrigados a manter permanentemente limpo o espacio en que desenvolvan a súa actividade e as súas proximidades.

2.- A mesma obriga incumbe ós propietarios de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie de vía ou espacio libre púbico que se ocupe con mesas, cadeiras e outros elementos, así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

3.- As persoas titulares de expendurías de loterías e en xeral de actividades que polas súas características poidan dar lugar a que os clientes acostumen a desprenderse de papeis, impresos, envases, envoltorios e similares, disporán de papeleiras ou recipientes co fin de evitar que se depositen ou tiren á vía pública.

ARTIGO 10:

1.- Rematadas as operacións de carga e descarga de calquera vehículo, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen luxadas durante a operación, retirando da vía pública os resíduos verquidos, sen prexuízo de observar o cumprimento da normativa de seguridade vial.

2.- Están obrigados ó cumprimento do disposto neste precepto os donos dos vehículos, as persoas que realicen as operación e subsidiariamente os/as titulares dos establecementos ou fincas para as que se efectuasen as operacións indicadas.

ARTIGO 11:

A retirada de terras, entullos ou outros materiais procedentes de obras de demolición de edificios e o transporte e verquido dos mesmos, rexerase pola ordenanza reguladora da instalación de colectores na vía pública.

ARTIGO 12:

As persoas que leven cans ou outros animais polas vías e espacios públicos, ademais de levalos atados, deben impedir que estes depositen as súas defecacións en calquera lugar destinado ó tránsito de viandantes e levalos polas beiras dos bordos ou lugares non transitados.

No caso de que as defecacións queden depositadas en beirarrúas ou outras zonas destinadas ó tránsito peonal, a persoa que leve o animal ten a obriga da súa limpeza inmediata.

CAPITULO II
LIMPEZA DE TERREOS E EDIFICIOS

ARTIGO 13:

As/os propietarias/os de toda clase de solares, terreos e construccións deberán mantelos en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público, alcanzando esta obriga á totalidade das edificacións ou ás distintas partes das mesmas, especiamente ás visibles desde a vía pública. O Concello, de oficio, ordenará a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación de prazo de realización, que estará en razón á magnitude das mesmas. En todo caso o incumprimento desta obriga determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, con imposición da multa que proceda segundo a lexislación vixente e con advertencia da súa execución con carácter subsidiario polo propio Concello e con cargo á ou ó obrigado.

ARTIGO 14:

1.- Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos e demais elementos dos inmobles lindantes coas vía públicas, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeuntes nin luxar a vía pública e se nembargantes, esta fose luxada, os donos dos establecementos están obrigados á súa limpeza retirando os residuos resultantes.

2.- Ademais de cumprir a normativa a que se fai referencia no artigo 11, as ou os propietarios e conductores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais poirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar haberán de tomar cantas medidas sexan precisas para cubriren tales materiais durante o transporte e evitaren que a causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública parte dos materiais transportados, e de producirse a caída, teñen a obriga da recollida dos mesmos e a perfecta limpeza dos residuos e no seu caso o baldeo da zona afectada.

Así mesmo, antes de saíren das obras, haberán de lavarse os baixos e rodas dos vehículos, co fin de impedir que luxen as vías públicas.

ARTIGO 15:

Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da cidade, prohíbese:

a).-Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, fachadas, farolas, valados, papeleiras e noutros elementos das vías públicas non instalados con esta finalidade.

b).-Rasgar, luxar, ou arrincar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou localizacións autorizadas ó efecto.

Con esta finalidade, o Concello utilizará todos os mecanismos coactivos que a lexislación en vigor lle fornece e, en particular, as ordes de execución previstas no artigo 245.1 en relación co artigo 21 do R.D.Lex. 1/1992 de 26 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

ARTIGO 16:

Os propietarios ou titulares de inmobles ou establecementos, coidarán de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexan os específicos dunha profesión ou actividade, sempre que se dispoña de autorización para a súa instalación.

ARTIGO 17:

Cando o inmoble fose obxecto de pintadas ou pegado de carteis, a/o propietario ou persoa encargada comunicarao ó servicio municipal competente, que ordenará a súa limpeza con cargo á persoa que resulte responsable.

ARTIGO 18:

Durante os períodos electorais en que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade impresa, o Concello adoptará espacios especiamente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios, de conformidade coa normativa específica aplicable.

CAPITULO III

RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS

ARTIGO 19:

1.- A recollida e transporte dos residuos sólidos domiciliarios e asimilables para o seu tratamento en centros de eliminación, realizarase polo Concello ou empresa xestora dos servicios nas condicións, itinerarios e coa frecuencia e horarios que o Concello determine, dándolle publicidade para o seu coñecemento pola vecindade polos medios adecuados, especialmente cando se introduzan modificacións que deben ser coñecidas.

ARTIGO 20:

1.- As ou os productores ou posuidores de residuos sólidos urbanos deberán poñelos para a súa recollida nas condicións que se determinan nesta ordenanza, noutra normativa aplicable ou orde da Alcaldía, a disposición do Concello que adquirirá a propiedade dos mesmos desde a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma de prestación do servicio.

2.- Ditas persoas quedarán exentas de responsabilidade polos danos que poidan causar tales reboutallos ou residuos, sempre que na súa entrega teñan observado as citadas ordenanzas e demais normas legais ou regulamentarias.

3.- Da recepción dos residuos sólidos farase cargo o persoal adicado á mesma, e quen os entregue a calquera outra persoa física ou xurídica que careza da correspondente concesión ou autorización municipal deberá responder solidariamente con estes polos prexuízos que puidesen producirse por causa daqueles, independentemente das sancións a que houbese lugar. En ningún caso e baixo ningún pretexto, deben entregarse os residuos ó persoal encargado do varrido e rega das rúas.

ARTIGO 21:

1.- Cando os residuos sólidos pola súa natureza a xuízo do servicio municipal competente puideran presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixirase ó productor ou posuidor dos mesmos, que previamente á súa recollida, realice un tratamento para eliminar ou reducir no posible estas características ou que os deposite en forma ou lugar adecuados e cumpra todas as súas obrigas relativas ás operacións de xestión dos mesmos, de acordo coa normativa aplicable vixente sobre residuos tóxicos e perigosos.

2.- Así mesmo, as/os productores ou posuidores de resíduos potencialmente tóxicos ou perigosos ou que polas súas características poidan producir trastornos no transporte e tratamento, quedan obrigados a proporcionar ó Concello e adxudicatario do servicio, información completa sobre a súa orixe, cantidade e características, sendo responsable en todo momento de cantos danos se produzan cando se omitise ou falsease aquela información.

ARTIGO 22:

1.- Enténdese por residuos domiciliarios a efectos unicamente desta ordenanza os que proceden da normal actividade doméstica así como os producidos en establecementos que pola súa natureza e volume son asimilables ós anteriores.

2.- O Concello poderá dispoñer que en todo o Municipio ou en zonas determinadas se depositen por separado en recipientes especiais aqueles resiuos susceptibles de distintos aproveitamentos como papeis e cartóns, botellas, latas, pilas e calquera outros en que así se determine.

3.- O Concello disporá os medios necesarios para acadar unha porcentaxe óptima de recuperación dos residuos domiciliarios ou asimilables a estes, mediante a súa separación en orixe. Así mesmo, fomentará a reciclaxe de materiais como papel e cartón,

latas, vidro, pilas usadas, metais, plásticos, etc., facilitando en todo o municipio ou en zonas determinadas os depósitos ou centros de transferencia necesarios ó efecto.

Periodicamente o Concello planificará e levará a cabo programas e campañas de concienciación cidadá, tendentes á responsabilización desta na producción e destino dos residuos e á potenciación de hábitos de consumo ecolóxicos.

ARTIGO 23:

1.- A evacuación de residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipientes normalizados que en cada caso sinale o Concello, de acordo coa natureza dos residuos, as

características do sector ou vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo servicio municipal competente.

2.- Nas zonas ou barrios onde a recollida se efectúa mediante recipientes herméticos subministrados polo Concello, as e os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservalos e mantelos en adecuadas condicións de hixiene, sendo responsables do deterioro que poidan sufrir pola súa culpa ou neglixencia.

3.- Os titulares de establecemento que polo volume de lixo precisen un maior número de colectores que os subministrados, deberán adquirilos pola súa conta, se ben deberán ser homologados polo Concello, estando obrigados os seus usuarios á súa conservación, limpeza e lavado e a súa substitución ou reposición cando sexa precisa.

ARTIGO 24:

Cando os colectores sexan luxados indebidamente, as operacións de limpeza que, no seu caso, esixan os recipientes normalizados será de conta dos habitantes das vivendas e das persoas propietarias cando sexan edificios públicos ou de establecementos comerciais, sen prexuízo do mantemento e limpeza periódica que realice o adxudicatario municipal.

ARTIGO 25:

Todos os residuos depositaranse necesariamente en recipientes normalizados e o persoal do vehículo recolector baleirará o contido dos mesmos no camión e depositaraos baleiros onde se atopaban evitando o trato inadecuado que poida producir o seu deterioro ou rotura.

ARTIGO 26:

1.- Cando os recipientes para depósito dos residuos sexan colocados na vía pública, na beirarrúa xunto ó bordo da calzada, esta operación non poderá facerse antes de unha hora do paso do vehículo se a recollida se efectúa de día ou antes do horario establecido en cada caso por Resolución da Alcaldía da que se dará publicidade nos medios de comunicación local.

Unha vez baleirados os recipientes procederase á súa retirada o máis axiña posible se a recollida se efectúa de día ou antes das 9,00 horas da mañá se é nocturna, a excepción dos establecementos comerciais, que poderán retiralos á apertura dos mesmos.

Cando por calquera circunstancia non sexa posible a ubicación de contedores do lixo nos locais de edificios ou actividades especialmente habilitados ó efecto ou na vía pública, e deban colocarse preto das fachadas dos edificios ou locais de negocio, cada usuario deberá situar o contedor de lixo que utilice xunto á do seu edificio, vivenda ou local, debendo evitar en todo momento que a colocación dos mesmos -polo seu traslado cara ó contiguo- poida causar prexuízos ou molestias ó resto dos usuarios.

2.- Nos barrios con rúas interiores nas que non poida acceder o vehículo recolector ós portais das vivendas, os recipientes haberán de colocarse en lugar que teña acceso dito vehículo.

ARTIGO 27:

Se unha entidade pública ou privada tivese que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a producción diaria normal e non de forma frecuente, non poderán presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos, a entidade poderá transportar os residuos pola súa conta ó centro de eliminación na forma que indique o Concello.

CAPITULO IV
RESIDUOS ESPECIAIS

ARTIGO 28:

Os productores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, aproveitamento dos mesmos, se realice sen risco para as persoas e o medio ambiente. En consecuencia, estes residuos deben ser depositados en vertedeiros de seguridade ou eliminados na forma que técnica e normativamente coresponda segundo a natureza e características do residuo tóxico ou perigoso de que se trate, sendo os propietarios de tales residuos os únicos responsables dos posibles danos e perdas que os mesmos poidan ocasionar.

ARTIGO 29:

1.- Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados ocomo inertes ou similares ós residuos urbanos e, en xeral, os que presenten un risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente.

O Concello establecerá un sistema axeitado de inspección e control, fundamentalmente mediante mostraxe, nas instalacións do vertedeiro e planta incineradora municipais, así como noutras instalacións destinadas á xestión dos residuos sólidos urbanos, coa finalidade de impedir o vertido de residuos que polas súas especiais características poidan ser considerados como tóxicos e perigosos.

ARTIGO 30:

A xestión integral dos residuos de orixe industrial que teñan por disposición da lei a consideración de toxicos ou perigosos e, en particular, a súa eliminación, deberá ralizarse necesariamente por xestor debidamente autorizado, cumprindo a totalidade das obrigas establecidas na Lei 20/86 de 14 de maio, Básica de residuos tóxicos e perigosos e no seu Regulamento de execución, aprobado por R.D. 833/88 de 20 de xullo ou na normativa específica vixente en cada momento, e sen prexuízo do deber de facilitar a este Concello canta información sexa considerada de interese a estes fins.

Verbo dos residuos industriais asimilables a urbanos o Concello establecerá e levará en debida forma sobre a base da información subministrada obrigatoriamente polos productores ou posuidores desta clase de residuos a efectos de obter a previa e preceptiva autorización municipal de vertido, un rexistro de empresas productoras desta clase de residuos, así como dos xestores autorizados ó efecto. No mesmo figurarán, entre outros datos, a caracterización precisa do tipo e volume do residuo xerado, os posibles tratamentos en orixe realizados, o tipo de xestión empregado, as frecuencias e sistemas de producción e eliminación, e cantos outros poidan resultar de interese para un mellor exercicio das potestades municipais de inspección.

Esixirase ós productores ou xestores de residuos de orixe industrial asimilables ós residuos sólidos urbanos presentar os mesmos, cando a súa eliminación deba realizarse mediante vertido nas instalacións municipais correspondentes , cun grao máximo de compactación ou trituración, así como de desecación, reducindo deste xeito a producción de lixiviados.

ARTIGO 31:

1.- Cando os residuos industriais sexan tóxicos ou perigosos ou poidan resultar de tal condición polo transcurso do tempo, só poderán ser depositados en instalacións especiais que aseguren a súa destrucción e inocuidade.

2.- O transporte dos residuos sólidos industriais poderá realizarse polos propios productores e posuidores ou por terceiras persoas que conten coa oportuna licencia e mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo risco.

3.- A dependencia municipal competente en materia de protección do medio ambiente desenvolverá medidas e programas sectoriais de garantir a correcta xestión dos residuos industriais tóxicos e perigosos no termo municipal.

4.- Todas as actividades ou industrias productoras de residuos tóxicos e perigosos deberán xestionalos correctamente e cumprir as disposicións contidas na normativa sobre residuos tóxicos e perigosos. O Concello de Vigo poderá esixir a presentación dos xustificantes que permitan garantir a correcta xestión dos devanditos residuos. Deberán ser aportados coas solicitudes de licencia municipal de actividades e instalacións que potencialmente sexan xeradoras dos mesmos, para o seu control preventivo.

ARTIGO 32:

1.- Prohíbese depositar nos recipientes normalizados destinados a residuos domiciliarios os entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias en cantidade maior de 0,1 m3, requeríndose previa autorización.

2.- Os entullos e terras procedentes de movementos de terra, haberán de eliminarse polos interesados con suxeción á preceptiva autorización municipal e conforme ó previsto na ordenanza Municipal á que fai referencia o artigo 11.

ARTIGO 33:

1.- Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou reboutallos procedentes de obras na vía pública ou a construcción, reforma, reparación ou conservación de demolición de edificacións ou de calquera tipo de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na súa totalidade ou afecte algunha das súas partes.

2.- Igualmente, queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valado protector das obras, material de

construcción, area, cemento, ladrillos e outros materiais.

ARTIGO 34:

Prohíbese depositar na vía pública e espacios públicos mobles, electrodomésticos, colchóns, útiles ou outros obxectos inservibles para que sexan retirados polos camións recolectores da recollida de lixo domiciliario, debendo as persoas que desexen desprenderse dos mesmos, solicitalo do Servicio Municipal correspondente, que lle indicarán o día de retirada, debendo depositalos a tal fin na vía pública entre as 21,00 e 23,00 horas de dito día.

ARTIGO 35:

Sen prexuízo do procedemento a seguir para a retirada e depósito de vehículos previsto na lei e disposicións específicas de aplicación, os servicios munici-

pais ou por persoa que designe, procederán á retirada dos mesmos situados nas vías e espacios públicos, sempre que polos seus signos externos e carencia da placas de identificación, poidan considerarse residuos sólidos urbanos como consecuencia da súa situación de notorio abandono.

ARTIGO 36:

1.- A efectos desta ordenanza e no seu ámbito de aplicación, consideraranse abandonados aqueles vehículos, ou os seus restos, que polo seus signos exteriores non sexan aptos para circular por carecer dalgún dos elementos necesarios ou que, aínda contando aparentemente coa totalidade destes elementos, polos seus evidentes signos de abandono e deterioro, como o tempo de permanencia en idéntica posición de estacionamento, permitan presumir este estado.

2.- En ningún caso terán a consideración de abandonados os vehículos suxeitos a intervención xudicial ou administrativa, sen prexuízo de que a autoridade municipal poida dispoñer a adopción das mediddas pertinentes por razóns de seguridade, perigo de incendio ou afecten á salubridade pública.

3.- En todo caso, os propietarios dos vehículos ou dos seus restos, -de resultaren coñecidos- teñen a obriga de satisfacer os gastos de recollida, transporte e depósito, conforme ó previsto na ordenanza de aplicación.

ARTIGO 37:

Quen voluntariamente queira desprenderse dun vehículo en estado de abandono, pode solicitalo ó Concello mediante escrito ó que se axuntará a baixa do mesmo, expedida polo organismo competente da Administración do Estado, facéndose cargo dos gastos de recollida e transporte que se orixinen na contía prevista nas ordenanzas aplicables.

ARTIGO 38:

1.- Prohíbese o abandono de cadáveres de calquera animal sobre toda clase de terreo, vías ou espacios públicos, así como a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

2.- As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos han de facelo a través do Servicio Municipal competente que porecederá a súa recollida, transporte e eliminación.

3.- O disposto no parágrafo anterior non será aplicable en caso de explotacións gandeiras ou industriais.

ARTIGO 39:

Quen observe a presencia dun animal morto debe comunicar tal circunstancia ó Servicio Municipal competente, a fin de proceder á retirada do mesmo nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

ARTIGO 40:

Entenderase como residuos hospitalarios aqueles xerados por unha actividade sanitaria. A efectos desta ordenanza establécese a seguinte clasificación de residuos solidos hospitalarios:

TIPO I.- Residuos hospitalarios asimilables a urbanos (os producidos nas cociñas, nos labores administrativos, o mobiliario e equipamento en desuso, as embalaxes, residuos de xardinería, etc.).

TIPO II.- Residuos clínicos sen perigosidade específica (textís manchados con fluídos corporais, vendaxes, algodón usado, compresas, apósitos, etc.).

TIPO III.- Residuos biocontaminantes (inclúense: materiais contaminados procedentes dos laboratorios de microbioloxía e inmunoloxía, os restos humanos que legalmente non teñan que ser trasladados ós cemiterios, o sangue e outros fluídos corporais contaminados procedentes de quirófanos ou paritorios, obxectos cortantes ou punzantes, e outros residuos patolóxicos e/ou infecciosos).

ARTIGO 41:

1.- Rexeranse pola normativa específica as operacións de recollida, almacenamento, transporte, tratamento, recuperación e eliminación dos residuos tóxicos ou perigosos procedentes de centros sanitarios conforme á lexislación aplicable.

2.- En particular, a recollida dos residuos clínicos sen perigosidade específica (Tipo II) recolleranse en bolsas de polietileno de cor verde que cumpran coa norma UNE-53-147-85, debidamente etiquetadas e a dos especiais ou biocontaminantes (Tipo III) en recipientes de peche hermético dun só uso e incinerables que cumpran a norma DIN 30739, así mesmo debidamente etiquetados.

Polo que atinxe o seu transporte, este realizarase mediante a utilización duns medios tales que garantan en todo momento a estanqueidade, a seguridade, a hixiene e a total asepsia nas operacións de carga, descarga e transporte propiamente dito.

3.- Todas as actividades xeradoras de residuos hospitalarios tóxicos e perigosos deberán telos correctamente xestionados. O Concello de Vigo poderá esixir a presentación dos xustificantes que permitan garantir a correcta xestión dos devanditos residuos. Deberán ser aportados coas solicitudes de licencia municipal de actividades e instalacións que potencialmente sexan xeradoras dos mesmos, para o séu control preventivo.

3.- En todo o aquí non previsto, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 20/86, de 14 de Maio, Básica de resíduos tóxicos e perigosos e o seu Regulamento de execución aprobado por R.D. 833/88, de 20 de Xullo.

ARTIGO 42:

Os donos de establecementos comerciais que tivesen que desprenderse de alimentos deteriorados, conservas caducadas e outros productos en condicións semellantes, teñen a obriga de entregar tales refugallos ó Concello, proporcionando canta información sexa necesaria ter en conta a fin de efectuar unha correcta eliminación.

CAPITULO V
TRATAMENTO DE RESIDUOS

ARTIGO 43:

1.- E de competencia municipal o establecemento e xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos que poderá

realizalo a través de calquera das formas de xestión municipal previstas pola vixente lexislación de Réxime Local ou baixo calquera outra modalidade xestora, inter ou supramunicipal, ou convenios de cooperación con outras Administración Públicas.

2.- Ademais dos sistemas e plantas de tratamento de que dispón o Concello, poderá establecerse e utilizarse calquera outro procedemento de eliminación de residuos de eficacia e respeto ó medio ambiente de abondo contrastados, ó tempo que se fomentará a recuperación e reciclaxe de materiais como o papel, cartón, vidro, metais, plásticos, etc., prohibíndose en todo o termo municipal os depósitos de lixos e resíduos en zonas distintas ás municipais previstas a tal fin, sen prexuízo do disposto nos números 2 e 3 do artigo 4 da Lei 42/75, de 19 de novembro.

ARTIGO 44:

Todo depósito ou vertedeiro de residuos sólidos urbanos que non teña sido previamente autorizado será declarado clandestino e inmediatamente clausurado, impedíndose a súa utilización e podéndose obrigar á/ ó responsable á eliminación do depositado e no seu caso realizalo o Concello a cargo daquel/a, todo iso sen prexuízo das sancións previstas nesta lei.

ARTIGO 45:

Os vertedeiros, depósitos, plantas de eliminación ou aproveitamento de resíduos sólidos urbanos cumprirán as disposicións que lles afecten, calquera que sexa o seu propietario ou titular e a forma de xestión.

CAPITULO VI
RÉXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 46:

Calquera persoa física ou xurídica poderá denunciar perante o Concello as infraccións á presente ordenanza e as disposicións específicas sobre a materia, tendo a obriga de formular denuncia o persoal municipal adscrito ó servicio correspondente que ostentará a efectos desta ordenanza a condición de Auxiliar da Policía Local e, no seu caso, o persoal da empresa adxudicataria dos Servicios regulados nesta ordenanza.

ARTIGO 47:

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que fose propietario/a.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas, tales como o uso, conservación e limpeza de recipientes normalizados, limpeza de zonas comúns e en casos análogos, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmoble se non está consituída e, ó efecto, as denuncias formularanse contra a mesma ou, no seu caso, a persoa que ostente a súa representación.

ARTIGO 48:

1.- Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas contidas nesta ordenanza.

2.- As infraccións clasificanse en leves, graves e moi graves, segundo a tipificación que se fai das mesmas nos artigos seguintes.

ARTIGO 49:

1.- Para impoñer unha sanción derivada dunha infracción grave o moi grave, deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se seguirá conforme ó disposto na lexislación sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- A sanción das faltas leves imporase de acordo coa normativa indicada no parágrafo anterior e previa tramitación dun procedemento sancionador abreviado no que, en todo caso, se cumpra co trámite de audiencia ó interesado.

ARTIGO 50:

1.- Constitúen infraccións leves:

a).-A vulneración das prohibicións previstas nos artigos 6, 7, 9 e 13.

b).-O incumprimento das disposicións en materia de limpeza, salubridade e ornato de solares, terreos e edificacións.

c).-Tirar lixos ós patios de luces e de cuarteirón.

d).-Depositos de residuos domiciliarios ou doutra natureza en papeleiras.

e).-Incumprimento das normas sobre utilización dos recipientes herméticos para depósito de residuos.

f).- Calquera outro incumprimento a preceptos desta ordenanza que non estea calificado como infraccións graves o moi graves.

2.- Constitúen infraccións graves:

a).-A reincidencia na comisión de tres faltas leves no período de un ano.

b).-A realización de actos que comporten incumprimento á prohibición prevista no apartado c) do nº 1 do artigo 6, agás que a infracción sexa de moi escasa entidade.

c).-Realizar actos de propaganda mediante reparto, lanzamento de carteis, folletos e por outros medios que luxen as vías e espacios públicos.

d).- Incumprimento das normas sobre depósito e retirada de entullos nas vías públicas procedentes de obras.

e).-Non proceder á limpeza das defecacións de cans ou outros animais nas vías públicas ou non adoptar as precaucións establecidas nesta ordenanza.

f).- Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.

g).-Abandono de mobles e aveños na vía ou espacios públicos, incumprindo o disposto no artigo 34.

h).- Abandono de animais mortos ou a súa inhumación en terreos públicos.

i).- Abandono de vehículos nos supostos previstos no artigo 35 desta ordenanza.

3.- Constitúen infraccións moi graves:

a).-A reincidencia na comisión de 3 faltas graves.

b).-Incumprimento do disposto no artigo 41 sobre resíduos clínicos.

c).-Adicarse á recollida, transporte, aproveitamento ou depósito de residuos sen a debida autorización ou licencia.

d).- Non proporcionar información ó Concello sobre a orixe, cantidades e características dos residuos que poidan producir trastornos no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir e obstruír o labor inspector nos supostos de residuos industriais.

e).-Verquido de lixos e residuos sólidos en lugares non autorizados.

ARTIGO 51:

Como contía das sancións fixanse as seguintes:

a).-Para as faltas leves: Apercibimento e multa ata 15.000 pesetas.

b).-Para as faltas graves: Multa de 15.001 a 25.000 pesetas.

c).-Para as moi graves: Multas de 25.001 a 100.000 pesetas, e nos supostos de reincidencia, impoñeranse as sancións previstas na Lei 42/1975, de 19 de novembro, sobre reboutallos e residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 52:

Para determinar a contía da sanción, e de conformidade co disposto no artigo 16 das Disposicións Comúns ás ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente deste Concello, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infraccción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

V.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACION DE CONTEDORES NA VIA PUBLICA.

ARTIGO 1:

A presente ordenanza ten por obxecto regular a instalación en vías públicas de recipientes particulares destinados á retirada de terras, entullos ou outros materiais procedentes de obras de construcción, reforma ou demolición de edificios no termo municipal de Vigo, así como o seu transporte e vertido.

ARTIGO 2:

Os efectos desta ordenanza denominaranse contedores de obra (en adiante chamados "contedores") todos aqueles recipientes deseñados especificamente para carga ou descarga mecánica sobre vehículos especiais para o seu manexo e transportes.

Todo os contedores axustaranse ás características que máis adiante se describen.

Quedan exceptuados do contido desta ordenanza todos os demais recipientes con capacidade igual ou inferior a 1.100 litros destinados á recolleita de residuos sólidos urbanos e outros servicios de limpeza.

ARTIGO 3:

O contido desta ordenanza é de aplicación, sen restricción ningunha, en tódalas rúas, camiños, prazas, zonas de esparcimento e calquera outro espacio público do termo municipal, aínda cando xenericamente só faga mención no seu articulado ás vías públicas.

Nembargantes, o anterior tamén será de aplicación no que así expresamente se ordenen e afecte para todos aqueles contedores situados en propiedade privada, que deberían ser utilizados conforme ás prescricións desta ordenanza.

ARTIGO 4:

A colocación de contedores está suxeita á concesión de licencia municipal específica, outorgada singularmente para cada obra e contedor determinados.

Os contedores situados no interior dunha zona de obras sen ocupación de vía pública non precisarán licencia municipal.

ARTIGO 5:

Para a solicitude e concesión da licencia correspondente será condición inexcusable exhibir a autorización relativa á obra á que afecte, dando coñecemento ó departamento municipal de Tráfico e á Policía Local.

ARTIGO 6:

A licencia será expedida previo pagamento do prezo público fixado na ordenanza correspondente.

ARTIGO 7:

A licencia será concedida por un período máximo de QUINCE DIAS (15) naturais consecutivos e para un só contedor.

ARTIGO 8:

En obras de importancia que precisen xustificadamente a utilización de contedores por un prazo maior, poderá concederse ata un máximo de VINTE (20) días naturais, contados a partir da iniciación dos efectos da licencia mediante solicitude de prórroga de cinco días.

ARTIGO 9:

Se durante a execución dunha obra fose preciso solicitar unha nova licencia, esta poderá concederse sempre que transcorresen polo menos dez días naturais desde a prescrición da licencia anterior, a estes efectos terase en conta a data de finalización da prórroga concedida se a houbese.

ARTIGO 10:

A licencia expresará en todo caso:

- Datos de identificación do titular da mesma, cun teléfono de servicio permanente.
- Obra para a que o servicio se expide con referencia ó expediente de licencia de obras correspondente.
- Data de validez da licencia.
- Lugar de localización do contedor en calzada ou beirarrúa.
- Características dos vertidos.
- Centro de vertido previsto.

ARTIGO 11:

Xuntamente coa licencia cubrirase unha folla-guía presentada pola propia empresa solicitante que deberá fixarse na parte exterior do contedor de forma que sexa perfectamente lexible e quede protexida dos axentes exteriores.

Unha copia da folla-guía achegarase á licencia correspondente.

ARTIGO 12:

Os contedores serán de sección recta lonxitudinal trapecial e de sección recta transversal rectangular. Poderán dispoñer dunha das súas caras inclinadas abatible con ferraxes que garanta, unha vez cargado, o bo transporte do seu contido sen que se produzan derrames; tamén poderá dispoñer de tapas practicables.

As súas dimensións máximas admisibles serán: lonxitude cinco metros (5 m.), ancho dous metros (2 m.) e altura un metro e medio (1,5 m.).

En casos especiais e con carácter excepcional poderán autorizarse contedores especiais de distintas características ós descritos, debendo ser sometidos a aprobación a súa xeometría e dimensións.

ARTIGO 13:

Os contedores estarán construídos en chapa metálica de 3 a 6 mm. de espesor mínimos, de acordo con algún código homologado e serán totalmente estancos.

ARTIGO 14:

Deberá estar pintada a totalidade das súas caras exteriores de cor branca, marelo ou vermella. Nas súas caras laterais figurará, con caracteres ben visibles, escrito o número de contedor, nome ou razón social e un número de teléfono do servicio permanente en cores negra, azul mariña, ou verde escura. Ademais no ángulo superior dereito dunha das súas caras inclinadas non abatible figurará troquelado con caracteres de alomenos 2 cm. de alto, o número de contedor e o nome ou razón social do propietario, debaixo do que será adherida a folla-guía correspondente.

ARTIGO 15:

Non poderá presentar bordos vivos de chapas nas súas arestas e esquinas. Os ángulos superiores serán rematados de forma que non poidan ocasionar danos cortantes.

ARTIGO 16:

Todos os contedores deberán lavarse interior e exteriormente permanecendo debidamento limpos durante a súa utilización.

Presentarán un aspecto de conservación e de cor adecuados.

Non estarán abollados nin poderán ter gretas, roturas ou zonas de óxido.

Os deterioros que polo seu correcto uso poidan presentar na pintura das súas caras laterais, nunca poderán afectar a máis do dez por cento (10%) da súa superficie exterior. ARTIGO 17: Unha vez cheos serán pechados ou tapados cunha lona ou cuberta a medida, debidamente amarrada ó contedor para o seu posterior transporte.

Así mesmo, permanecerán cubertos fóra do horario normal de obras e no seu caso, de precipitacións fortes para evitar acumulación de auga no seu interior.

ARTIGO 18:

Os contedores situaranse preferentemente e sempre que sexa posible dentro da propia obra ou no interior da súa zona valada, sen que esta supoña un incremento de superficie da mesma.

ARTIGO 19:

En superficies pavimentadas, calzadas e beirarrúas de moito tránsito ou en zonas axardinadas, non se autorizará a utilización de contedores especiais, que só se autorizarán en zonas libres e solos sen pavimentar.

ARTIGO 20:

Cando non sexa posible situar o contedor no interior da zona de obras, poderá colocarse na vía pública sempre que se aprobe a situación proposta no exterior e se observen as prescricións seguintes:

a).-Non se impedirá a visibilidade, respetarán as distancias a cruces establecidos polo Código da Circulación e demais normas vixentes a efectos de estacionamento. Situaranse de forma que non entorpenzan a libre circulación de persoas e vehículos.

b).-Non poderán situarse en pasos de peóns, pasaxes permanentes, reservas de estacionamento e parada.

c).-En ningún caso poderán colocarse, total ou parcialmente sobre as tapas de acceso de servicios públicos, sobre alcorques das árbores, nin en xeral entre ou sobre ningún elemento urbano que poida dificultar a súa normal utilización en caso de emerxencia.

d).- Tampouco poderán situarse sobre as beirarrúas que teñan unha amplitude, unha vez deducido o espacio ocupado polas pasaxes permanentes no seu caso, que non permita unha zona de libre paso de un metro como mínimo unha vez colocado o contedor, nin na calzada cando o espacio que quede libre sexa inferior para a circulación a 3 metros en vías dun só sentido de marcha, ou de 6 metros nas vías de dobre sentido. En todo caso deberá situarse na beirarrúa ou na calzada pero nunca entre unha e outra.

e).-En todo caso colocaranse de forma que o seu lado máis longo estea situado en dirección paralela ó eixe lonxitudinal na rúa.

f).- Cando se coloquen ó bordo dunha beirarrúa, que así o permita, non poderá sobresaír ningunha das súas partes do bordo da mesma.

g).-No caso de situarense na calzada deberán permitir o libre paso das augas que discorran polas marxes daquela, estando colocados a non menos de 30 cm. do bordo.

ARTIGO 21:

Nas horas nocturnas e en vías insuficientemente iluminadas permanecerán acesos os sinais luminosos de cor vermella, situados nas dúas esquinas máis próximas ó eixe da calzada (instaladas de acordo co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión ou mediante lámpadas autónomas).

ARTIGO 22:

Os contedores só poderán ser utilizados polo persoal da obra para a que foron autorizados, responsabilizándose a persoa titular de que non se realice no seu interior vertido alleo a aquel para o que foi autorizado.

Queda prohibido verquer nos contedores situados, calquera substancia nociva, tóxica, insalubre, inflamable, perigosa ou perecedeira que poida constituír risco ou molestia para as e os usuarios da vía pública ou a vecindade.

ARTIGO 23:

A carga dos contedores colocados na vía pública realizarase depositando os materiais directamente dentro do mesmo, quedando prohibida a utilización de ramplas, conductos ou cintas transportadoras, etc.

Non poderá exceder en ningún caso do seu límite superior quedando prohibido suplementar a súa capacidade mediante taboleiros ou outros elementos que modifiquen as súas dimensións.

ARTIGO 24:

Os contedores deberán ser retirados:

a).-En calquera momento, a requerimento da Alcaldía, por razóns de interese público debidamente xustificadas.

b).-Dentro das 24 horas seguintes, unha vez fosen enchidos.

c).-Antes das 00,00 horas do día seguinte a aquel en que expira o prazo polo que foi concedida a licencia.

ARTIGO 25:

A instalación e retirada dos contedores realizaranse con suxeición á normativa vixente en materia de Carga e Descarga, e, observando as demais normas inherentes que sexan de aplicación, agás orde expresa do Concello.

Unha vez retirado o contedor, a superficie do seu asentamento deberá quedar en perfecto estado e completamente limpa.

ARTIGO 26:

O/a titular da licencia será responsable dos desperfectos ou deterioros que poida producir no pavimento, quen deberá comunicalo de inmediato á Administración Municipal, facéndose cargo das gastos que a súa reparación orixine.

ARTIGO 27:

A Empresa propietaria dos contedores deberá subscribir unha póliza de seguro que garanta a responsabilidade dos posibles danos causados na vía pública e/ou a terceiros.

ARTIGO 28:

O vertido dos contedores soamente poderá efectuarse nos lugares que a tal efecto teña autorizados a Administración municipal, previa obtención do correspondente permiso, así como o aboamento do prezo público establecido.

Queda terminantemente prohibido o vertido de terras e materiais en todo o termo municipal que non sexa expresamente autorizado polo Concello para dita finalidade.

ARTIGO 29:

Baixo ningún concepto permitirase a utilización dos contedores obxecto da presente ordenanza, sexa cal sexa o seu lugar de instalación, para o vertido e transporte de productos líquidos ou pastosos, nin aquelas que aínda sendo sólidos poidan ser nocivos, tóxicos, insalubres, perigosos ou perecedeiros.

ARTIGO 30:

As empresas propietarias dos contedores deberán dispoñer dun recinto axeitado para albergar os vehículos e contedores, así como as instalacións adecuadas para o lavado dos mesmos.

ARTIGO 31:

O transporte dos contedores realizarase en vehículos debidamente autorizados e adaptados a tal fin, que disporán dos elementos de suxeición necesarios. O contedor deberá transportarse sempre tapado coa súa lona ou cuberta firmemente suxeito ó vehículo.

ARTIGO 32:

Serán responsables do cumprimento das obrigas establecidas na presente ordenanza, as empresas propietarias dos contedores.

ARTIGO 33:

Sen prexuízo das responsabilidades de carácter civil ou penal correspondentes, a infracción do disposto na presente ordenanza será sancionada pola Alcaldía con multa de ata 15.000 pesetas; ademais da facultade da Administración municipal de ordenar a inmediata retirada do contedor, se así o estima conveniente; retirada que será efectuada pola propia Administración a costa da persoa interesada, en caso de incumprimento por parte da mesma.

No caso de reincidencia na comisión de infraccións, en canto ó lugar e forma de efectuar os vertidos, será de aplicación o disposto na Lei 42/1975 de 19 de novembro, sobre refugallos e residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 34:

A autorización de instalación dos contedores e a fixación do lugar da súa localización será expedida pola Xefatura da Policía Local, respetando as competencias que correspondan á Alcaldía para concesión de licencias e as que correspondan a calquera outros órganos ou departamentos municipais.

ARTIGO 35:

O correspondente prezo público cobrarase por adiantado de conformidade co previsto na ordenanza reguladora de prezos públicos por aproveitamentos especiais da vía pública.

VI.- ORDENANZA MUNICIPAL DE ZONAS NATURAIS E ESPACIOS VERDES.

Artigo 1:

Toda a cidadanía ten dereito ó uso e gozo das zonas verdes públicas de acordo co establecido na presente ordenanza e demais disposicións aplicables.

Artigo 2:

Constitúe o obxecto da presente ordenanza a defensa do medio natural e das zonas verdes urbanas no senso máis amplo (implantación, conservación, uso e gozo), que comprende tanto as plantacións realizadas sobre o solo de propiedade municipal como sobre os terreos particulares que estean afectados como zona verde no planeamento urbanístico vixente e os comprendidos no catálogo a elaborar polo Concello e no que constarán as formacións e especies vexetais singulares que polas súas características peculiares de beleza, antigüidade, historia ou rareza, merezan ser conservadas. A/o propietario do terreo non

poderá proceder á supresión de árbores ou plantacións incluídas neste catálogo sen a autorización municipal correspondente. O devandito catálogo deberá ser elaborado polo servicio municipal competente no prazo de 2 anos.

Se con motivo dunha obra, choque de vehículos, canles particulares etc., resultase a árbore morta, danada ou fose necesario o seu traslado, o Concello, a efectos da correspondente indemnización e sen prexuízo da sanción que corresponda, valorará a árbore sinistrada en todo ou en parte segundo as normas citadas polo ICONA no seu "Boletín de la Estación Central de Ecología" vol. IV, número 7.

A presente ordenanza regula tamén o uso dos espacios verdes públicos e os elementos neles instalados así como as plantacións, principalmente de arboredo, existentes nas vías públicas e as prazas da cidade.

Comprende por último a regulación das condicións hixiénicas e fito-sanitarias que terán que cumprir todas as plantacións nos xardíns ou espacios privados.

Artigo 3:

Cando os servicios municipais consideren que determinados xardíns, no seu conxunto ou algúns dos seus elementos, teñen un notable interese botánico, histórico ou de outra índole, poderán propoñer a súa catalogación de conformidade coas determinacións da lexislación urbanística ó respecto.

Artigo 4:

As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais, como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, configuracións topográficas do terreo e calquera outro que conforme as características ecolóxicas da zona, que servirán de soporte ós novos usos, podendo converterse, en casos específicos, en condicionantes do deseño.

Artigo 5:

Verbo da plantación, as novas zonas verdes deberán cumprir as seguintes normas:

a)- Respetaranse todos os elementos vexetais a que se refire o artigo anterior.

b)- Escolleranse con preferencia especies vexetais propias do noso contorno.

c)- Non se utilizarán especies que nese momento estean expostas a pragas e enfermidades con carácter crónico e que como consecuencia poidan ser focos de infección.

d)- As plantas que se utilicen deberán encontrarse en perfecto estado sanitario, sen golpes nen magulladuras que poidan resultar infectados. O seu tamaño deberá ser axeitado para o desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios orgánicos que provoquen enfermidades no mesmo por debilidade do sistema radicular.

Artigo 6:

As redes de servicios (eléctricas, telefónicas, de saneamento, distribución de auga etc.) que teñan que atravesar as zonas verdes deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas.

As redes de servicios públicos non poderán usarse en ningún caso para interese ou finalidade privada. En especial, prohíbese o uso da auga da rede municipal de rega para xardíns de titularidade privada.

Artigo 7:

As árbores e arbustos que integren as zonas verdes serán podados axeitadamente na medida en que a falla desta operación poida supoñer un detrimento no vigor vexetativo, un aumento da susceptibilidade ó ataque de pragas e enfermidades ou un perigo de caída de pólas secas.

Artigo 8:

Todo propietario/a dunha zona verde queda obrigado/a a realizar os oportunos tratamentos fitosanitarios preventivos pola súa conta, en evitación de pragas e enfermidades das plantas desa zona verde.

No caso de que unha praga ou enfermidade se declare nas plantacións dunha zona verde,a ou o propietario deberá dar ás mesmas e ó seu cargo, o correspondente tratamento fito-sanitario no prazo máximo de oito días, debendo, en caso necesario, proceder a suprimir e eliminar as devanditas plantacións de forma inmediata.

Artigo 9:

Os xardíns e zonas verdes tanto públicos como privados deberán encontrarse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato, así como libres de maleza espontánea, nun grao en que non poidan ser causa de infección ou materia facilmente combustible.

Artigo 10:

As persoas titulares de quioscos, bares etc., que integren nas súas instalacións algún tipo de plantacións deberán velar polo bo estado das mesmas.

Artigo 11:

As obras de apertura de gabias na vía pública, tanto se son para redes ou canalizacións de servicios públicos como para a rede de sumidoiros, así como as de construcción de bordos e vaos faranse de forma e nos lugares que ocasionen os menores danos posibles ó arboredo e outras plantacións da vía pública.

En todas estas obras será obrigatorio para as persoas interesadas a reposición das árbores e plantacións afectadas.

A estes efectos esixiráselles, antes de seren concedidas as correspondentes licencias, a constitución dun depósito de garantía polo importe estimado da referida reposición, segundo valoración efectuada polo Servicio de parques e xardíns.

Se este Servicio o estima oportuno, previamente á realización das obras serán trasladadas a outro lugar, a cargo do interesado, as árbores ou outros elementos afectados.

Artigo 12:

Nos proxectos de edificacións particulares, as entradas e saídas de vehículos deberán preverse en lugares que non afecten ó arboredo ou plantacións existentes na vía pública. A este efecto, nos proxectos das obras deberán sinalarse os elementos vexetais existentes na vía pública.

Nos casos en que a norma anterior sexa de imposible cumprimento por razóns das circunstancias de feito concorrentes, os elementos vexetais serán trasladados a cargo da persoa interesada a outro lugar que sexa compatible co uso privado.

Cando excepcionalemnte sexa inevitable a supresión dalgunha árbore ou plantación, en compensación ó interese público perturbado, os interesados deberán aboar unha indemnización equivalente ó triple do valor dos elementos vexetais que resulten afectados, segundo valoración do Servicio de parques e xardíns.

Artigo 13:

Pola súa cualificación como bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que pola súa finalidade, contido, características ou fundamento presupoñan a utilización deses recintos con fins particulares en detrimento da súa propia natureza e destino.

Artigo 14:

Cando por motivos de interese se autoricen nese lugares actos públicos, deberanse tomar as medidas necesarias para que a maior afluencia de persoas ós mesmos non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, esas autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adoptar as medidas precautorias necesarias.

Artigo 15:

Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas deberán cumprir as instruccións que sobre a súa utilización figure nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes.

En calquera caso, deberán atender as indicacións que formulen os axentes da Policía Local e o persoal municipal competente.

Artigo 16:

Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, estarán prohibidos os seguintes actos:

1.- Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.

2.- Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.

3.- Pisar o céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilizalo para xogar, repousar ou estacionarse sobre el.

4.- Cortar flores, pólas ou especies vexetais.

5.- Cortar, apear ou podar árbores situadas en espacios públicos sen autorización municipal expresa.

6.- Arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincar as súas "cortizas", cravar puntas, atar ás mesmas randeeiras, escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquera outro elemento, gabear ou subir ás mesmas.

7.- Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra sobre as sobreiras das árbores ou verter nelas calquera clase de productos tóxicos.

8.- Tirar nas zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou productos caústicos ou fermentables ou calquera outro elemento que poida dañar as plantacións.

9.- Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non teñan instalacións axeitadas ó efecto.

Artigo 17:

Para a boa conservación e mantemento das diferentes especies de animais existentes nas zonas verdes, así como dos lagos e estanques existentes nas mesmas, non se permitirán os seguintes actos:

a.- Cazar, perseguir ou molestar indebidamente calquera tipo de animal.

b.- Pescar, inquietar ou causar dano ós peixes, así como tirar calquera clase de obxectos ou refugallos ós lagos, estanques e recintos análogos.

c.- A tenencia neses lugares de utensilios ou armas destinadas á caza de aves ou dotros animais.

Artigo 18:

As e os usuarios das zonas verdes non poderán abandonar nos devanditos lugares especies animais de ningún tipo.

Artigo 19:

Os cans deberán ir conducidos por persoas e provistos de correa, agás nas zonas debidamente acoutadas para eles, circulando polas zonas de paseo dos parques, evitando causar molestias ás persoas, achegarse ós xogos infantís, penetrar nas pradeiras de céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes e espantar ás pombas, paxaros e outras aves.

As persoas que os conduzan coidarán de que depositen as súas dexeccións nos lugares axeitados ó efecto e sempre arredados dos de localización de xogos infantís, zonas de nenos etc. En todo caso, deberá estarse ó disposto ó respecto na ordenanza de Limpeza e Residuos Sólidos Urbanos.

A ou o propietario do can será responsable do seu comportamento de acordo coa normativa aplicable.

Queda absolutamente prohibida a permanencia, tránsito ou paseo de cans, cabalos e outros animais polas praias desta cidade.

Artigo 20:

A preservación da tranquilidade e acougo, características propias das zonas verdes, esixe que:

a).-A práctica de xogos e deportes hanse realizar nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

1.-Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas.

2.- Poidan causar danos ou deterioros a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.

3.- Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrumpan a circulación.

4.- Perturben ou molesten de calquera xeito a tranquilidade pública.

b).-Os voos de avións de modelismo propulsados por medios mecánicos soamente poderán realizarse nos lugares expresamente acondicionados a tal fin.

c).-As actividades industriais restrinxiranse ó máximo, limitándose a venda ambulante de calquera clase de productos, que soamente poderán efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

A instalación de calquera clase de industrias, comercios restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xelados etc., requerirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto.

Os concesionarios deberán axustarse estrictamente ó alcance da súa autorización, sendo responsables das súas extralimitacións.

d).- Agás nos lugares especialmente destinados a estes fins, non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña ou vehículos a tal efecto habilitados, practicar camping ou establecerse con algunha destas finalidades, calquera que sexa o tipo e tempo de permanencia.

Artigo 21:

Nas zonas verdes non se permitirá:

a).-Lavar vehículos, roupas ou proceder ó tendido delas e tomar auga das bocas de rega.

b).-Efectuar inscricións ou pegar carteis nos peches, soportes de alumeamento público ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns.

c).-Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria nos parques catalogados. Nas restantes zonas verdes só se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo Concello.

d).- Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóbiles, albanelería, xardinería, electricidade, etc.

Artigo 22:

A entrada e circulación de vehículos nos parques será regulada de forma específica e concreta para cada un deles mediante a correspondente sinalización que a tal efecto se instale nos mesmos.

Artigo 23:

As bicicletas e motocicletas só poderán transitar nos parques, prazas ou xardíns públicos, nas calzadas onde estea expresamente permitida a circulación de vehículos e naquelas zonas especialmente sinalizadas ó efecto.

O estacionamento e circulación destes vehículos non se permitirá nos paseos interiores reservados para os paseantes.

Os nenos/as de ata 10 anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques sempre que a escasa afluencia de público o permita e non causen molestias ós demais usuarios do parque.

Artigo 24:

Os vehículos de transporte non poderán circular polos parques, agás:

1º.- Os destinados ó servicio dos quioscos e outras instalacións similares, sempre que o seu peso non sexa superior a tres toneladas e nas horas que se indique para o reparto de mercancias.

2º.- Os vehículos ós Servicio do Concello de Vigo así como os dos seus provedores debidamente autorizados polo propio Concello.

Os autocares de turismo, excursións ou colexios soamente poderán circular polos parques e xardíns públicos e estacionarse neles nas calzadas onde estea expresamente permitida a circulación deses vehículos.

Os vehículos de inválidos que desenvolvan unha velocidade non superior a 10 Km/h poderán circular polos pasos peonís dos parques e xardíns públicos.

Os vehículos propulsados por calquera tipo de motor e que desenvolvan unha velocidade superior á indicada anteriormente non poderán circular polos parques e xardíns agás nas calzadas onde estea expresamente permitida a circulación de vehículos.

Artigo 25:

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes como bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalizacións, farolas e elementos decorativos (adornos, estatuas etc.) deberán manterse no máis axeitado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrucción serán responsables non só do resarcimento do dano producido senón que serán ademais sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida.

Así mesmo serán sancionados os que facendo un uso indebido deses elementos prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos. A tal efecto establécense as seguintes limitacións:

A).- Bancos:

Non se permitirá o uso inadecuado dos mesmos, arrincar os que estean fixos, trasladar os que non estean fixadaos ó chan, agrupar bancos de forma desordenada, realizar comidas sobre os mesmos de xeito que poidan manchar os seus elementos, realizar inscricións ou pinturas sobre eles e calquera acto contrario á súa normal utilización ou que prexudique ou deteriore a súa conservación.

As persoas encargadas do coidado dos nenos e nenas deberán evitar que estes, nos seus xogos, depositen sobre os bancos area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucialos ou manchar ós usuarios dos mesmos.

B).- Xogos infantís:

A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas nos sinais ó efecto establecidas, non permitíndose a utilización dos xogos infantís polos adultos ou por menores de idade superior á que se indique expresamente en cada sector ou xogo, así como tampouco a utilización dos xogos en forma que exista perigo para os seus usuarios ou poidan deterioralos ou destruílos.

C).- Papeleiras:

Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiaras a tal fin colocadas.

Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papaleiras, movelas, envorcalas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir pegatas ou outros actos que menoscaben a súa presentación.

D).- Fontes:

Os usuarios deberán absterse de realizar calquera manipulación nas cañerías e elementos da fonte que non sexan as propias do seu funcionamento normal, así como a práctica de xogos nas fontes de beber.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rega etc., non se permitirá utilizar a auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos e manipular os seus elementos.

E).- Sinalización, farolas, estatuas e elementos decorativos:

Verbo destes elementos do mobiliario urbano non se permitirá trepar, subirse, arrandearse ou facer calquera acción ou manipulación sobre os mesmos, así como calquera acto que os ensucie, prexudique ou deteriore.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 26:

Calquera persona natural ou xurídica poderá denunciar as infraccións a esta ordenanza en relación coas zonas verdes.

As denuncias, nas que se exporán os feitos considerados como presuntas infraccións, darán lugar á incoación do oportuno expediente, debéndose comunicar a súa resolución ás persoas denunciantes.

Artigo 27:

Terán a consideración de infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan o disposto na presente ordenanza.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves consonte se determina nos artigos seguintes:

Artigo 28:

Considéranse infraccións leves:

1.- Deteriorar os elementos vexetais, atacar ou inquietar ós animais existentes nas zonas verdes ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.

2.- Circular con animais (cans, cabalos etc.) por lugares non autorizados e, en particular, polas praias.

3.- Practicar xogos e deportes en sitios e forma non axeitada.

4.- Usar indebidamente o mobiliario urbano.

5.- As deficiencias de conservación de zonas verdes en aspectos non tipificados como infraccións de maior gravidade.

6.- As deficiencias na limpeza das zonas verdes.

Artigo 29:

Terán a consideración de infraccións graves:

1.- A reincidencia en infraccións leves.

2.- A implantación de novas zonas verdes con contravención do disposto nesta ordenanza.

3.- As deficiencias na aplicación de tratamentos sanitarios coa debida dosificación e oportunidade.

4.- Cando as plantacións que se atopen dentro da influencia dos concesionarios de quioscos, bares etc., presenten síntomas de teren sido regados con auga con deterxentes,sal ou calquera outro producto nocivo. Se estas anomalías ocasionasen a morte das plantas deberán ademais custear a plantación doutras iguais.

A reincidencia nesta falta pode mesmo ocasionar a anulación da correspondente concesión.

5.- As deficiencias na limpeza das zonas verdes cando produzan accidentes ou infeccións.

6.- A apertura incorrecta de zanxas segundo o establecido na presente ordenanza.

7.- Destruír elementos vexetais ou causar danos ós animais existentes nas zonas verdes.

8.- Practicar sen autorización as actividades a que se refire o artigo 20 desta ordenanza, a non ser que pola súa menor importancia poidan ser cualificadas como leves.

9.- Usar bicicletas en lugares non autorizados.

10.- Causar danos ó mobiliario urbano.

Artigo 30:

Terán a consideración de infraccións moi graves:

1.- A reincidencia en infraccións graves.

2.- Que a acción ou omisión infractora afecte a plantacións que estivesen catalogadas como de interese público.

3.- Que o estado dos elementos vexetais supoña un perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou entrañen grave risco para as persoas.

4.- A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal.

5.- Usar vehículos de motor en lugares non autorizados coma motocicletas de trial ou motocros, vehículos todo terreo, etc..

Artigo 31:

Sen prexuízo de esixir, cando proceda, a correspondente responsabilidade civil ou penal, as infraccións ós preceptos desta ordenanza serán sancionadas do seguinte xeito:

a).- As leves, con multas de 1.000 a 5.000 pesetas.

b).- As graves, con multas de 5.001 a 10.000 pesetas.

c).- As moi graves, con multas de 10.001 a 15.000 pesetas.

Artigo 32:

En todo caso, os danos causados nos bens de dominio público deberán resarcirse adecuadamente.

Artigo 33:

A contía das sancións graduarase tendo en conta a gravidade do dano realizado, a intencionalidade, reincidencia e demais circunstancias concorrentes.

Entenderase que incorre en reincidencia quen tivese sido sancionado por unha infracción ás materias desta ordenanza durante os doce meses anteriores.

Artigo 34:

A ordenanza deberá ser revisada unha vez desenvolvida a "Estratexia para a conservación do medio natural de Vigo".

*VII.- ORDENA*NZA MUNICIPAL DE RUíDOS E VIBRACIONS.

TITULO I

DISPOSICIONS XERAIS

INTRODUCCION

O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba disto é o aumento de denuncias por parte dos cidadáns, motivo polo cal se desenvolveu esta ordenanza cos obxectivos de regular a actuación municipal en orde á protección das persoas e dos bens contra das agresións producidas pola enerxía acústica nas súas manifestacións máis representativas, os ruídos e vibracións, e a aportación de solucións medioambientais operativas e de control.

ARTIGO 1

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular a actuación municipal en orde á protección das persoas e dos bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

2.Os efectos da presente ordenanza, os ruídos e as vibracións entenderanse comprendidas dentro dos elementos contaminantes da atmósfera por formas de enerxía aludidos no artigo 1 da Lei de Protección do Ambiente Atmosférico.

ARTIGO 2

1. Quedan sometidas ás prescricións establecidas nesta ordenanza, de obrigatoria observancia en todo

o termo municipal, todas as actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptibles de producirен molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou ós bens situados baixo o seu campo de influencia.

2. Igualmente quedan sometidos ás prescricións establecidas na ordenanza todos os elementos constructivos constituíntes da edificación, en tanto en canto facilitan ou dificultan a transmisión dos ruídos e vibracións producidos no seu contorno.

ARTIGO 3

Corresponderá ó Concello exercer o control do cumprimento da presente ordenanza, esixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado.

ARTIGO 4

1. Para aquelas actividades, instalacións ou obras que se autoricen a partir da entrada en vigor da ordenanza, as prescricións establecidas na mesma son de obrigado cumprimento.

2. Verbo das actividades, instalacións o obras autorizadas con anterioridade á entrada en vigor da ordenanza, a adecuación ás normas establecidas na mesma realizarase segundo o disposto nas disposicións transitorias.

ARTIGO 5

1. Co fin de poder diferenciar e ponderar os diversos ruídos con maior precisión e racionalidade efectúasè unha primeira clasificación do ruído en función das características ambientais nas que se desenvolve. Deste xeito obtéñense cinco niveis que representan unha diversidade de ruídos con características comúns e que se definen nos puntos seguintes.

2. Nivel de emisión.-Os efectos desta ordenanza enténdese por nivel de emisión o nivel de presión acústica orixinado por unha fonte sonora. O nivel de presión acústica (Lp) en decibelios (dB) queda definido pola relación: Lp = 20 log P/Po
Sendo:

P: Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado conforme á curva de referencia normalizada (A)

Po: Presión acústica de referencia, de valor:

Po = 2 x 105 Nw/m2 (Pascals) umbral de audición para un ouvido san a unha frecuencia de 1.000 Hz.

2.1. Nivel de emisión interno (N.E.I.).- É o nivel de presión acústica existente nun determinado local onde funcionen unha ou máis fontes sonoras.

2.2. Nivel de emisión externo (N.E.E.).- É o nivel de presión acústica orixinado por unha ou máis fontes que funcionen no espacio libre exterior.

3. Nivel de recepción.- É o nivel de presión acústica existente nun determinado lugar orixinado por unha fonte sonora que funciona nunha localización distinta.

3.1. Nivel de recepción interno.- É o nivel de recepción medido no interior dun local. A súa vez distínguense dúas situacións que veñen definidas nos apartados seguintes:

3.1.1. Nivel de recepción interno con orixe interno (N.R.I.I.).- É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto situado no propio edificio ou edificio colindante.

3.1.2. Nivel de recepción interno con orixe externo (N.R.I.E.).- É aquel nivel de recepción interno orixinado por un caudal sonoro que procede do espacio libre exterior.

3.2. Nivel de recepción externo (N.R.E.).- É o nivel de recepción medido nun determinado punto situado no espacio libre exterior.

ARTIGO 6

1. Co fin de poder diferenciar e medir con simplicidade e eficacia os diversos ruídos, efectúase unha caracterización do ruído tendo en conta a variación do mesmo en función do tempo. Deste xeito considéranse os ruídos que se definen de seguido:

2. Ruído continuo.- É aquel que se manifesta ininterrumpidamente durante máis de dez minutos. A súa vez, dentro deste tipo de ruídos diferencianse tres situacións:

2.1. Ruído continuo-uniforme.- É aquel ruído continuo cun nivel de presión acústica (Lp), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medida, que se mantén constante ou ben os límites en que varía difiren en menos de + 3 dB (A); en períodos de medida de dous minutos.

2.2. Ruído continuo-variable.- É aquel ruído cun nivel de presión acústica (Lp), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medida, que varía entre uns límites que difiren en + 3 e + 6 dB(A).

2.3. Ruído continuo-fluctuante.- É aquel ruído cun nivel de presión acústica (Lp), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medida, que varía entre uns límites que difiren en + 6 dB(A).

3. Ruído transitorio.- É aquel que se manifesta ininterrumpidamente durante un período de tempo igual ou menor de cinco minutos. A súa vez, dentro deste tipo de ruído, diferéncianse distintas situacións.

3.1. Ruído transitorio-periódico.- É aquel ruído que se repite con maior ou menor exactitude, cunha periodicidade cunha frecuencia que é posible determinar.

3.2. Ruído transitorio-aleatorio.- É aquel ruído que se produce de forma totalmente imprevisible, polo que para a súa correcta valoración cómpre unha análise estatística da variación temporal do nivel sonoro durante un tempo suficientemente significativo.

4. A efectos desta ordenanza considérase dividido o día en tres períodos denominados: diurno, dende as 8:00 ata as 22:00 horas, nocturno entre as 22:00 e as 8:00 horas, e intermedio, o comprendido entre as 20:00 e as 24:00 horas.

ARTIGO 7

1. Co fin de poder diferenciar e ponderar os diversos ruídos con maior precisión e racionalidade efectúase unha terceira clasificación do ruído tendo en conta a relación establecida entre a fonte sonora ou vibrante causante da molestia e o propietario ou manipulador de dita fonte. Considéranse, ós efectos establecidos no artigo 49, dous tipos de ruídos que presentan características comúns e que se definen nos puntos seguintes.

2. Ruído obxectivo.- É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante que funciona dun xeito automático, autónomo ou aleatorio, sen que interveña ningunha persoa que poida variar as condicións de funcionamento da fonte.

3. Ruído subxectivo.- É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante cunhas condicións de funcionamento que quedan supeditadas á vontade do manipulador ou titular de dita fonte.

ARTIGO 8

Ruído de fondo.- A efectos desta ordenanza, considérase o ruído de fondo existente nun determinado ambiente ou recinto, como o nivel de presión acústico que se supera durante o 90% dun tempo de observación suficientemente significativo, en ausencia do ruído obxecto da inspección.

ARTIGO 9

1. O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a

medición do illamento acústico e nivel de vibración será do tipo 1.

Para a medición do nivel de ruído exterior poderán utilizarse equipos de precisión do tipo 2.

A efectos da clasificación da precisión dos sonómetros aterémonos ó establecido pola normas IEC-651 e IEC-804.

2. O inicio e final de cada medición acústica comprobarase unha medición do sonómetro utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia quedará recollida no informe de medición.

ARTIGO 10

1. A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarase en decibelios, corrixidos conforme á rede de ponderación normalizada mediante a curva de referencia tipo (A).

2. A posta en estación do equipo de medida realizarase en conformidade cos requisitos establecidos no anexo desta ordenanza en función das características ambientais en que se desenvolve o ruído obxecto da medición (Art. 5).

3. A característica introducida no equipo de medida (lento, rápido ou estatístico) será a establecida no anexo desta ordenanza en función da variación do ruído respecto do tempo (Art. 6).

ARTIGO 11

1. A determinación do nivel de vibración realizarase de acordo co establecido na norma ISO-2631 2, apartado 4.2.3.

A magnitude determinante da vibración será a súa aceleración medida sobre un eixe e corrixida mediante a aplicación da ponderación combinada sobre os tres eixes (R.M.S.) en m/seg2.

2. Para cuantificar a intensidade da vibración utilizarase calquera dos procedementos que se indican nos apartados seguintes.

2.1. Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.

2.2. A medición do espectro da vibración considerada en bandas de tercio de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén

dito espectro. A estes efectos utilizarase o diagrama do artigo 14 punto 2.

No caso de variación dos resultados obtidos por un ou outro sistema considerarase o valor máis elevado.

3. No informe da medición consignaranse, ademais os seguintes datos:

— Plano acoutado sobre a situación do acelerómetro.

— Vibración de fondo unha vez paralizada a fonte xeradora das vibracións.

ARTIGO 12

A medición do illamento acústico esixido ás distintas particións e solucións constructivas que compoñen os diversos recintos das edificacións, realizarase seguindo as prescricións establecidas na norma UNE 74-040 (B.O.E. nº 242/88).

TITULO II
NIVEIS DE RUIDO E VIBRACION ADMISIBLE

ARTIGO 13

1. Ningunha fonte sonora poderá emitir nin transmitir niveis de ruído superiores ós sinalados no cadro I adxunto ó presente título.

2. Exceptúanse da prohibición expresada no punto anterior os ruídos procedentes do tráfico, construcción e traballos na vía pública cunha regulación que se efectúa en títulos específicos. Os equipos ós que se refire o R.D. 245/89 (B.O.E. 11.3.89), deberán cumprir os límites específicos de emisión sonora vixentes.

3. Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, recreativa ou doutra natureza ou ben por tradicional consenso da poboación, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para modificar con carácter temporal en determinadas zonas do casco urbano os niveis ós que fai alusión o punto primeiro deste artigo.

ARTIGO 14

1. Ningún aparello mecánico poderá transmitir ós elementos sólidos que compoñen a compartimentación do recinto receptor niveis de vibración superiores ós sinalados no anexo A da Norma ISO-2631-2, ou norma aplicable vixente.

2. O Concello de Vigo fixará o diagrama de curvas base de vibracións a empregar.

CADRO I

SITUACION DA FONTE SONORA	NIVEIS MAXIMOS DE EMISION O EXTERIOR EN dBA		
	8:00-22:00h	22:00-24:00h	24:00-8:00h
Zona con equipamento sanitario	45	40	35
Zona con residencias, servicios terciarios non comerciais ou equipamentos non sanitarios	55	50	45
Zona con actividades comerciais	65	60	55
Zonas con actividades industriais ou servicios urbanos, excepto os servicios de admón.	70	60	55

ACTIVIDADE	NIVEIS MAXIMOS DE EMISION O EXTERIOR EN dBA		
	8:00-22:00h	22:00-24:00h	24:00-8:00h
Equipamento sanitario	30	25	25
Cultural e relixioso	30	30	30
Educativo	40	35	30
Para ocio	40	40	40
Servicios de hospedaxe	40	35	30
Oficinas	45	45	45
Comercio	55	55	55
Residencial habitacións	35	30	30
Cociñas, pasillos e aseos	40	35	35
Zonas de acceso común	50	45	40

TITULO III
CONDICIONS ESIXIBLES A EDIFICACION

ARTIGO 15

1. As condicións acústicas esixibles ós diversos elementos constructivos que compoñen a edificación serán as determinadas no capítulo III da Norma Básica de Edificación sobre Condicións Acústicas (NBE-CA-88).

2. Exceptúanse do apartado anterior os forxados constitutivos da primeira planta da edificación cando dita planta sexa de uso residencial e na planta baixa poden localizarse, conforme ó planeamento, usos susceptibles de producir molestias por ruídos ou vibracións. Nestes casos o illamento acústico a ruído aéreo esixible será de 55 dB (A).

ARTIGO 16

Os aparellos elevadores, as instalacións de ventilación e acondicionamento de aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas, a transformación de enerxía eléctrica e demais servicios dos edificios serán instalados coas precaucións de ubicación e illamento que garantan un nivel de transmisión sonora ós locais e ambientes próximos que cumpra co disposto no Título II desta ordenanza.

ARTIGO 17

1. ' Co fin de evitar no posible a transmisión de ruído a través da estructura da edificación deberán terse en conta as normas establecidas nos seguintes apartados.

2. Todo elemento con órganos móbiles manterase en m perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire á suavidade dos seus rodamentos.

3. Non se permitirá a ancoraxe directa de máquinas ou soportes da mesma nas paredes medianeiras, teitos ou forxados de separación de recintos, senón que se realizará interpoñendo os adecuados dispositivos antivibratorios.

4. As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas con órganos con movemento alternativo deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre o solo e illadas da estructura da edificación por medio dos adecuados antivibradores.

5. Os conductos polos que circulen fluidos líquidos ou gaseosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas en tales máquinas. As bridas e soportes dos conductos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conduccións dotaranse de materiais antivibratorios.

6. Nos circuítos de auga evitarase a producción dos "golpes de ariete", e as seccións e disposición das válvulas e billame haberán de ser tales que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

ARTIGO 18

A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas no presente título.

Sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos, non se concederá a licencia de primeira utilización ou ocupación.

TITULO IV
CONDICIONS ESIXIBLES AS ACTIVIDADES RELACIONADAS COS USOS PRODUCTIVO, TERCIARIO E EQUIPAMENTO.

ARTIGO 19

Os efectos desta ordenanza consideraranse sometidas ás prescricións do presente título as actividades adicadas ós usos que se especifican a continuación:

-Industrial
-Talleres
-Almacéns
-Oficinas
-Comercial
-Establecementos públicos
-Deportivo
-Educativo

ARTIGO 20

Tanto a producción como a transmisión dos ruídos e vibracións orixinados nas actividades contempladas no artigo anterior deben axustarse ós límites establecidos no título II da presente ordenanza.

ARTIGO 21

Os titulares das actividades citadas nos artigos precedentes están obrigados a adoptar as medidas de insonorización das súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumpriren en cada caso as prescricións establecidas, dispoñendo se fose necesario de sistemas de ventilación forzada de xeito que poidan pecharse os ocos ou ventás existentes ou proxectados.

ARTIGO 22

1. Nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, e demais normativa complementaria en materia de actividades clasificadas, acompañarase un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras previstas para que a emisión e transmisión dos ruídos xerados polas distintas fontes sonoras cumpran as prescricións desta ordenanza.

Este estudio xustificativo desenvolverá como mínimo os aspectos que se establecen nos seguintes apartados.

2. No caso de ruído aéreo:

- Identificación das fontes sonoras máis destacables da actividade e valoración do nivel acústico das mesmas (NEI).
- Localización e descripción das características da zona máis probable de recepción do ruído orixinado na actividade, sinalando expresamente os límites de ruído legalmente admisibles en dita zona (NR).
- Valoración, en función dos datos anteriores da necesidade mínima do illamento acústico a ruído aéreo.
- Deseño da instalación acústica proposta, con descripción dos materiais utilizados e detalles constructivos da súa montaxe.
- Xustificación analítica da validez da instalación proposta.

3. No caso de ruído estructurado por vibracións:

- Identificación da máquina ou instalación conflictiva, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia).
- Descripción do antivibrador seleccionado e cálculo analítico onde se aprecie a porcentaxe de eliminación obtido coa súa instalación.
- Detalle gráfico onde se aprecien as características da súa montaxe.

4. No caso de ruído estructural por impactos:

- Descripción da natureza e características físicas do impacto.
- Valoración sobre a posible transmisión ós recintos colindantes.
- Descripción da solución técnica deseñada para a eliminación da transmisión estructural de ditos impactos.
- Detalle gráfico onde se aprecian as características da solución adoptada.

ARTIGO 23

1. As actividades adicadas ó uso industrial, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste título con carácter xeral, adoptarán as medidas que se establecen nos apartados seguintes.

2. A ancoraxe de máquinas e aparellos que produzan vibracións ou trepidacións realizarase de xeito que se acade o seu óptimo equilibrio estático e dinámico, dispoñendo bancadas de inercia de peso comprendido entre 1,5 e 2,5 veces ó da máquina que

soporta apoiando o conxunto sobre antivibradores expresamente calculados.

3. Os conductos con circulación forzada de líquidos ou gases, especialmente cando estean conectados con máquinas que teñan órganos en movemento, estarán provistos de dispositivos que impidan a transmisión de vibracións. Estes conductos illaranse con materiais elásticos nas súas ancoraxes e nas partes do seu percorrido que atravesen muros ou tabiques.

4. Se non é posible a eliminación ou reducción do nivel de ruído producido durante o proceso productivo, adoptaranse as medidas de protección persoal necesarias cando existan traballadores expostos a doses de ruído superiores ás establecidas na vixente regulamentación en materia de seguridade e hixiene no traballo.

ARTIGO 24

1. As actividades adicadas ó uso de establecemento público, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste título con carácter xeral, adoptarán as seguintes medidas:

- Instalación de Chan Frotante se o chan do establecemento asenta sobre un forxado, dispoñendo libre o espacio inferior.

Cando o chan do establecemento asente sobre terreo firme admitirase a desolidarización do parámetro horizontal das verticais, especialmente dos piares.

- Instalación de Dobre Parede Lateral Frotante e Desolidarizada.
- Instalación dun Teito Acústico desconectado mecanicamente do forxado da plancha inmediatamente superior.

2. Estas instalacións garantirán, respecto á vivenda máis afectada pola actividade, que o nivel sonoro transmitido entre as 22 e as 8 horas non sexa superior a 25 dBA. De igual xeito, garantirán que o nivel sonoro transmitido entre as 8 e as 22 horas non supere os 35 dBA. No caso de incumprimento de calquera das devanditas condicións, quedará prohibido o funcionamento da actividade nesas instalacións.

3. Non serán esixibles os requisitos establecidos nos dous apartados precedentes, a aqueles establecementos cun horario de funcionamento que sexa exclusivamente o comprendido entre as 8 e as 22 horas e cuns aparellos musicais que sexan unicamente radio, televisión e fío musical cun nivel de emisión interno (N.E.I.) máximo de 75 dB (A). En calquera caso, nestes supostos os establecementos disporán dun illamento mínimo a ruído aéreo de 50 dB (A).

4. Unha vez realizadas as obras de illamento acústico esixidas no apartado 1 do presente artigo e antes de continuar coas demais obras, o titular da actividades solicitará visita de inspección a fin de comprobar o cumprimento das medidas correctoras (illamento, absorción e atenuación acústicas). Sen o informe favorable da eficacia das medidas adoptadas, non poderán continuarse as obras, e consecuentemente, non poderá ser posta en marcha a actividade.

ARTIGO 25

Todos os establecementos públicos que dispoñan de equipo musical de elevada potencia, independentemente doutras limitacións establecidas na ordenanza, non poderán superarse niveis sonoros máximos de 90 dB (A) nin picos de 130 dB en ningún punto ó que teñan acceso os clientes ou usuarios, agás que no acceso ou accesos do referido espacio se coloque o aviso seguinte: "A exposición prolongada ós niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no ouvido". O aviso deberá ser perfectamente visible tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación. Tales establecementos deberán cumprir rigorosamente o establecido no artigo 24.

ARTIGO 26

Naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ó uso de establecemento público e os niveis xerais de recepción externa producidos pola adición das múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilizan os establecementos públicos superen en máis de 15 dB (A) os niveis de recepción externa fixados no artigo 13.1, a Alcaldía poderá establecer limitacións máis restrictivas no uso das fontes sonoras nos establecementos públicos. En concreto, e como consecuencia da realización do mapa acústico da cidade, a Alcaldía poderá fixar limitacións máis restrictivas as contempladas nesta ordenanza.

TITULO V
REGULACION DO RUIDO DO TRAFICO

ARTIGO 27

Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, a carrocería e os demais órganos do mesmo capaces de producir ruídos co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular co motor en marcha non exceda dos límites que establece a presente ordenanza.

ARTIGO 28

1. Queda prohibida a circulación de vehículos a motor co chamado "escape libre" ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.

2. Queda prohibido forzar as marchas dos vehículos do motor producindo ruídos molestos como aceleracións innecesarias, forzar o motor en pendentes ou ir máis de unha persoa en ciclomotores.

ARTIGO 29

Queda prohibido o uso de bucinas ou calquera outro sinal acústico dentro do casco urbano, agás no caso de inminente perigo de atropelo ou colisión ou que se trate de servicios de urxencia (policía, bombeiros e ambulancias) ou de servicios privados para o auxilio urxente de persoas.

ARTIGO 30

1. Os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos a motor en circulación serán os establecidos polos Regulamentos 41 e 51 anexos ó Acordo de Xenebra de 20 de marzo de 1958 e decretos que o desenvolven (B.O.E. de 18.5.82 e 22.6.83).

2. Nos casos en que se afecten notoriamente á tranquilidade da poboación o Concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículo a motor non poidan circular ou deban facelo de forma restrinxida (en horario e velocidade).

A efectos do establecido no parágrafo anterior considéranse as zonas que soporten un nivel de ruído debido ó tráfico rodado que acade valores de nivel continuo equivalente (Lcq) superior a 55 dB (A) durante o período nocturno e 65 dB (A) durante o período diurno.

3. Para a inspección e control dos vehículos a motor, os servicios municipais competentes axustaranse ó establecido nos regulamentos 41 e 51 citados no artigo 30.1.

ARTIGO 31

A policía local formulará denuncia contra o propietario ou usuario de todo vehículo que ó seu xuízo sobrepase os niveis máximos permitidos, indicando a obriga de precintar o vehículo en lugar e hora preciso para o seu recoñecemento e inspección.

ARTIGO 32

A infracción das normas contidas neste título acarreará ós infractores, con independencia doutras responsabilidades legalmente esixibles, a imposición das correspondentes sancións.

O Concello, xunto á sanción imposta, indicará ó infractor o prazo en que debe corrixir a causa que tivese dado lugar á mesma.

TITULO VI
ACTIVIDADES VARIAS

ARTIGO 33

1. A producción de ruídos na vía pública e nas zonas de pública convivencia (prazas, parques, ribeiras, etc.) ou no interior dos edificios, deberá ser mantida dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá.

2. A prescripción establecida no parágrafo anterior refírese a ruídos producidos, especialmente en horas de descanso nocturno, polas circunstancias que se sinalan nos seguintes apartados.

2.1. O ton excesivamente alto da voz humana ou a actividade directa das persoas.

2.2. Os sonidos producidos polos diversos animais domésticos.

2.3. Os aparellos ou instrumentos musicais.

2.4. Os electrodomésticos.

ARTIGO 34

En relación cos ruídos a que se refire o artigo 33.2.1. queda prohibido:

- Cantar, berrar, vociferar ou realizar traballos e reparacións domésticas entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte.
- Realizar traballos de bricolaxe con carácter asiduo cando os ruídos producidos durante a execución dos mesmos superen os niveis expresados no Título II desta ordenanza.

ARTIGO 35

En relación cos ruídos a que se refire o artigo 33.2.2. establécese a obrigatoriedade, por parte dos propietarios domésticos, de adoptaren as precaucións necesarias a fin de que os ruídos producidos polos mesmos non ocasionen molestias ó vecindario.

ARTIGO 36

Verbo dos ruídos a que se refire o artigo 33.2.3. terase en conta que a televisión, radio e outros aparatos musicais deberán axustar o seu volume de forma que non sobrepasen os niveis establecidos no título II. Así mesmo, o uso dos diversos instrumentos musicais realizarase adoptando as necesarias precaucións, tanto na súa instalación como no local no que se utilicen, de xeito que os niveis de ruído producidos non superen os límites establecidos no Título II.

ARTIGO 37

En relación cos ruídos a que se refiere o artigo 33.2.4. prohíbese a utilización desde as 22 horas ata as 8 horas do día seguinte de calquera tipo de aparello doméstico, como é o caso de lavavaixelas, lavadoras, licuadoras, aspiradoras ou outros cando sobrepasen os niveis acústicos establecidos no título II.

ARTIGO 38

1. Con carácter xeral prohíbese o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción.

2. Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá.

ARTIGO 39

Nos traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non se autorizará o emprego de maquinaria cun nivel de emisión externo (N.E.E.) superior a 90 dB (A), medido na forma expresada no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 40

1. Os traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non poderán realizarse entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte se producen niveis sonoros superiores ós establecidos con carácter xeral no título II.

2. Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por razóns de necesidade ou perigo e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan realizarse durante o día. O traballo nocturno deberá ser expresamente autorizado polo Concello, quen determinará os límites sonoros que deberá cumprir en función das circunstancias que concorran en cada caso.

ARTIGO 41

Prohíbese o funcionamento, agás por causas xustificadas, de calquera sistema de alarma ou sinalización de emerxencia.

ARTIGO 42

Os titulares de instalacións de alarma deberán poñer en coñecemento da Dirección de Protección Cidadá a posta en funcionamento de ditas instalacións, así como un teléfono de contacto para seren informados en caso de funcionamento (inxustificado ou non) da instalación.

ARTIGO 43

Autorizaranse as probas e ensaios dos sistemas de alarma, que serán de dous tipos:

a) Iniciais.- Serán as que se realicen previamente á súa posta en marcha. Poderán efectuarse entre as 10 e as 18 horas.

b) Rutinarias.- Serán as de comprobación periódica da instalación. Só poderán realizarse unha vez ó mes e nun intervalo máximo de 5 minutos, dentro do horario anteriormente indicado.

O Servicio de Protección Cidadá deberá coñecer previamente o plan destas comprobacións, con expresión do día e a hora en que se realizarán.

ARTIGO 44

Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma produza molestias á vecindade e non sexa posible localizar ó responsable ou titular de dita instalación, o Servicio de Protección Cidadá, en cumprimento do disposto no artigo 57 da ordenanza, procederá a desmontar e retirar o sistema de alarma.

ARTIGO 45

Calquera outra actividade ou comportamento persoal ou colectivo non comprendido nos artigos precedentes, que produza unha perturbación do vecindario por ruídos, evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, entenderase incursa no réxime sancionador desta ordenanza.

TITULO VII
RÉXIME XURIDICO
CAPITULO I.- INSPECCION

ARTIGO 46

O persoal do Concello, debidamente identificado, poderá levar a cabo visita de inspección ás actividades que veñan desenvolvéndose e ás instalacións en funcionamento ós efectos de comprobaren o cumprimento das determinacións da presente ordenanza.

Os propietarios dos establecementos e actividades productoras de ruídos e vibracións deberán permitir a inspección e facilitala.

ARTIGO 47

As visitas de inspección poderán levarse a cabo por propia iniciativa municipal ou previa solicitude de calquera interesado. As solicitudes conterán, ademais dos datos esixibles ás instancias na lexislación que regula o procedemento administrativo, os datos precisos para a realización da visita de inspección.

ARTIGO 48

Nos casos de recoñecida urxencia, cando os ruídos resulten altamente perturbadores ou cando sobreveñan ocasionalmente por uso abusivo, deterioro ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, a solicitude de visita de inspección poderá formularse directamente perante dos servicios de inspección tanto de palabra como por escrito.

ARTIGO 49

As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións e a tal fin as medicións relativas ó ruído obxectivo (artigo 7.2) realizaranse previa citación ó responsable do foco ruidoso e as medicións relativas ó ruído subxectivo (artigo 7.3.) practicaranse sen coñecemento do titular, sen prexuízo de que neste último caso poida ofrecerse ó responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presencia para o seu coñecemento.

En todo caso, concluída-las medicións entregarase ós interesados unha copia do resultado das mesmas.

ARTIGO 50

1. Os axentes de vixilancia do tráfico formularán denuncias por infracción do disposto na presente ordenanza cando, con axuda de aparellos medidores de ruído comproben que o nivel de ruídos producidos por un vehículo en circulación rebasa os límites sinalados no artigo 30 desta ordenanza. Poderá, así mesmo, formularse denuncia polos axentes de vixilancia de tráfico sen necesidade de aparellos medidores, cando se trate de vehículos que circulen co chamado "escape libre" ou produzan, por calquera outra causa un nivel de ruídos que notoriamente rebasen os límites máximos establecidos no citado artigo 30.

2. O titular do vehículo denunciado poderá unir ó prego de descargo certificación expedida por unha Delegación Territorial de Industria na que se faga constar o nivel de ruído comprobado pola mesma, sempre que presente o vehículo perante aquel organismo no prazo de dous días hábiles seguintes ó da entrega ou recepción do boletín de denuncia.

ARTIGO 51

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou emisións que contraveñan as disposicións da presente ordenanza.

As infraccións clasificanse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación contida nos artigos seguintes.

ARTIGO 52

Constitúe falta leve:

a) Superar os límites admitidos

b) Transmitir niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

c) Calquera outra infracción ás normas da presente ordenanza non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.

ARTIGO 53

Constitúe falta grave:

a) Superar en máis de 5 dB (A) os valores límite admisibles.

b) Transmitir niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.

d) A circulación de vehículos a motor co "escape libre" ou con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.

e) A non presentación dos vehículos ás inspeccións.

f) A negativa ou obstrucción ó labor inspector.

g) A reincidencia en faltas leves no prazo de 12 meses.

ARTIGO 54

Constitúe falta moi grave:

a) Superar en máis de 15 dB(A) os valores límite admitidos.

b) Transmitir niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.

c) A reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses.

ARTIGO 55

1. As infraccións ós preceptos da presente ordenanza sancionaranse do xeito seguinte:

a) Infraccións leves, con multa de ata 5.000 pts.

b) Infraccións graves, de 5.001 a 15.000 pts.

c) Infraccións moi graves, con multa de 15.001 pts. a 100.000 pts., clausura temporal ou definitiva da actividade perturbadora.

2. A clausura temporal ou definitiva poderase impoñer naquelas infraccións en que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtuar o resultado da inspección.

ARTIGO 56

Nas resolucións dos procedementos sancionadores poderase conceder un prazo para a adopción de medidas correctoras nos focos ruidosos ou se poderá impoñer a corrección de determinados comportamentos.

ARTIGO 57

Con independencia das demais medidas que se adopten, naqueles supostos en que a producción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, procederase inmediatamente a adoptar aquelas medidas provisionais procedentes para facer cesar as molestias.

ARTIGO 58

A aplicación das sancións establecidas nesta ordenanza non exclúe, nos casos de desobediencia ou resistencia á autoridade municipal ou ós seus axentes, que se pase o tanto de culpa que corresponda ós Tribunais de Xustiza.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

PRIMEIRA

O réxime que establece a presente ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que correspondan a outros organismos da administración na esfera das súas respectivas competencias.

SEGUNDA

Os catro anos da entrada en vigor da presente ordenanza procederase a analizar os seus resultados e propoñer, se é o caso, a modificación daqueles extremos que se consideren oportunos.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

PRIMEIRA

1. As disposicións contidas nos títulos I, II, VI e VII e Anexo sobre descripción de métodos operativos aplicaranse a todas as actividades e instalacións existentes no momento da entrada en vigor da presente ordenanza, con independencia da data en que se obtivese a autorización.

2. Aquelas actividades ou instalacións que produzan ruído cualificado como obxectivo por esta ordenanza superior ós niveis máximos admisibles, así como niveis de vibración superiores ós establecidos na ordenanza, disporán dun prazo de seis meses para adaptaren os establecementos a fin de garantir en todo momento o respecto ós niveis autorizados.

3. En todo caso as actividades e instalacións existentes deberán cumprir as esixencias de funcionamento establecidas con anterioridade á entrada en vigor da ordenanza.

SEGUNDA

Os establecementos públicos con licencia de actividade e instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, deberán adaptarse ó disposto no artigo XXIV da mesma nos casos seguintes:

a) Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan das obras de mera hixiene, ornato ou conservación.

b) Cando se transmita a licencia dos establecementos cun illamento inferior en máis de 5 dB (A) ó esixido no artigo 24 e se impuxese no ano inmediatamente anterior algunha sanción por incumprimento dos niveis de ruído ou vibracións.

c) Cando así se impoña como esixencia para a reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na ordenanza e conforme ó procedemento establecido no título VII.

TERCEIRA

Aquelas construccións con licencia de obra outorgada con anterioridade á entrada en vigor da ordenanza, deberán cumprir as condicións que lexitimamente establecese a licencia.

ANEXO. DESCRICION DOS MÉTODOS OPERATIVOS EMPREGADOS PARA REALIZAR AS DIVERSAS MEDICIONS ACUSTICAS.

APARTADO I. Nivel de Emisión Interno (N.E.I.)

1. A medición do nivel de emisión interno (N.E.I.) a que se refire o artigo 5.2.1. da ordenanza, realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2. Características ambientais.- A medición realizarase mantendo pechadas as portas E ventás existentes no recinto onde estea situada a fonte sonora.

Reducirase ó mínimo imprescindible o número de persoas asistentes á medición.

3. Posta en Estación do Equipo de Medida.- En xeral, e sempre que as características do recinto o permitan, o sonómetro colocarase a 1,20 m. do chan e a 2 m. de distancia da fonte sonora. Se a fonte é direccional o micrófono orientarase cara á mesma, abondando unha estación para a valoración do nivel acústico da fonte. Se a fonte é omnidireccional fixaranse tres estacións ó seu redor, formando ángulos de 120 graos.

En todo caso realizarase un esbozo acoutado coa localización do sonómetro.

4. Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto de seguido:

Ruído continuo-uniforme ..... Rápido (FAST)

Ruído continuo-variable ..... Lento (SLOW)

Ruído continuo-fluctuante ..... Estatístico

Ruído esporádico ..... Lento (SLOW)

5. Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído aténdose ó establecido nos puntos que se desenvolven nos seguintes parágrafos.

5.1. Ruído continuo-uniforme. Efectuaranse 3 rexistros en cada estación de medida, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL.) rexistrado. O nivel de emisión interna (N.E.I.) da fonte sonora resultará da media aritmética dos tres rexistros realizados.Para as fontes unidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión interno (N.E.I.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

5.2. Ruído continuo-variable.- De forma análoga á descrita no punto anterior.

5.3. Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro en cada estación de medida cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa abondo representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de emisión interno (N.E.I.) da fonte sonora virá representado polo índice LO5 valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión interna (N.E.I.) resultará da media aritmética dos valores obtidos en cada unha das estacións de medida.

5.4. Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo aparello de medida.

O nivel de emisión interna (N.E.I.) da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais o valor final representativo do seu nivel de emisión interna (N.E.I.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das estacións de medida.

APARTADO II.- Nivel de Emisión Externo (N.E.E.)

1. A medición do nivel de emisión externo (N.E.E.) a que se refire o artigo 5.2.2. da ordenanza realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2. Características ambientais.- Desistirase da medición cando as características climáticas (temperatura e humidade) queden fóra do rango das condicións de medida do equipo utilizado.

Para a velocidade do vento superior a 3 m/s desistirase da medición. Para velocidades inferiores poderase efectuar a medición sempre que se utilice o equipo de medida coa súa correspondente pantalla contra o vento.

3. Posta en estación do equipo de medida.- En xeral, e sempre que as características superficiais o permitan, o sonómetro colocarase a 1,20 m. do chan e a 2 m. de distancia da fonte sonora. Se a fonte é direccional o micrófono orientarase cara a mesma, e abondará unha estación para a valoración do nivel acústico da fonte. Se a fonte é omnidireccional fixaranse tres estacións ó seu redor, formando ángulos de 120 graos. En todo caso realizarase un esbozo acoutado coa localización do sonómetro.

4. Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto de seguido:

Ruído continuo-uniforme ..... Rápido (FAST)

Ruído continuo-variable ..... Lento (SLOW)

Ruído continuo-fluctuante ..... Estatístico

Ruído esporádico ..... Lento (SLOW)

5. Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído aténdose ó establecido nos puntos que se detallan nos seguintes parágrafos.

5.1. Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse 3 rexistros en cada estación de medida, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL.) rexistrado. O nivel de emisión externo (N.E.E.) da fonte sonora virá dado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión externo (N.E.E.) resultará da media aritmética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

5.2. Ruído continuo-variable.- De forma análoga á descrita no punto anterior.

5.3. Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro en cada estación de medida cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa abondo representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de emisión externo (N.E.E.) da fonte sonora virá representado polo índice L05 valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico. Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión Externa (N.E.E.) resultará da media aritmética dos valores obtidos en

cada unha das estacións de medida.

5.4. Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo aparello de medida.

O nivel de emisión externa (N.E.E.) da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais o valor final representativo do seu nivel de emisión externa (N.E.E.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

APARTADO III.- Nivel de Recepción Interno con Orixe Interna (N.R.I.I.)

1. A medición do nivel de recepción interno con orixe interna (N.R.I.I.) a que se refire o artigo 5.3.1.1. da ordenanza, realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2. Características ambientais.- A medición realizarase coa(s) ventá(s) e porta(s) do recinto pechadas, de xeito que se reduza ó mínimo a influencia do ruído exterior de fondo.

Reducirase ó mínimo imprescindible o número de persoas asistentes á medición e se as características do equipo de medición o permiten, desaloxarase totalmente o recinto onde se realiza a medición.

3. Posta en estación do equipo de medida.- Seleccionarase unha estación de medida que cumpra cos requisitos seguintes:

- Situarase o micrófono do equipo de medida a 1 metro da parede do recinto e a 1,20 metros do chan.
- A selección realizarase de xeito que a estación de medida afecte a aquela parede que se estime fundamental no que a transmisión de ruído se refire. No caso de non existir unha parede fundamental, seleccionarase preferentemente a parede oposta a aquela por onde se manifesta o ruído de fondo (xeralmente fachada).
- Sobre o lugar preseleccionado moverase experimentalmente o sonómetro paralelamente á parede transmisora tratando

de localizar o punto de maior presión acústica. Este movemento realizarase ó longo de 0,5 metros en cada sentido.

No lugar no que se aprecie maior intensidade acústica fixarase a estación de medida definitiva.

- A situación do equipo de medida se reflectirá e acoutará nun esbozo realizado ó efecto.

O micrófono orientarase de xeito sensiblemente octogonal cara á parede (ángulo horizontal) e lixeiramente inclinado cara a arriba (ángulo vertical).

4. Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto de seguido:

Ruído continuo-uniforme ..... Rápido (FAST)

Ruído continuo-variable ..... Lento (SLOW)

Ruído continuo-fluctuante ..... Estatístico

Ruído esporádico ..... Lento (SLOW)

5. Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído aténdose ó establecido nos puntos que se detallan nos seguintes parágrafos.

5.1. Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse 3 rexistros na estación de medida seleccionada, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL.) rexistrado.

O nivel de recepción interna con orixe interna (N.R.I.I.) da fonte sonora resultará da media aritmética dos tres rexistros realizados.

5.2. Ruído continuo-variable.- De forma análoga á descrita no punto anterior.

5.3. Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro en cada estación de medida cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa abondo representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de recepción interno con orixe interna (N.R.I.I.) da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

5.4. Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo aparello de medida.

O nivel de recepción interno con orixe interno (N.R.I.I.) da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

APARTADO IV.- Nivel de Recepción Interno con Orixe Externa (N.R.I.E.)

1. A medida do nivel de recepción interno con orixe externa (N.R.I.E.) a que se refire o artigo 5.3.1.2. da ordenanza, realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2. Características ambientais.- A medición realizarase coa(s) ventá(s) do recinto aberta (s). Desestirase da medición cando as características climáticas (temperatura e humidade) queden fóra das condicións de medida do equipo utilizado.

Para velocidades do vento superiores a 3 m/s desestirase da medición. Para velocidades inferiores poderase efectuar a medición sempre que se utilice o equipo de medida coa súa correspondente pantalla contra o vento.

Cando a fonte de ruído considerada se atope arredada da estación de medida, o nivel de recepción interno con orixe externa (N.R.I.E.) dependerá significativamente das condicións climáticas polo que no informe da medición reflectiranse as condicións existentes durante a mesma. Se é posible obterase un valor típico e unha indicación sobre a marxe de variación.

3. Posta en estación do equipo de medida.- O equipo situarase xunto o oco da ventá co micrófono enrasado co plano da fachada exterior e orientado cara á fonte sonora. A(s) ventá(s) permanecerán aberta(s).

4. Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto de seguido:

Ruído continuo-uniforme ..... Rápido (FAST)

Ruído continuo-variable ..... Lento (SLOW)

Ruído continuo-fluctuante ..... Estatístico

Ruído esporádico ..... Lento (SLOW)

5. Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído aténdose ó establecido nos puntos que se detallan nos seguintes parágrafos.

5.1. Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse 3 rexistros na estación de medida seleccionada, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL.) rexistrado.

O nivel de recepción interna con orixe externo (N.R.I.E.) da fonte sonora resultará da media aritmética dos tres rexistros realizados.

5.2. Ruído continuo-variable.- De forma análoga á descrita no punto anterior.

5.3. Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro na estación de medida seleccionada, cunha duración que dependerá das características do rùído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa abondo representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de recepción interno con orixe externo (N.R.I.E.) da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

5.4. Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo aparello de medida. O nivel de recepción interno con orixe externa (N.R.I.E.) da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

APARTADO V.- Nivel de Recepción Externo (N.R.E.)

1. A medida do nivel de recepción externo (N.R.E.) a que se refire o artigo 5.3.2. da ordenanza, realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2. Características ambientais.- Desestirase da medición cando as características climáticas (temperatura e humidade) queden fóra do rango das condicións de medida do equipo utilizado. Para velocidades do vento superiores a 3 m/s desestirase

da medición. Para velocidades inferiores poderase efectua-la medición sempre que se utilice o equipo de medida coa súa correspondente pantalla contra o vento.

Cando a fonte de ruído considerada se atope arredada da estación de medida, o nivel de recepción externo (N.R.E.) dependerá significativamente das condicións climáticas polo que no informe da medición reflectiranse as condicións existentes durante a mesma. Se é posible obterase un valor típico e unha indicación sobre a marxe de variación.

3. Posta en estación do equipo de medida.- En xeral, o equipo instalarase a 1,20 metros do chan e a 3,5 metros como mínimo das paredes, edificios ou calquera outra superficie reflectante e co micrófono orientado cara a fonte sonora.

Cando as circunstancias o requiran poderán modificarse estas características especificándoo no informe de medición. En todo caso realizarase un esbozo acoutado coa localización do sonómetro.

4. Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto de seguido:

Ruído continuo-uniforme ..... Rápido (FAST)
Ruído continuo-variable ..... Lento (SLOW)
Ruído continuo-fluctuante ..... Estatístico
Ruído esporádico ..... Lento (SLOW)

5. Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído aténdose ó establecido nos puntos que se detallan nos seguintes parágrafos.

5.1. Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse 3 rexistros na estación de medida seleccionada, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL.) rexistrado.

O nivel de recepción externo (N.R.E.) da fonte sonora resultará da media aritmética dos tres rexistros realizados.

5.2. Ruído continuo-variable.- De forma análoga á descrita no punto anterior.

5.3. Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro na estación de medida seleccionada, cunha duración que

dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa abondo representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de recepción externo (N.R.E.) da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

5.4. Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo aparello de medida.

O nivel de recepción externo (N.R.E.) da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

APARTADO VI.- Corrección por ruído de fondo.

1. Se durante a medición de calquera dos niveis de ruído ós que se refiren os apartados I ó V deste Anexo obsérvase a existencia de ruído alleo á fonte sonora obxecto da medición e estímase que dito

ruído puidese afectar ó resultado da mesma, procederase a efectuar unha corrección por ruído de fondo tal e como se indica nos puntos que se desenvolven de seguido:

2. Localizarase a orixe do ruído alleo á fonte sonora obxecto de medición e anularase mentres dure a mesma.

3. Se non é posible dita anulación realizarase unha corrección no nivel total medido (N.I.) de acordo coas instruccións dadas de seguido.

3.1. Medirase o nivel acústico do conxunto formado pola fonte sonora máis o ruído de fondo. Dito valor designarase N1.

3.2. Pararase a fonte sonora e medirase (nas mesmas condicións) o nivel producido polo ruído de fondo. O seu valor designarase N2.

3.3. Establecerase a diferencia (m) entre os niveis medidos: m = N1-N2.

3.4. En función do valor m obterase a corrección (C) que deberá aplicarse ó nivel N1. O valor de dita corrección figura no cadro seguinte:

CORRECCION POR RUIDO DE FONDO

VALOR DA DIFERENCIA DE NIVEL (m)

	0/3,5	3,5/4,5	4,5/6	6/8	8/10	MAIS DE 10
(C)	—	2,5	1,5	1	0,5	0

3.5. En caso de que o valor (m) se atope entre 0 e 3,5 desestimarase a medición, realizándose a mesma noutro momento no que o ruído de fondo sexa menor.

3.6. Nos casos nos que o valor (m) sexa superior a 3,5 determinarase o valor da corrección correspondente (C) e restarase do valor N1, e obterase así o valor final representativo do nivel sonora da fonte obxecto da medición (N); é dicir: N = N1-C.

APARTADO VI.- Corrección por tons audibles.

1. Se durante a medición de calquera dos niveis de ruído a que se refiren os apartados 1 ó 5 deste Anexo obsérvase a existencia de tons audibles aplicarase a penalización correspondente en función da pureza de ditos tons.

2. A determinación da existencia de tons audibles realizarase conforme ó procedemento que se desenvolve nos puntos seguintes.

2.1. Medición do espectro do ruído en bandas de tercio de oitava entre as frecuencias comprendidas entre 20 e 8.000 Hz.

2.2. Determinación daquela/s banda/s na/nas que a presión acústica sexa superior á presión existente nas súas bandas laterais.

2.3.Determinación das diferencias existentes entre a presión acústica da banda considerada e a das bandas laterais, para calcular posteriormente a media aritmética de ditas diferencias (Dm). Considerarase aquela banda en que o valor da penalización correspondente sexa máxima.

3. Determinación da penalización aplicable.- A penalización aplicable pola existencia de tons audibles será a que se reflecte no cadro seguinte.

CORRECCION POR TONS AUDIBLES

Zona considerada do Espectro	Dm. igual ou maior a 5 dB	Dm. igual ou maior a 8 dB	Dm. igual ou maior a 15 dB
20 a 125 Hz	1 dB (A)	3 dB (A)	5 dB (A)
160 a 400 Hz	3 dB (A)	5 dB (A)	5 dB (A)
500 a 8.000 Hz	5 dB (A)	5 dB (A)	5 dB (A)

APARTADO VIII.- Corrección por Porcentaxe de Ruído.

Na medición de calquera dos niveis de ruído a que se refiren os apartados I ó V deste Anexo, aplicarase a correspondente penalización-despenalización, cando a duración do citado ruído, respecto a un tempo de observación abondo significativo, se atope por exceso ou por defecto en situacións extremas.

A estes efectos considérase un tempo de observación de 14 horas se o ruído é diurno e de 10 horas se o ruído é nocturno.

Os valores destes coeficientes de corrección fíxanse na táboa seguinte:

CORRECCION POR PORCENTAXE DE RUIDO

DURACION DO RUIDO %

PENALIZACION	0/5	5/10	10/90	90/95	95/100
DESPENALIZACION	5 dB(A)	3 dB(A)		3 dB(A)	5 dB(A)

VIII.- ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCION CONTRA RADIACIONS IONIZANTES, TRANSPORTE E ALMACENAMENTO DE MATERIAL RADIACTIVO.

CAPITULO I.- CONDICIONS XERAIS

ARTIGO 1:

A presente ordenanza ten por obxecto a protección da cidadanía en xeral, no termo municipal de Vigo, con respecto ás radiacións ionizantes de calquera orixe, polo que se refire á licencia municipal das instalacións e actividades clasificadas como perigosas, insalubres e nocivas por radiactividade, e ó control dos aparellos e fontes que produzan tales radiacións.

ARTIGO 2:

Corresponde ó Concello de Vigo o control das actividades especificadas no artigo 1º da presente ordenanza, no exercicio das facultades autonómicas que a orde constitucional confire ós municipios e en virtude das competencias de policía urbana e xestión

que atribúe ós Concellos a Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana e disposicións que a desenvolvan, Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961 e demais lexislación concordante na materia.

Todo iso sen prexuízo e independentemente das atribucións que lle correspondan á Administración do Estado, de acordo co establecido na vixente lexislación específica.

ARTIGO 3:

As esixencias que se establezan para o exercicio das actividades a que se refire esta ordenanza serán controladas a través das correspondentes licencias ou autorizacións municipais, axustándose á normativa xeral e ó exercicio das facultades de comprobación e inspección recoñecidas pola lexislación vixente.

ARTIGO 4:

Prohíbese calquera campaña ou programa con exploracións radióloxicas, indiscriminadas ou periódicas, como as de fotoseriación e outras habituais na idade escolar, salvo que os

servicios sanitarios competentes o estimen oportuno e se aporten as garantías precisas.

CAPITULO II: CLASIFICACION, CONDICIONS DE USO E LIMITES.

ARTIGO 5:

As actividades perigosas, insalubres e nocivas por radiactividade clasifícanse en instalacións nucleares, radiactivas e actividades e instalacións nas que se orixinen radiacións ionizantes.

I. Instalacións nucleares.-

Clasifícanse nos seguintes tipos:

1.- Centrais nucleares: Calquera instalación fixa para a producción de enerxía mediante un reactor nuclear.

2.- Reactores nucleares: Calquera estructura que conteña combustibles dispostos de tal xeito que dentro dela poida ter lugar un proceso automantido de fisión nuclear, sen necesidade dunha fonte adicional de neutróns.

3.- Fábricas de producción e tratamento de substancias nucleares: Aquelas fábricas que utilicen combustibles nucleares para producir substancias nucleares e as fábricas nas que se proceda o tratamento destas suBstancias, incluídas as instalacións de rexeneración de combustibles nucleares irradiados.

4.- Instalacións de almacemamento de substancias nucleares: A excepción dos lugares en que ditas substancias se almacenen incidentalmente durante o seu transporte.

II. Instalacións radiactivas.-

Clasificaranse nos seguintes tipos:

1. Instalacións de calquera clase que conteñan unha fonte de radiación ionizante, entendendo por tal a capaz de producir directa ou indirectamente iones ó seu paso a través da materia.

2. Os aparellos productores de radiacións ionizantes.

3. As fábricas, locais, laboratorios e instalacións onde se produzan, manipulen ou almacenen materiais radiactivos, entendendo por tales aqueles que conteñan substancias que emitan radiacións ionizantes.

As citadas instalacións radiactivas clasifícanse, á súa vez, nas seguintes categorías:

1. Instalacións radiactivas de primeira categoria:

a).- As fábricas de producción de uranio, torio e os seus compostos.

b).- As fábricas de producción de elementos combustibles de uranio natural.

c).- Instalacións industriais de irradiación.

2. Instalacións radiactivas de segunda categoría:

a).- As instalacións onde se manipulen ou almacenen núclidos radiactivos a actividade total dos cales corresponda ós valores que para esta categoría se especifica no apéndice do Regulamento sobre Instalacións Nucleares e Radiactivas, aprobado por Decreto número 2.869 de 1972, de 21 de xullo.

b).- As instalacións que utilicen aparellos de raios X que poidan funcionar cunha tensión de pico superior a 200 Kv.

c).- Os aceleradores de partículas e as instalacións onde se utilicen fontes de neutróns.

3. Instalacións radiactivas de terceira categoría:

a).- As instalacións onde se manipulen ou almacenen núclidos radiactivos a actividade total dos cales corresponda ós valores que para esta categoría se especifica no citado apéndice do Regulamento sobre Instalacións Nucleares e Radiactivas.

b).- As instalacións que utilicen aparellos xeradores de raios X cunha tensión de pico inferior a 200 Kv. A categoría da instalación estableceráse de conformidade co disposto no apéndice do Regulamento sobre instalacións Nucleares e Radiactivas.

III. Actividades e instalacións nas que se orixinan radiacións ionizantes.-

Non terán a consideración de instalacións radiactivas, pero si de actividades nas que se orixinen radiacións ionizantes, as seguintes:

1. Os aparellos xeradores de radiacións que se utilicen con fins médicos.

2. As instalacións que produzan ou onde se manipulen ou almacenen materiais radiactivos tales como os núclidos ou isótopos dos elementos naturais ou artificiais que emitan radiacións ionizantes teñan unha actividade de valor inferior ó establecido no mentado Regulamento sobre Instalacións Nucleares e Radiactivas.

3. As instalacións que, aínda que conteñan materiais radiactivos con actividades superiores as fixadas no apartado anterior, reúnan as condicións seguintes:

a).-Que o material radiactivo estea protexido contra todo contacto ou fuxida.

b).-Que en todo punto accesible, e a 0,1 metros da superficie do aparello, a dose non sobrepase 0,1 m. rem por hora, ou ben que o fluxo de partículas Beta ou neutróns non sexa superior ó que produciría unha dose equivalente á distancia mencionada.

c).-Que estes aparellos sexan dun tipo homologado previamente polo Ministerio de Industria e Comercio.

4. Instalacións nas que se utilicen materiais radiactivos de concentración inferior a 0,002 μ c/g ou materiais radiactivos naturais sólidos de concentración inferior a 0,01 μ c/g.

5. Equipos nos que os electróns aceléranse a unha enerxía non superior a 5 KV.

ARTIGO 6:

Tendo en conta a potencial perigosidade das actividades perigosas, insalubres e nocivas por radiactividade, as condicións de uso deste tipo de actividades serán as seguintes:

1. Non se permitirá a localización de instalacións nucleares de calquera tipo e instalacións radiactivas de primeira categoría no termo municipal de Vigo, en consideración á distribución de poboación existente, as perspectivas de futura medra e en orde á protección da mesma.

Non obstante, os reactores utilizados con fins científicos e de investigación poderán ser autorizados, previa a adopción das medidas correctoras suficientes a xuízo do Concello, unha vez obtidas as preceptivas autorizacións de carácter estatal.

2. Poderán situarse as seguintes actividades perigosas, insalubres e nocivas por radiactividade:

a).- Instalacións radiactivas de segunda categoría.

b).- Instalacións radiactivas de terceira categoría.

c).- Aquelas instalacións que non teñan a consideración de instalacións radiactivas, pero si a de actividades nas que se orixinen radiacións ionizantes especificadas no epígrafe III do artígo anterior.

En todo caso, o número de persoas expostas ás radiacións ionizantes será o menor posible. O titular da actividade tomará as medidas necesarias para conquerir que as doses recibidas sexan tan pequenas como sexa razoablemente posible, e sempre inferiores ós límites que se establecen no artigo 9 desta ordenanza.

ARTIGO 7:

O Concello levará un libro rexistro no que deberán figurar todas as actividades perigosas, insalubres e nocivas por radiactividade, no que se fará constar a súa situación, características técnicas e administrativas, datas das licencias outorgadas, resultados das visitas de inspección, as medidas de seguridade adoptadas en réxime de funcionamento normal e, no caso de accidente, plans de emerxencia e actuacións a seguir no caso de sinistro, e demais casos que se estimen necesarios.

Calquera incidencia no funcionamento da actividade, modificacións posteriores, cambios de titularidade, etc., así como o cesamento da mesma, quedará constatado no libro rexistro.

Todo iso de conformidade co preceptuado na disposición adicional primeira do Regulamento de Actividades do 30 de novembro de 1961 e no artigo 16 da Instrucción complementaria do mesmo do 15 de marzo de 1963.

ARTIGO 8:

Con independencia das obrigas do titular de presentar asemade no Ministerio de Industria e Comercio, Consello de Seguridade Nuclear, como organismo competente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, e, no seu caso, noutros organismos competentes, os informes previstos no Regulamento sobre Instalacións Nucleares e Radiactivas, a persoa titular deberá aportar unha copia de ditos informes ó Concello de Vigo, ós efectos da oportuna licencia municipal.

ARTIGO 9:

A sinalización de zonas e os límites admisibles de doses, así como os límites de incorporación anual por inhabilitación e límites derivados de concentración de radionucleidos no aire inhalado para as persoas profesionalmente expostas, límites de incorporación anual por inhalación e inxestión para os membros do público e a mestura de radionucleidos, serán os establecidos no Regulamento sobre Protección Sanitaria contra Radiacións ionizantes, aprobado polo Real Decreto 2.519 de 1982, de 12 de agosto.

ARTIGO 10:

Non poderán ser adquiridos nin utilizados isótopos radiactivos, entendo por tales os elementos naturais ou artificiais que emitan radiacións ionizantes,

ou outras fontes radiactivas, incluídas as de teleterapia, por persoa física ou xurídica, entidade, institución ou organismo oficial que non estea expresamente autorizado polo organismo competente do Estado como usuario de isótopos e estea en posesión das correspondentes autorizacións e licencias municipais, así como debidamente inscrito no libro rexistro municipal.

ARTIGO 11:

O persoal que manipule os dispositivos de control dunha actividade perigosa insalubre e nociva por radiactividade, ou que dirixa ditas manipulacións, cando se trate de instalacións radiactivas, deberá ter a capacitación específica requerida e estar provisto da correspondente autorización.

No caso de se trataren de actividades nas que se orixinen radiacións ionizantes, pero que non teñen a consideración de instalacións radiactivas, o Concello poderá esixir a presentación da relación de persoal que manipula os dispositivos, así como as instruccións de funcionamento e control das instalacións, formación profesional do persoal, cursos de perfeccionamento realizados, experiencia, e igualmente sistemas de protección de dito persoal contra as doses de radiacións ionizantes e cantas aclaracións e informacións complementarias sexan consideradas oportunas.

CAPITULO III: APARELLOS E INSTALACIONS DE RAIOS X

ARTIGO 12:

Os aparellos de raios X, tanto para uso médico como para calquera outro fin, debidamente homologados, instalaranse de acordo cos seguintes requisitos:

Nas partes da instalación a tensión ata 440 voltios será accionado por un interruptor exclusivo para el, de corte omnipolar simultáneo. O mando do interruptor estará situado nun lugar facilmente accesible e sinalizado, mesmo na escuridade. As posicións de pechado e aberto do interruptor estarán igualmente sinalizadas, tanto se se trata de interruptores de mando directo como de dispositivos de mando a distancia.

Cando a instalación comprenda varios aparellos alimentados co mesmo xerador de alta tensión, por intermedio de conmutador-seccionador, estará prevista unha sinalización que indique, automaticamente e antes de poñer baixo tensión a instalación, cal é o aparello que vai ser posto en servicio, tanto estean situados nun mesmo local ou en locais diferentes.

En todo caso cumprimentaranse os disposto na vixente Regulamentación Electrotécnica.

ARTIGO 13:

Os aparellos de raios X de ata 200 Kv valor de cresta estarán protexidos por propia construcción contra a accesibilidade das canalizacións de alta tensión. Para tensións superiores, estas canalizacións poderán estar constituídas por conductos espidos, pero a súa instalación efectuarase de acordo cas seguintes condicións:

1.- As canalizacións estarán a unha altura mínima do chan de 3 metros, se a tensión con relación a este é inferior a 200 Kv cresta, ou 3,5 metros para valores superiores. Será admisible a separación daquelas canalizacións dos sitios con acceso a persoas por medio de protección constituídas por paredes, muro, paneis, etc., como mínimo de 2 metros de altura.

A separación entre as citadas protección e as canalizacións, será, polo menos igual a 4 x U milímetros, sendo U o valor en Kv da tensión de cresta con relación a terra. Estas distancias respetaranse tamén respecto á persoa explorada.

2.- As protección fixaranse de xeito que non poidan manobrarse sen ferramentas. Se presentasen fiestras ou portas, non poderán ser abertas sen antes suprimir á alta tensión. Tomaranse, ademais, as medidas pertinentes para evitar falsas manobras e para a posta a terra das canalizacións unha vez postas fóra da tensión.

3.- Os conductores disporanse de xeito que se evite o risco de descarga disruptiva entre eles ou coas masas metálicas próximas.

4.- En todos os casos será obrigatoria a instalación no circuíto de alimentación do xerador dun interruptor automático que poida funcionar rapidamente no caso de posta a terra accidental dun punto calquera do circuíto de alta tensión, mesmo no caso de posta a terra a través do corpo humano.

5.- As masas metálicas accesibles dos aparellos poranse a terra e, cando se trate de aparellos móbiles, levarán un conductor incorporado ó cable de alimentación.

ARTIGO 14:

Nas instalacións eléctricas de alta tensión dos aparellos de

electrorradioloxía observaranse as seguintes condicións:

1. Poranse en comunicación con terra as partes metálicas de todos os aparellos de alta tensión que non poidan ter contactos cos circuítos eléctricos tales como núcleos, soportes, etc.

2. Os conductores de alta tensión deberán ser instalados en xeito tal que pola súa posición, ou por medio de

protección conveniente, non poidan ser tocados polas persoas alleas ó servicio dos aparellos.

3. A separación entre os distintos conductores será tal que o seu dieléctrico non poida determinar unha ruptura entre eles.

ARTIGO 15:

As instalación que utilicen aparellos xeradores de raios X deberán axustarse ás seguintes condicións:

a).-Para tensións de utilización ata 100 Kv.-

O recinto onde se instale o aparello de raios X deberá reunir as condicións adecuadas de protección radiolóxica á poboación exposta, de xeito que en ningún caso se superen os límites admisibles establecidos no artigo 9 da presente ordenanza.

b).-Para tensións de utilización entre 100 e 200 Kv.-

1. Tanto o chan como o teito e paredes, incluíndo portas da habitación ou local onde se atope situado o aparello de raios X, deberán ser protexidos con pranchas de chumbo de 2,5 milímetros de espesor, do mesmo xeito que se indica no apartado anterior. As fiestras estarán protexidas con cristais enchumbados.
2. Tamén o chan, teito e paredes, incluíndo portas das habitacións ou locais onde se realicen operación de revelado ou clasificación de placas radiógraficas, deberán ser protexidos con pranchas de chumbo de 2,5 milímetros de espesor, do mesmo xeito que se indica no apartado anterior. As fiestras estarán protexidas con cristais enchumbados.
3. O operador do equipo de raios X que manipule a instalación desde o pupitre de control deberá estar protexido mediante unha mampara, que albergará no seu interior unha prancha de chumbo de 2,5 milímetros de altura. O operador poderá observar por unha fiestra protexida con cristal enchumbado.

Nos supostos A) e B) e en todos os casos deberán aportar certificado acreditativo suscrito polo técnico competente de que se cumprimentan os límites establecidos no artigo 9 desta ordenanza.

c).-Para tensións de utilización por encima de 200 Kv.-

Nas instalacións que utilicen aparellos xeradores de raios X para tensións de utilización superiores a 200 Kv, e en cada caso particular, o Concello, previo informe dos Servicios Técnicos Municipais e, no seu caso, consulta o Consello de Seguridade Nuclear, poderá esixir as medidas correctoras que estime pertinentes.

ARTIGO 16:

Os locais onde se instalen os distintos aparellos de que constan as instalacións electrorradiolóxicas deberán estar suficientemente ventilados e libres de materias inflamables ou explosivas, cumprimentando en todo caso o esixido pola normativa municipal sobre prevención de incendios.

ARTIGO 17:

Cando unha instalación radiolóxica forme parte dun edificio destinado a asistencia sanitaria teranse en conta as seguintes normas de localización:

a).-A instalación debe situarse nun lugar relativamente pouco frecuentado do edificio, de xeito que sexa fácil controlar o acceso á zona en cuestión.

b).-O risco de incendio na zona elixida debe ser o mínimo.

c).-O lugar que ocupe a instalación e os medios de ventilación que se dispoñan serán tales que a posibilidade de que se propague a contaminación das superficies e do aire sexa mínima.

d).- A localización debe elixirse cun criterio prudente, de xeito que, con uns gastos mínimos de blindaxe, a intensidade das radiacións na proximidade inmediata da instalación poida manterse eficazmente dentro dos límites admisibles.

ARTIGO 18:

Nos casos de fontes productoras de radiacións ionizantes móbiles, como son a radiografía, gammagrafía industrial e outras, deberá comunicarse ó Concello a localización dos sucesivos lugares onde serán utilizadas dentro do termo municipal, así como os traslados en calquera tipo de transporte dentro deste.

ARTIGO 19:

As gammagrafías deberán realizarse con aparellos homologados e persoal debidamente autorizado, que disporá os medios de blindaxe adecuados para que a protección á poboación exposta se axuste ó establecido no artigo 9 da presente ordenanza.

A este fin procederase á sinalización das zonas de proteccion e vixilancia, de xeito que a poboación exposta sexa mínima.

ARTIGO 20:

As substancias radiactivas empregadas nos medidores de espesor, eliminadores de electricidade estática, detectores de incendios, pararraios radiactivos e aparellos similares deberán presentarse en forma de fontes pechadas que reúnan as condicións xerais relativas a esta clase de fontes.

Estes aparellos deberán estar marcados clara e permanentemente para advertir ó persoal da presencia de substancias radiactivas e evitar unha irradiación innecesaria.

ARTIGO 21:

As fontes de alta actividade, como é o caso das de cobalto-60, que escedan de 1 Ci o as de cesio-137 que escedan de 5 Ci, e que se utilicen con frecuencia, deben dispoñer de recipientes con dispositivos mecánicos, eléctricos ou neumáticos para retirar a fonte do recipiente ou para volver a introducila nel.

ARTIGO 22:

Se a radiación orixinada para calquera fonte sobrepasase, fóra da zona vixiada, os límites do artigo 9 desta ordenanza ou provocasa a contaminación do medio por encima dos niveis máximos permitidos, considerarase situación de emerxencía, poñendose en inmediato coñecemento do Ministerio de Industria e Comercio, Consello de Seguridade Nuclear, e se é o caso, organismos competentes en materia de protección civil e radiolóxica.

As fontes, inxenios, aparellos ou instalacións non poderán poñerse novamente en funcionamento ata que a autoridade competente comprobe que se subsanaron as deficiencias observadas e o Concello dispoña de información fidedignas desta circunstancia.

CAPITULO V: RESIDUOS RADIACTIVOS

ARTIGO 23:

As actividades que poidan dar lugar a refugallos ou residuos radiactivos de contía significativa deberán estar equipadas cos necesarios sistemas independentes de almacenamento, tratamento e evacuación.

O funcionamento destes sistemas será obxecto de revisións adecuadas para evitar escapes.

ARTIGO 24:

O almacenamento de refugallos ou residuos radiactivos deberá levarse a cabo confinándose en recipientes as características dos cales proporcionen unha protección suficiente contra as radiacións ionizantes, tendo en conta as condicións do lugar de almacenamento e a posible dispersión ou fuxida do material radiactivo.

ARTIGO 25:

Os residuos radiactivos clasifícanse en sólidos, líquidos e gaseosos.

Consonte esta clasificación proposta polo Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA) establécense as seguintes categorías:

Categoría	Residuos líquidos Actividade: Ci/m3	Residuos gaseosos Actividade: Ci/m3	Residuos sólidos Doses superf: R/h
1	<10-6	<10-10	<0,2 Emisores
2	10-6 a 10-3	10-10 a 10-6	0,2 - 2 Beta-Gamma
3	10-3 a 10-1	>10-6	>2
4	10-1 a 104		Emisores Alfa Actividade: Ci/m3
5	>104		

ARTIGO 26:

Os resultados líquidos de categoría 1, normalmente non requerirán tratamentos e descargaranse directamente mediante dilución controlada. Os de categoría 2 necesitarán tratamento, non sendo xeralmente necesario utilizar equipo provisto de blindaxe, mentres que os de categoría 3 poderán necesitar blindaxe segundo os tipos de tratamento.

Os residuos líquidos de categoría 4 requerirán tratamento e sempre será necesario unha blindaxe radiobiolóxica do equipo. Os de categoría 5 almacenaranse en forma líquida e será necesaria refrixeración.

ARTIGO 27:

Os residuos gaseosos de categoría 1, normalmente non serán sometidos a tratamento e descargaranse directamente á atmósfera. Os de categoría 2, a radiactividade dos cales se debe fundalmentalmente ás particulas en suspensión, trataranse xeralmente mediante filtración. Os de categoría 3, a radiactividade dos cales se debe principalmente a gases, trataranse por outros métodos, ademais da filtración.

ARTIGO 28:

Os residuos sólidos de categoría 1, xeralmente poderán ser manexados e transportados sen precaucións, mentres que os de categoría 2 poderán ser manexados e transportados en contedores blindados radiobioloxicamente. Para os de categoría 3 deberán adoptarse, ademais, precaucións especiais.

ARTIGO 29:

En todo caso, os tratamentos a que deberán ser sometidos os residuos e refugallos radiactivos, o sistema de recollida, transferencias e transporte, así como a súa posterior eliminación ou almacenamento, realizarase de conformidade cos informes e criterios do Consello de Seguridade Nuclear e de acordo co que estableza a Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S.A., tal como dispón o Real Decreto 1.522 de 1984, de 4 de xullo. Requerirá así mesmo a previa autorización do Concello. Verbo do transporte desta clase de materiais, estarase ó disposto nos artigos 33 e 34 desta ordenanza.

ARTIGO 30:

Os límites para a emisión de efluentes de residuos radiactivos ó medio ambiente deberán ser tales

que as concentracións de actividade de radionucleidos neles contidos e as doses susceptibles de ser recibidas pola poboación á que potencialmente poida afectar sexan as máis baixas posibles, tendo en conta factores sociais e económicos. Ditos niveis será sempre inferiores ós límites especificados no artígo 10 da presente ordenanza.

ARTIGO 31:

Unha vez obtidas as preceptivas autorizacións municipais non poderá comezar a exercerse a actividade ata tanto non se xire a oportuna visita de comprobación polos Servicios Técnicos Muncipais, e cando se considere conveniente irán acompañados de persoal especializado de laboratorios oficiais ou empresas homológadas.

Os efectos previstos nos artigos 34 e seguintes do Regulamento de Actividades, a persoa titular dunha actividade perigosa, insalubre e nociva por radiactividade estará obrigada, entre outras, ó seguinte:

1. Facilitar o acceso do persoal técnico municipal ás partes da instalación que consideren necesarias para o cumprimento do seu labor.

2. Facilitar a colocación do equipo e instrumentación que se requira para realizar as probas e comprobacións necesarias.

3. Poñer a disposición do persoal técnico municipal a información, documentación, equipos e elementos que sexan precisos para o cumprimento da súa misión.

4. Permitir ó persoal técnico municipal as tomas de mostras suficientes para realizar as análises e comprobacións pertinentes. A petición do titular da actividade deberá deixarse en poder do mesmo unha mostra testemuño, debidamente precintada e marcada.

ARTIGO 32:

Do resultado das inspeccións e comprobacións darase conta, mediante informe técnico, á Alcaldía para o seu coñecemento e efectos oportunos. Se o resultado das comprobacións e visitas de inspección á unha actividade perigosa, insalubre e nociva por radiactividade desprendésese un incorrecto funcionamento das instalacións, modificacións ou deficiencias nas mesmas, etc., darase conta inmediata ó Ministerio de Industria e Comercio, ó Consello de Seguridade Nuclear e, no seu caso, outros organismos competentes, ó obxecto de que adopten as medidas precautorias que consideren pertinentes, con fin de garantir a seguridade para as persoas e bens de calquera natureza. Todo iso con independencia das medidas que poida adoptar o Concello, de conformidade co establecido no artigo 2º da presente ordenanza.

ARTIGO 33:

O transporte de material radiactivo a través do termo municipal de Vigo farase de acordo coa normativa prevista para esta clase de transporte nas leis estatais e tratados e acordos internacionais ratificados polo Estado español, en particular cos Regulamentos Nacionais para Transportes de Mercancias Perigosas por Estrada, Ferrocarril ou Avión e seguindo as recomendacións do Regulamento para o Transporte sen Risco de Materiais Radiactivos do O.I.E.A.

No caso de transporte de especial perigosidade e en orde a minimizar os riscos, será necesario empregar unha roita adecuada e previamente planificada, que deberá ser establecida coa aprobación do Concello, podendo este dispoñer algunha forma de vixilancia ou protección especial se así o estimase oportuno ou fose requerido para isto polos organismos competentes.

ARTIGO 34:

Queda prohibida a detención de calquera vehículo de transporte por estrada adicado ó transporte de material radiactivo, tanto se se atopa baleiro como cargado, en calquera vía pública deste termo municipal.

Exceptúase o estacionamento previamente autorizado en zonas que serán especialmente sinalizadas durante a operación de carga e descarga e únicamente durante o tempo mínimo necesario para realizar esas operacións.

O que se fai público para xeral coñecemento, segundo o artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vigo, 20 de setembro de 1994.—O Alcalde, Carlos A. González Príncipe. 12146

* * *

VILAGARCIA DE AROUSA

EDITO

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de Villa Ocio, S. L. para a instalación de Salón Recreativo para máquinas Tipo A, a emprazar en Avda. Dr. Tourón número 36-Baixo.

Vilagarcía, 29 de setembro de 1994.—O Alcalde-Presidente, Xoaquín Xavier Gago López. 12247

* * *

MARIN

EDITO

Sométese a información pública, durante o prazo de dez días, o expediente tramitado a instancia de José Manuel Villa Vidal, para a execución de obras a emprazar en Augusto Miranda Esq. Rúa Echegaray, con destino a Bodegón Restaurante.

Marín, a 28 de setembro de 1994.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Santiago Fernández. 12246